1159	CEMITERIO	Cemiterio	MALPICA	ROCHA (SAN COSMEDE)	Sí
1231	CEMITERIO	Cemiterio	CAMOIRAS (AS)	VILALVITE (SAN PEDRO)	Sí
1115	CEMITERIO	Cemiterio	SAN MARTIÑO	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	Sí
1103	CEMITERIO	Cemiterio	BRA	BRA (SAN MARTIÑO)	Sí
1149	CEMITERIO	Cemiterio			Sí
1240	CEMITERIO	Cemiterio	LAXES (AS)	VILAFIZ (SANTA MARÍA)	Sí
1164	CEMITERIO	Cemiterio	SEIXÓN DE ABAIXO	SEIXÓN (SAN PAIO)	Sí
1239	CEMITERIO	Cemiterio	EIREXE (A)	SILVELA (SANTA MARÍA)	Sí
1167	CEMITERIO	Cemiterio	SEOANE	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	Sí
1168	CEMITERIO	Cemiterio	SERÉN	SERÉN (SANTA CRUZ)	Sí
1161	CEMITERIO	Cemiterio	PAZO (O)	ROIMIL (SAN XIAO)	Sí
1205	DEPORTIVO	Campo de fútbol	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1140	EDUCATIVO	Antiga escola	CABANA (A)	NODAR (SAN MAMEDE)	Sí
1202	EDUCATIVO	Escola obradoiro	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1116	EDUCATIVO	Antiga escola	COTÁ	COTÁ (SAN MARTIÑO)	Sí
1175	EDUCATIVO	Antiga escola	CARBALLOSA (A)	VILALVITE (SAN PEDRO)	Sí
1138	EDUCATIVO	Antiga escola	PORREIRA (A)	NARLA (SAN PEDRO)	Sí
1250	EDUCATIVO	Colexio	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013

NUMERO	NOME CATEGORÍA	NOMBRE	NUCLEO	PARROQUIA	EXISTENTE
1110	EDUCATIVO	Antiga escola	TAÍN	CARLÍN (SANTA MARÍA)	Sí
1147	OCIO	Palco	CAMPO (O)	OUSÁ (SAN XIAO)	Sí
1139	OCIO	Palco	PORREIRA (A)	NARLA (SAN PEDRO)	Sí
1176	OCIO	Palco	SANTA MARTA	VILALVITE (SAN PEDRO)	Sí
1125	OCIO	Palco	LAMAS	LAMAS (SANTA MARÍA)	Sí
1145	OCIO	Palco	SAMEDE	NODAR (SAN MAMEDE)	Sí
1121	OCIO	Palco	GULDRIZ DE ABAIXO	GULDRIZ (SANTIAGO)	Sí
1203	OCIO	Club fluvial	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1148	OCIO	Palco	VILAR (O)	OUSÁ (SAN XIAO)	Sí
1154	OCIO	Palco	CASBARREIRO	RAMELLE (SANTA MARÍA)	Sí
1104	OCIO	Palco	CARBALLOSA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
1152	OCIO	Palco	EMPALME (O)	PRADO (SAN MARTIÑO)	Sí
1157	OCIO	Palco	CARREGAL (O)	ROCHA (SAN COSMEDE)	Sí
1118	OCIO	Palco	SISTO	SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	Sí
1245	OCIO	Palco		VILAFIZ (SANTA MARÍA)	Sí
703	RELIXIOSO	Igrexa	SEOANE	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	Sí
723	RELIXIOSO	Igrexa	MALPICA	ROCHA (SAN COSMEDE)	Sí
724	RELIXIOSO	Igrexa	PIÑEIRO	ROIMIL (SAN XIAO)	Sí
702	RELIXIOSO	Igrexa	SAN CIBRAO	SAN CIBRAO DA PREGACIÓN (SAN CIBRAO)	Sí
725	RELIXIOSO	Igrexa	SEIXÓN DE ARRIBA	SEIXÓN (SAN PAIO)	Sí
727	RELIXIOSO	Igrexa	EIREXE (A)	SILVELA (SANTA MARÍA)	Sí
730	RELIXIOSO	Igrexa	CAMOIRAS (AS)	VILALVITE (SAN PEDRO)	Sí
726	RELIXIOSO	IGREXA	SERÉN	SERÉN (SANTA CRUZ)	Sí

NUMERO	NOME CATEGORÍA	NOMBRE	NUCLEO	PARROQUIA	EXISTENTE
762	RELIXIOSO	Capela	SANTA MARTA	VILALVITE (SAN PEDRO)	Sí
722	RELIXIOSO	Igrexa	RAMELLE	RAMELLE (SANTA MARÍA)	Sí
720	RELIXIOSO	Igrexa	PACIO (O)	PACIO (O) (SANTA MARÍA)	Sí
728	RELIXIOSO	Igrexa	CALLE (A)	TRASMONTE (SANTIAGO)	Sí
731	RELIXIOSO	Igrexa	EIREXE (A)	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
710	RELIXIOSO	Igrexa	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
755	RELIXIOSO	Capela	DEVESA (A)	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	Sí
770	RELIXIOSO	Capela	SANTA EUFEMIA	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	Sí
707	RELIXIOSO	Igrexa	SAN MARTIÑO	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	Sí
705	RELIXIOSO	Igrexa	CARBALLOSA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
701	RELIXIOSO	Igrexa	ANXERIZ	ANXERIZ (SANTA MARÍA)	Sí
709	RELIXIOSO	Igrexa		SANTALLA DE DEVESA (SANTALLA)	Sí
764	RELIXIOSO	Capela	CAMPO DA FEIRA (O)	GUIMAREI (SANTA MARÍA)	Sí
711	RELIXIOSO	Igrexa	CAMPO DA FEIRA (O)	GUIMAREI (SANTA MARÍA)	Sí
713	RELIXIOSO	Igrexa	LAMAS	LAMAS (SANTA MARÍA)	Sí
700	RELIXIOSO	Igrexa	RÍO (O)	ANAFREITA (SAN PEDRO)	Sí
714	RELIXIOSO	Igrexa	CURRAL DE ARRIBA (O)	LEA (SAN XURXO)	Sí
718	RELIXIOSO	Igrexa	SAMEDE	NODAR (SAN MAMEDE)	Sí
721	RELIXIOSO	Igrexa	PRADO DE ARRIBA (O)	PRADO (SAN MARTIÑO)	Sí

NUMERO	NOME CATEGORÍA	NOMBRE	NUCLEO	PARROQUIA	EXISTENTE
759	RELIXIOSO	Capela	CIMA DE VILA	NARLA (SAN PEDRO)	Sí
708	RELIXIOSO	Igrexa	COTÁ	COTÁ (SAN MARTIÑO)	Sí
717	RELIXIOSO	Igrexa	EIREXE (A)	NARLA (SAN PEDRO)	Sí
716	RELIXIOSO	Igrexa	LAXES (AS)	MIRAZ (SANTIAGO)	Sí
712	RELIXIOSO	Igrexa		GULDRIZ (SANTIAGO)	Sí
763	RELIXIOSO	Capela	SANTO ESTEVO	NODAR (SAN MAMEDE)	Sí
1191	SANITARIO	Centro de saúde	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1135	SERVIZOS PÚBLICOS	Albergue	LAXES (AS)	MIRAZ (SANTIAGO)	Sí
1114	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	RACAMONDE	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	Sí
1183	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	RÉTEDE	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
1105	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	FROXELLE	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
1130	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	PRADEDADA	LEA (SAN XURXO)	Sí
1141	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	CABANA (A)	NODAR (SAN MAMEDE)	Sí
1150	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	BURGO DE NEGRAL (O)	PACIO (O) (SANTA MARÍA)	Sí
980	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte	CARBALLOSA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
1188	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	LAXE (A)	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
1200	SERVIZOS PÚBLICOS	Casa Cuartel da Garda Civil	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí

NUMERO	NOME CATEGORÍA	NOMBRE	NUCLEO	PARROQUIA	EXISTENTE
1181	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	LOUSADO (O)	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
1236	SERVIZOS PÚBLICOS	Centro Social	MOZÓN (O)	OUSÁ (SAN XIAO)	Sí
1204	SERVIZOS PÚBLICOS	DOT-2	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	No
1208	SERVIZOS PÚBLICOS	Mercado gandeiro	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1187	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte	CURRAL DOS MATEOS (O)	ANAFREITA (SAN PEDRO)	Sí
979	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte e Pozo	FERREIRA	ANXERIZ (SANTA MARÍA)	Sí
1193	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
994	SERVIZOS PÚBLICOS	Antiga escola	LAXES (AS)	MIRAZ (SANTIAGO)	Sí
996	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte-Lavadoiro	LAXES (AS)	MIRAZ (SANTIAGO)	Sí
1141	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	CABANA (A)	NODAR (SAN MAMEDE)	Sí
1160	SERVIZOS PÚBLICOS	Centro sociocultural	CAMPO DA FEIRA (O)	ROIMIL (SAN XIAO)	Sí
1000	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte	SANTA MARTA	VILALVITE (SAN PEDRO)	Sí
990	SERVIZOS PÚBLICOS	Antiga escola	CAMPO DA FEIRA (O)	GUIMAREI (SANTA MARÍA)	Sí
978	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	CURRAL DOS PAOS (O)	ANAFREITA (SAN PEDRO)	Sí
1178	SERVIZOS	Lavadoiro	FOLGAR (O)	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013

NUMERO	NOME CATEGORÍA	NOMBRE	NUCLEO	PARROQUIA	EXISTENTE
	PÚBLICOS				
1166	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte	MUNDÍN	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	Sí
1174	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte	GONCE	VILAFIZ (SANTA MARÍA)	Sí
1165	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	MUNDÍN	SEOANE DA PREGACIÓN (SAN XOÁN)	Sí
1177	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	ABELED0	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
1169	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	PEDRAMAIOR	SILVELA (SANTA MARÍA)	Sí
1179	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	FREIXIDO (O)	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
1248	SERVIZOS PÚBLICOS	DOT-1	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1182	SERVIZOS PÚBLICOS	Lavadoiro	POZAS (AS)	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
1008	SERVIZOS PÚBLICOS	Fonte	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1158	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	CARREGAL (O)	ROCHA (SAN COSMEDE)	Sí
1155	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	CASBARREIRO	RAMELLE (SANTA MARÍA)	Sí
1160	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	CAMPO DA FEIRA (O)		Sí
1106	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	LAXE (A)	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
1107	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	PEREIRA (A)	CARBALLO (SAN XIAO)	Sí
1163	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	seixon DE ABAIXO	SEIXÓN (SAN PAIO)	Sí
1100	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	ANXERIZ	ANXERIZ (SANTA MARÍA)	Sí
1019	SOCIOCULTURAL	escola antiga	LAXES (AS)	VILAFIZ (SANTA MARÍA)	Sí

NUMERO	NOME CATEGORÍA	NOMBRE	NUCLEO	PARROQUIA	EXISTENTE
1113	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	QUINTIÁ	SAN MARTIÑO DE CONDES (SAN MARTIÑO)	Sí
1124	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	LAMAS	LAMAS (SANTA MARÍA)	Sí
1172	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	CALLE (A)	TRASMONTE (SANTIAGO)	Sí
1185	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	XIÁ	XIÁ (SANTA MARÍA)	Sí
1201	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	FRIOL	FRIOL (SAN XIAO)	Sí
1122	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	GULDRIZ DE ABAIXO	GULDRIZ (SANTIAGO)	Sí
1153	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	EMPALME (O)	PRADO (SAN MARTIÑO)	Sí
1128	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	OUTEIRO (O)	LEA (SAN XURXO)	Sí
1170	SOCIOCULTURAL	Centro sociocultural	PEDRAMAIOR	SILVELA (SANTA MARÍA)	Sí


6. CLASIFICACIÓN DO SOLO

6.1 CLASES DE SOLO

Na seguinte táboa resúmese a superficie das distintas clase de solo, así coma a súa porcentaxe.

SOLO	SOLO	SUPERFICIE	PORCENTAJE
Urbano	urbano	719,152.00	0.70%
Urbanizable	urbanizable	136,975.00	0.33%
Nucleo rural	nucelo rural	6,200,478.00	1.27%
Rústico	rustico	287,943,395.00	97.69%

Na seguinte ilustración vemos gráficamente a superficie de cada unha das clase de solo no concello.




6.2 CATEGORIAS DE SOLO

Na seguinte táboa resúmese a superficie das distintas categorías de solo, así coma a súa porcentaxe.

CLASE DE SOLO	CUALIFICACIÓN		SUPERFICIE (M2)	PORCENTAXE
Solo Urbano	Urbano	SU	719,152.00	0.24%
	Urbano non consolidado	SUNC	0	0.00%
Solo de Núcleo rural	Histórico Tradicional	SNHT	3,729,056.00	1.26%
	Común	SNC	2,453,002.00	0.83%
Solo Urbanizable	Urbanizable	SURB	136,975.00	0.05%
Solo Rústico de especial protección	Agropecuario	SRPAG	123,397,617.48	41.83%
	Forestal	SRPF	146,107,501.75	49.53%
	Aguas	SRPA	10,810,707.63	3.66%
	Espacio natural	SRPEN	6,093,909.00	2.07%
	Patrimonio	SRPPT	40,429.30	0.01%
	Infraestructuras	SRPI	1,511,649.84	0.51%

Na seguinte ilustración vemos gráficamente a superficie de cada unha das categorías de solo no concello.



7. SOLO URBANO

7.1 DETERMINACIÓNS DO PXOM NO SOLO URBANO

O presente plan xeral de ordenación municipal contén as seguintes determinacións en solo urbano consolidado segundo o disposto no artigo 54 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluíndo as seguintes determinacións:


- a. Delimitación do seu perímetro.
- b. Cualificación dos terreos, entendida como a asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e condicións de edificación correspondentes a cada zona.
- c. Delimitación dos espazos libres e zonas verdes destinados a parques e xardíns públicos, zonas deportivas, de recreo e expansión, indicando o seu carácter público ou privado.
- d. Espazos reservados para dotacións, equipamentos e demais servizos de interese social, sinalando o seu carácter público ou privado e as condicións de edificación garantindo a súa integración no contorno no que se deban situar.
- e. Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como as características estéticas da edificación e do seu contorno.
- f. Trazado e características da rede viaria pública, con sinalización de aliñacións e rasantes.
- g. Previsión de aparcadoiros de titularidade pública, que poderán localizarse incluso no subsolo dos sistemas viarios e de espazos libres, sempre que non interfiran no uso normal destes sistemas nin supoñan a eliminación ou o traslado de elementos físicos ou vexetais de interese.
- h. Características e trazado das redes de abastecemento de auga, redes de sumidoiros, enerxía eléctrica e daqueles outros servizos que, se é o caso, prevexa o plan.
- i. Se é o caso, establecemento de prazos para a edificación.

7.2 MEMORIA XUSTIFICATIVA DO DESEÑO URBAN.

7.2.1 Descrición do solo urbano de Friol.

Para entender o deseño proposto, a partir do diagnóstico previamente elaborado, han de considerarse varios ámbitos. Friol atópase dividido fundamentalmente en dúas áreas, cada unha delas localizada a unha beira do río, O Narla como eixe en sí, ademais das características topográficas asociadas ós sistemas fluviais, separa o solo urbano.

O campo da Feira (Actual praza do Campo da Feira), é a referencia do centro urbano de Friol. A importancia comercial en tempos de Friol, deu como consecuencia o desenvolvemento urbano na época moderna da cidade, nun ámbito que como se verá mais adiante goza dunhas excelentes características arquitectónicas.



A configuración das estradas desenvolveron posteriormente a configuración lineal da cidade, a través das estradas que fan funcionar a friol como punto de intersección.

7.2.1.1 Periferia. Estradas LU-932, LU-232 e LU-231.

Estrada de Lugo: LU-932 e 232, que conforman a entrada de Friol e da acceso á Praza do Campo da feira. Edificaci3ns mais modernas conforme nos alonxamos do centro urbano, entre as que aparecen edificaci3ns tradicionais, vinculadas á estrada



Unha vez chegados á intesección da estrada de Palas de Rei, na zona dos colexios e cara a Casa do Concello, a conformación das vivendas adosadas é máis compacta, desaparecendo totalmente o concepto de vivenda illada.



Aínda que aparcan de forma excepcional, volumes e casas, cas suas construcións adxetivas, rehabilitadas:



Conforme acercamonos á ponte do Narla, repítense as vivendas unifamiliares adosadas:



Estrada de Palas (LU-231), que comunica co Barrio do campo da Torre, o que conta cun excepcional valor arquitectónico. Existen unha gran cantidade de edificacións catalogadas, as cales responden a unhas tipoloxías de pazos e torres, cuns importantes volumes, elementos arquitectónicos singulares, configurados nun amplo espazo aberto



Cara a saída do solo urbano, aparecen edificación de nova construción, ou rehabilitadas, cunhas características propias do medio rural, conferidas pola súa situación de borde



Zona de Colexio-Casa do Concello

Memoria xustificativa


Aprobación inicial - Marzo 2013

Unha zona cercana ó Barrio da Torre, conformase o redor da zona dotacional mais ampla do solo urbano, que o constitúe o complexo dos colexios e da casa do Concello. E unha zona de contacto entre a zona de travesía e as zonas mais tradicionais pertencente a dito barrio e o núcleo orixinario conformado o redor da igrexa parroquial.

Polo tanto a súa conformación é variada, podendonos atopar formas tradicionais (Rúa Mestre Carballal Palmeiro) , como vivendas adosadas tipo travesía (Concello), e vivendas colectivas construídas na pasada década (zona de contacto ca LU-932).



Concello



Rúa Mestre Carballal Palmeiro

Zona Igrexa

A zona da Igrexa, ten un carácter moi tradicional e rural, conserva ademais das formas arquitectónicas, o parcelario e peches de chantos, por exemplo. Estas tipoloxías estanse a adalterar debido a aparición de rehabilitación, adicións de volume, etc...





Estrada a Sobrado (LU-932), a carón do río Narla, ocupa un dos espazos de maior calidade, a estrutura, inicialmente de tipo travesía, a denominda Avenida de Santiago, conta con edificacións adosadas de dúas prantas polo xeral, aínda que existe algún volume de tres plantas. A tipoloxía moi recente, conta con certa armonía na composición de ocós, aparecendo algúnha edificación con galerías modernas e balcóns. Polo xeral tratase de formas moi sinxelas en particular, pero que conforman un conxunto mais ou menos armonioso.





O desnivel existente entre a rasante da rúa e o río, na súa fachada posterior, xenera certo desorden no que inicialmente describíanse como as traseiras das edificacións, que deberaçna de ter tratamento de fachada, accesible peonilmente desde o espazo libre do río Narla.



A partir da intersección ca rúa que baixa transeversalmente desde a esquerda, as edificacións que pouco a pouco vanse dispersando, ata estruturas mais laxas e modernas, aínda que volven a aparecer volumes adosados, incluso colectivas de tres prantas mais modernas, de cara a saída do núcleo, polo que a presenza de medianeiras faise mais notoria nestes ámbitos.

Dita dispersión ven condicionada tamén polo río, que cara a saída toma posicións mais cercanas á estrada, polo que a topografía fai difícil a posición de edificacións, ocupando estas a marxe oposta.



A marxe do río Narla configura un espazo de gran valor:



7.2.1.2 Centro urbano

O campo da feira e Parque Andón Cebreiro

O campo da feira comprende as rúas Ramón y Cajal, Rosalía de Castro e Doutor Fleming. A tipoloxía é moderna, con vivendas adosadas, que polo xeral cadan dúas prantas e baixo cuberta.



Cara o Parque Andón Cebreiro, a tipoloxía atópase mellor conservada, con galerías, balcóns e unha composición vertical nas fachadas,



A Avenida A Coruña

Esta importante rúa, cunha forte influencia comercial, o igual que sucede co campo da Feira, desenvólvese o longo da estrada C-2101, tomando forma de ravesía no seu primeiro tramo, conformado por edificación de maior importancia arquitectónica, que pouco a pouco van dando paso a edificación de obra máis nova, que seguen guardandi a alineación inicial, adosándose unhas a outras. O incrementarse os espazos baleiros, e máis común a aparición de medianerías, como resultado tamén dea aparición de vivendas colectiva como resultado da adición de unha planta máis (tres pranta en total).



Na intersección ca rúa do Carballal, e antes de chegar ó núcleo rural de Casanova, Uceira-Lobezao, proseguen a existencia de vivendas colectivas, nun espazo menos edificado e comatado, onde xurden problemas de tipo urbanístico, como é o contacto entre a vivenda unifamiliar e a colectiva, ademais da aparición de medianerías.

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013



A rúa Carballal, na súa prologación da CP-1611, defínese como un espazos urbanizado o completo, pero case carente de edificacións, conformando un amplo espazo urbano baleiro, de amplas dimensións.



Rúas Santa Isabel e Diputación

Partindo desde o campo da feira, estas dúas rúas paralelas conforma parte de la trama urbana do núcleo de Friol. No caso da rúa Diputación, o seu orixe é dos anos 70, o longo do cal fixeronse a meirande parte das vivendas, colectivas e unifamiliares, de dúas e tres prantas. No caso da rúa Santalsabel, o seu carácter mais

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013

tradicional, fixo prevalecer a vivenda unifamiliar, adoitando no caso do final da rúa, formas exentas de edificación.



Rúa Diputación



Rúa Santa Isabel

7.2.2 A caracterización da ordenación volumétrica existente

O número de plantas é como norma xeral de dous a tres plantas. Tan só existen edificacións puntuais que superan este número de alturas, polo que non se cree convinte a aplicación de maior número de alturas ós solares baleiros.

A solución de tres alturas aplicarase no caso no que o rueiro así se caracterice, e principalmente como medida correctora no caso de aparición de medianerías.

Por este mesmo feito poderá ser posible nalgún caso a adición dunha planta.

No caso das edificacións adosadas, a aliñación mantense á actual, coherente co espazo urbanizado e pola súa característica regular.

Nos ámbitos ocupados por edificación unifamiliar, ampliarase dita aliñación, que tan só afecta ós peches, xeralmente non tradicionais, co obxecto de dotar de maior anchura ós viais.

7.2.3 Caracterización da ordenación proxectada do solo urbano de Friol.

Como resumo, podense decir que existen rúas e barrios tradicionais de especial interese que deben de ser conservados e coidados de calquera alteración, mediante a aplicación dunha ordenanza especial, que manteña as tipoloxías tradicionais.

Existen como resultado dun proceso edificador non rematado, multitude de medianerías, dada a conformación das edificacións adosadas.

É necesario a incorporación dun espazo libre aberto a carón da Igrexa Parroquial, que lle confira o valor especial deste elemento, e dadas as dificultadas topográficas que ten dito espazo, determinase como a principal solución.

Faise necesario o especial tratamento da fachada traseira ó río Narla, que trala actuación do acondicionamento do río, tratase dun espazo transitado e accesible.

7.3 CLASIFICACIÓN DO SOLO URBANO

7.3.1 Identificación, ámbito do solo urbano

Clasifícase solo urbano os seguintes asentamentos poboacionais grafitados e delimitados nos planos de ordenación e xestión urbanística.

O asentamento poboacional delimitado cumpre as condicións do artigo 11 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluíndo as seguintes determinacións os terreos que estean integrados na malla urbana existente cumprindo os seguintes requisitos:

- a. Contan con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

Para estes efectos, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as estradas e as vías da concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, agás cando estean integrados na malla urbana.

- b. Os terreos que aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no apartado anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, como mínimo nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral estableza.

Considéranse incluídos na malla urbana os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías de acceso e comunicacións e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do urdido urbanístico xa existente.

7.3.2 Delimitación do solo urbano

O presente plan considera a situación urbanística anteriormente existente, para conservala en parte e rectificala directamente a través das determinacións que lle son propias, segundo o artigo. 16 do Regulamento de Planeamento

7.3.3 Distritos do solo urbano

Atendendo ao artigo 49 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a totalidade do solo urbano dividirase polo plan xeral en distritos, atendendo a racionalidade e calidade da ordenación urbanística e a accesibilidade da poboación ás dotacións, utilizando preferentemente como límites os sistemas xerais e os elementos estruturantes da ordenación urbanística, e coincidindo na maior parte da súa extensión cos barrios, parroquias ou unidades territoriais con características homoxéneas, incluíndo a totalidade dos terreos correspondentes ás categorías de solo urbano consolidado.

No presente plan xeral de ordenación municipal se establecen os seguintes distritos en solo urbano, que se corresponde cos grafitados nos planos de ordenación do solo urbano.

Nome	Distrito	Superficie
FRIOL	DU-1	719.152m ²

7.3.4 Prazos da edificación

Os prazos para o cumprimento do deber de edifica-los soares e de rehabilitacións de edificacións ruinosas ou inadecuadas ou aquelas non podan ser substituídas ou demolidas, segundo a ordenación establecida no presente plan xeral de ordenación municipal segundo o artigo 189 da lei 9/2002 e en función da clasificación e cualificación do solo e das circunstancias específicas do Concello, carente dunha presión urbanística, e polo seu decrecemento demográfico, tendo ó carácter edificatorio en moitos caso de segundas residencias, serán ós seguintes

CATEGORÍAS DE SOLO	PRAZO	INICIO DO PRAZO
Solo urbano consolidado	20 anos	Comezará a contarse desde a aprobación definitiva do presente plan xeral de ordenación municipal.

O Concello poderá conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por petición dos interesados, por causas xustificadas e de forma motivada.

7.4 CATEGORÍAS DO SOLO URBANO

No solo urbano diferenciaranse as categorías de solo urbano consolidado e non consolidado segundo os criterios establecidos polo artigo 12 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

Como xa se indicou na diagnose sobre o desenrolo do planeamento, non se detectan ámbitos pertencentes á esta categoría de solo, segundo co artigo 12 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia ó dispoñer dos servizos urbanísticos, o viario o que a parcela da fronte teña pavimentada a calzada, polo que procede ó establecemento de aliñacións e rasantes polo plan xeral.

Aquelas superficies dentro do suelo consolidado que non teñen a condición de solar, pode obterse mediante a realización de obras ordinarias parciais que non precisan dunha actuación integral. Dentro de este solo fixaranse coma obxectivos a ordenación segundo as tipoloxías existentes.

Nome	CONSOLIDADO	NON CONSOLIDADO
FRIOL	719.152m2	0 m2

7.5 SOLO URBANO CONSOLIDADO

O presente plan xeral de ordenación municipal contén as determinacións en solo urbano consolidado dispostas no artigo 54 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

7.5.1 Zonificación e asignación de usos

1. ORDENANZA 1. Pechada.
 - a. ORDENANZA 1A. Pechada
 - b. ORDENANZA 1B. Pechada. Planta baixa.
 - c. ORDENANZA 1C. Pechada. Espazos libres
2. ORDENANZA 2. Unifamiliar.
3. ORDENANZA 3. Conservación.
4. ORDENANZA 4. Industrial-comercial.
5. ORDENANZA 5. Dotacional.
6. ORDENANZA 6. Espazos libres.

ORDENANZA 1. Pechada

O uso principal é o residencial, compatible con outros usos. A tipoloxía é a de bloque pechado aliñado coa rúa. Existen tres variantes zonais. Predomina a vivenda colectiva fronte a unifamiliar

Corresponde cunha intensidade edificatoria alta.

- a. ORDENANZA 1A. Pechada
Segue a traza das edificacións existentes, pechando sempre as medianeiras existentes e dando remate a trama urbana iniciada. As alturas varían segundo as zonas.
Cando están grafados os volumes arquitectónicos, estes deberán respetarse nun único proxecto.
- b. ORDENANZA 1B. Pechada. Planta baixa.
Corresponde con aproveitamentos en planta baixa por prolongación desta dos espazos da ordenanza 1A.
- c. ORDENANZA 1C. Pechada. Espazos libres
Corresponde con zonas vacantes das parcelas non adicadas a edificación, destinadas a espazos libres de uso privado
Espazos de calidade. Nos espazos axardinados interiores terán un mantemento colectivo pola comunidade propietarios con saída comunitaria, acceso común, a os xardíns, ou incorporarse as vivendas en planta baixa se as houbera ou locais comerciais (pe hostaleiros) ou calquer outro uso compatible cos usos dos espazos públicos.

ORDENANZA 2. Unifamiliar

O uso principal é o residencial en tipoloxía de vivenda unifamiliar con altura máxima de sete metros e dúas alturas. (Baixo +I). Os usos permitidos teñen un carácter residual, pequenas oficinas ou actividades ligados a vivendas.

Nalgúns casos grafíanse os volumes a edificar, coma volumes completos, o proxecto ten que acadar sempre un volume completo. A tipoloxía é aillada ou agrupada mediante unifamiliares en fileira o pareadas.

ORDENANZA 3. Conservación

Ordenación mixta en ámbitos consolidados pola edificación, con tipoloxías fundamentalmente tradicionais de maior ou menor valor patrimonial e coa substitución non se prevé no período de vixencia do plan. É prioritario a rehabilitación das edificacións existentes.

É prioritario non xenerar novas medianeiras ocultando mediante adosamento as existentes. Posición agrupada.

Os volume novos serán compatibles cos existentes. Posición illada.

O uso principal é o residencial en tipoloxía de vivenda unifamiliar ou colectiva. As alturas fíxanse segundo as zonas.

No fin de rematala trama dos volumes de ordenación pechada, todas as fachadas terán luces a espazo público ou espazos privados de calidade, non se permiten novas medianeras e paramentos sen ventás.

ORDENANZA 4. Industrial – Comercial

Ordenación en ámbitos de uso e tipoloxía industrial. Nos ámbitos do solo consolidado o uso industrial tende a desaparecer fomentándose o uso comercial e residencial secundario.

ORDENANZA 5. Dotacional

Ordenación en ámbitos de uso dotacional, mantén o espírito de rematalas medianeiras existentes é en todo caso resolvelos volumes dos edificios dotacionais con tipoloxías exentas.

ORDENANZA 6. Espazos libres

Ordenanza reguladora dos espazos libres públicos.

No seguinte cadro recóllese o resumo das superficies desta ordenación así como a edificabilidade das

mesmas.

ID	ORDENANZA	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	LUCRATIVO	UAT	Suma de VP
O1A	PECHADA	30.545,00	85.250,00	85.250,00	85.250,00	0,00
O1B	PECHADA	3.700,00	3.700,00	3.700,00	1.850,00	0,00
O1C	PECHADA	22.450,00	0,00	0,00	0,00	0,00
O2	UNIFAMILIAR	256.305,00	256.305,00	256.305,00	307.566,00	0,00
O3	CONSERVATIVA	60.920,00	60.920,00	60.920,00	60.920,00	0,00
O4	INDUSTRIAL-COMERCIAL	117.645,00	117.645,00	117.645,00	94.116,00	0,00
O5	DOTACIONAL	91.693,00	183.386,00	0,00	1.170,00	0,00
O6	ESPAZOS LIBRES	44.793,00	0,00	0,00	0,00	0,00
O7	VIARIO	269.517,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total general		933.797,00	707.206,00	523.820,00	550.872,00	0,00

7.5.2 Sistema viario e servicios

No deseño do entramado viario, mantívose o existente, xa que non se contemplan no solo urbano vías de nova apertura. Polo tanto a principal atención centrase no establecemento das aliñacións.

8. SOLO URBANIZABLE

8.1 DETERMINACIÓNS DO PXOM NO SOLO URBANIZABLE

O presente plan xeral de ordenación municipal contén as seguintes determinacións en solo urbanizable delimitado segundo o disposto no artigo 57 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluíndo as seguintes determinacións:

- a. Delimitación de sectores para o seu desenvolvemento en plans parciais.
- b. Desenvolvemento dos sistemas da estrutura xeral da ordenación urbanística do territorio coa precisión suficiente para permiti-la redacción de plans parciais ou especiais, determinando os sistemas xerais incluídos ou adscritos á xestión de cada sector.
- c. Trazados das redes fundamentais de abastecemento de auga, redes de sumidoiros, enerxía eléctrica e demais servizos que, se é o caso, prevexa o plan.
- d. Determinación das conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ó sector e, se é o caso, previsión das obras necesarias para a ampliación e o reforzo dos devanditos sistemas en función das necesidades xeradas pola actuación e de forma que se asegure o seu correcto funcionamento. Para estes efectos, o plan deberá incluír un estudio que xustifique a capacidade das redes viarias e de servizos existentes e as medidas procedentes para atende-las necesidades xeradas e, se é o caso, a implantación do servizo público de transporte, recollida de residuos urbanos e cantos outros resulten necesarios. Así mesmo, o plan xeral establecerá obrigatoriamente as características, dimensións e capacidade mínima das infraestruturas e servizos necesarios para o desenvolvemento do sector e determinará con precisión os terreos necesarios para a conexión co sistema xeral viario e de infraestruturas e servizos urbanos existentes que deberán incluírse ou adscribirse ó desenvolvemento do sector. Cando proceda, estableceranse os mecanismos que permitan a redistribución dos custos entre os sectores afectados.
- e. Asignación dos usos globais de cada sector e fixación da edificabilidade e das tipoloxías edificatorias.

8.2 CLASIFICACIÓN DO SOLO URBANIZABLE

O presente plan xeral de ordenación municipal clasifica como solo urbanizable segundo o disposto no artigo 14 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos no presente plan xeral de ordenación municipal.

Se clasifica como solo urbanizable os terreos grafitados e delimitados nos planos de ordenación e xestión urbanística.

- Os terreos clasificados non están sometidos a un réxime específico de protección incompatible coa súa urbanización, de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio ou coa normativa reguladora do dominio público, as costas, o medio ambiente, o patrimonio cultural, as infraestruturas e doutros sectores que xustifiquen a necesidade de protección.
- Os terreos clasificados non presenten relevantes valores naturais, ambientais, paisaxísticos, productivos, históricos, arqueolóxicos, culturais, científicos, educativos, recreativos ou outros que os fagan merecedores de protección ou cun aproveitamento que deba someterse a limitacións específicas.
- Os terreos clasificados non teñen sufrido unha degradación dos valores enunciados no apartado anterior, nen deben protexerse a fin de facilitar eventuais actuacións de recuperación dos ditos valores.
- Os terreos clasificados non están ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que simplemente perturben o medio ambiente ou a seguridade e saúde.

8.2.1 Prazos da edificación

Os prazos para o cumprimento do deber de edificacións soares e de rehabilitacións de edificacións ruinosas ou inadecuadas ou aquelas non podan ser substituídas ou demolidas, segundo a ordenación establecida no presente plan xeral de ordenación municipal segundo o artigo 189 da lei 9/2002 se en función da clasificación e cualificación do solo e das circunstancias específicas do Concello, carente dunha presión urbanística, e polo seu decrecemento demográfico, tendo ó carácter edificatorio en moitos caso de segundas residencias, serán ós seguintes

CATEGORÍAS DE SOLO	PRAZO	INICIO DO PRAZO
Solo urbanizable delimitado	10 anos	Comezará a contarse desde a conversión dos terreos en soares

O Concello poderá conceder prórrogas cunha duración máxima conxunta dun ano, por petición dos interesados, por causas xustificadas e de forma motivada.

8.3 CATEGORÍAS DO SOLO URBANIZABLE

No solo urbano diferenciaranse as categorías de solo urbanizable delimitado e solo urbanizable non delimitado segundo os criterios establecidos polo artigo 14 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

- a. Solo urbanizable delimitado ou inmediato, que é o comprendido en sectores delimitados e que teñan establecidos os prazos de execución, as condicións para a súa transformación e o desenvolvemento do plan xeral. Inclúense nesta categoría os terreos contiguos ó solo urbano que o plan xeral considere adecuados para seren urbanizados.
- b. Solo urbanizable non-delimitado ou diferido, integrado polos demais terreos que o plan xeral clasifique como solo urbanizable.

LOCALIZACIÓN	NOME	USO	SUPERFICIE M2	CATEGORÍA
FRIOL	SURB-R1	Residencial	41.540	delimitado
FRIOL	SURB-I1	Industrial	95.077	delimitado

8.4 SOLO URBANIZABLE DELIMITADO

8.4.1 Áreas de reparto

Establécense tres áreas de reparto coincidentes cos sectores delimitados.

AREA REPARTO	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	APROVEITAMENTO LUCRATIVO	UNIDADES APROVEITAMENTO	ÍNDICE EDIFICABILIDADE	APROVEITAMENTO TIPO
SURB-I1	95.077,00	67.077,00	63.077,00	50.461,60	0,66	0,53
SURB-R1	41.540,00	17.650,20	15.460,20	18.552,24	0,37	0,3

8.4.2 Sectores do solo urbanizable

Atendendo ao artigo 49 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o solo urbanizable divídese en sectores para os efectos da súa ordenación detallada e de aplicación dos estándares establecidos polo plan xeral de ordenación municipal, cunha extensión mínima de 20.000 metros cadrados. Os sectores delimitáanse utilizando os límites dos sistemas xerais e os elementos naturais determinantes, de forma que se garante unha adecuada inserción do sector dentro da estrutura urbanística do plan xeral. No solo urbanizable delimitado inmediato ó solo urbano, poderase delimitar sectores de menor superficie, sempre que resulte viable técnica e economicamente o cumprimento dos estándares urbanísticos.

No presente plan xeral de ordenación municipal se establecen os seguintes sectores en solo urbanizable delimitado, que se corresponde cos grafitados nos planos de ordenación do solo:

SECTOR	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	USO	CATEGORÍA	ORDENACIÓN
SURB-R1	95.077,00	67.077,00	Residencial	delimitado	PXOM
SURB-I1	23.336,00	11.040,00	Industrial	delimitado	PLAN PARCIAL

Sector SURB-R1

O sector de solo SURB-R1 úbicase a carón da estrada LU-934 e LU-232, na mesma entrada do núcleo urbano (en sentido de marcha desde Lugo), na zona próxima onde se ubican a meirande parte das dotacións (Colexio, concello, etc...),

No plan vixente contemplábase como solo urbano, e sempre existiu unha querencia dos veciños por desenvolver este ámbito de solo, que non se levou a cabo aínda.

Trátase dunha zona de agras, a maior parte delas abandonadas do seu uso agrario ou de hortas, que comezan a ser poboadas pouco a pouco por vexetación de tipo forestal, ben do tipo coníferas, como pequenas especies de colonizadoras, como salgueiros, etc... e outras de tipo arbustivo.

Na parte este, colíndate co regato se detectan especies arboras de tipo ripícola, que contan cun especial interese ecolóxico. Para garantir a súa protección, incorporanse ó sistema de espazos libres, segundo se adxunta nos planos de ordenación detallada.

Dito ámbito presenta unha pendente baixa, inferior ó 5%. A súa posición, ubicado nunha pequena e suave altiplanicie situado entre o val do río Narla e . En ningún caso o ámbito afecta a espazos naturais ou inundables.

Ubicada na traseira das estradas autonómicas LU-934 e 232 (na mesma recta, no desvío a estrada de Palas, prodúcese o final da LU-232 e comezo da LU-934), ten unha excepcional comunicación. A conexión cos sistemas xerais realizaríase mediante dúas rúas de nova creación, unha ca estrada LU-232 e outra ca estrada LU-934.



Sector SURB-I1


Como solución e alternativa ó parque empresarial existente, defínese unha área, de superficie moito máis reducida que a anterior, situada na beira este, que incorpora as conexións ós sistemas xerais a partir do polígono, e tería como resultado a posibilidade de ampliación, rematando trama, segundo os viais que na actualidade non teñen saída, pechado ditas viais.

O sector atópase ocupado por terreos abandonados, adicados ó sector forestal como resultado. Existe unha importante parte arborada con matogueira, dadas as limitacións edáficas do terreo (rochas), e parcialmente poboada con pes de coníferas xovenes. Non se describen ningunha área ocupada por especies caducifolias autóctonas.

A pendente, aínda que variable, dada a ondulación do terreo, é baixa.

N parte norte atópase unha instalación avícola, que quedaría integrada no sector.





8.4.3 Cálculo do aproveitamento tipo

O aproveitamento determinase segundo o artigo 114 da lei 9/2002, do 30 de decembro, dividindo o aproveitamento lucrativo total, incluído o dotacional privado correspondente a ela (sempre en metros cadrados edificables do uso e tipoloxía edificatoria característicos) pola superficie total.

Non se establecen coeficientes de ponderación entre usos.

SECTORES	SUPERFICIE.	EDIFICABILIDADE	LUCRATIVO	UAT.	VP.	I-E.	A-T
SURB-D	159.953,00	95.767,20	87.737,20	80.053,84	7.398,06	0,55	0,50
SURB-I1	95.077,00	67.077,00	63.077,00	50.461,60	0,00	0,66	0,53
INDUSTRIAL	63.077,00	63.077,00	63.077,00	50.461,60	0,00	1,00	0,80
VIARIO	20.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
DOTACIONAL	2.000,00	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
ESPAZO LIBRE	10.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SURB-R1	41.540,00	17.650,20	15.460,20	18.552,24	4.638,06	0,37	0,45
UNIFAMILIAR	22.086,00	15.460,20	15.460,20	18.552,24	4.638,06	0,70	0,84
VIARIO	13.387,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
ESPAZO LIBRE	4.972,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
DOTACIONAL	1.095,00	2.190,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

8.4.4 Estudio da rede de servicios e trazado.

Tal como esixe o artigo 57 da Lei 9/2002, o plan xeral realiza un estudo no que, por unha banda, analízase o estado e capacidade das redes de servizo existentes, e por outra, xustifícanse e detallan as características básicas (dimensión ou capacidade) das accións de reforzamento ou mellora previstas,

todo elo en atención ás demandas existentes e ás previsións derivadas dos usos e intensidades proxectados polo plan xeral, para garanti-lo seu axeitado funcionamento futuro.

En consecuencia con ese estudio, no solo urbanizable delimitado determinanse os trazadas das redes fundamentais de servizo, o que evidentemente inclúe as conexións cos sistemas xerais existentes e exteriores ós sectores ós sectores e as ampliacións ou reforzos necesarios de acordo co estudio realizado.

LOCALIZACIÓN	NOME	USO	SUPERFICIE M2	CATEGORÍA
FRIOL	SURB-R1	Residencial	41.540	delimitado
FRIOL	SURB-I1	Industrial	95.077	delimitado

REDE DE ABASTECIMIENTO
Esixencias previstas

Dv (viv/ha)	15	Tubería de polietileno, PVC ou fundición dúctil
Dp (hab/viv)	4,2	Válvulas de corte
		Depósitos reguladores

SECTOR	SUP.(M2)	RATIO		CAUDAL (L/S)	DIAM. (MM)
SURB-R1	41.540	210 l/hab/día	Residencial	0.25	90
SURB-I1	95.077	4.000 m ³ / Ha.ano	Industrial	1.25	160

A conexión á rede xeral realizarase no caso dos SURB-R1 e R2 desde calquera dos puntos ubicados na rede xeral de abastecemento situados nas estradas LU-232 e LU-934. No caso do SURB-I1 realizarase unha ampliación da rede a partir dos servizos urbanísticos existentes no polígono empresarial

A suficiencia do sistema xeral de abastecemento para dotar de augas ós novos desenvolvementos. xustificase no seguinte epígrafe.

REDE DE ENERXÍA ELÉCTRICA

	Dv (viv/ha)	15	<u>Esixencias previstas</u> Tubería de PVC Válvulas de corte Depósitos reguladores		
SECTOR	SUP.(M2)	RATIO	USO	POT (KW)	CT
SURB-R1	41.540	5.750 W / viv	Residencial	180	1x450 Kva
SURB-I1	95.077	15 W / m2	Industrial	1.780	3x630 Kva

REDE DE PLUVIAIS							
	Pd (m/m)	86,28	<u>Esixencias previstas</u>				
	Ce	0,77	Tubería de PVC, ou formigón				
			Rede separativa				
			Vertido a cauce previa depuración				
SECTOR	SUP.(M2)	LONX. (KM)	PTE. (M/M)	TC (MIN)	IT (MM/H)	CAUDAL (L/S)	DIAM. (MM)
SURB-R1	41.540	0,200	0,02	0,19	52,72	714,39	800
SURB-I1	95.077	0,300	0,02	0,25	45,46	1.420,70	1.000

REDE DE RESIDUAIS					
SECTOR	SUP.(M2)	RATIO	USO	CAUDAL (L/S)	DIAM. (MM)
SURB-R1	41.540	210 l/hab/día	Residencial	0,25	315
SURB-I1	95.077	04.000 m3 / Ha.ano	Industrial	1,25	315

A conexión á rede xeral realizarase no caso dos SURB-R1 e R2 a calquera dos puntos ubicados na rede xeral de evacuación situados nas estradas LU-232 e LU-934.

No caso do SURB-I1 realizarase unha ampliación da rede a partir dos servizos urbanísticos existentes no polígono empresarial.

A suficiencia do sistema de depuración para realizalo tratamento das augas residuais procedentes dos novos desenvolvementos. xustificase no seguinte epígrafe.

SISTEMA DE COMUNICACIÓN			
SECTOR	INTERSECCIÓN	USO	DESPRAZAMENTOS Ó SECTOR
SURB-R1	Plantexase dous puntos de enlace, un ubicado na estrada LU-232 e outro na LU-932	Residencial	100 vehículos/día
SURB-I1	Non se prevé novos enlaces, a conexión realizase a través do polígono empresarial existente.	Industrial	800 vehículos día

9. NÚCLEOS RURAIS

9.1 DETERMINACIÓNS DO PXOM NO SOLO DE NÚCLEO RURAL

O presente plan xeral de ordenación municipal contén a ordenación detallada dos núcleos rurais segundo o disposto no artigo 56 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluíndo as seguintes determinacións:

- a. Delimitación do seu perímetro.
- b. Localización reservada para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado.
- c. Trazado da rede viaria pública e sinalización de aliñacións.
- d. Regulación detallada dos usos, volume e das condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e das construcións, así como das características estéticas da edificación e do seu contorno.
- e. Previsión das áreas dos núcleos rurais nos que se prevexa a realización de actuacións de carácter integral; nese caso deberá delimitar os correspondentes polígonos e garantir a integración da actuación coa morfoloxía, os servizos e as características do tipo básico ao que pertenza o núcleo no que se insira, sen que a densidade máxima da actuación integral poida superar as vinte e cinco vivendas por hectárea. En ningún caso poderán preverse actuacións integrais nos núcleos histórico-tradicionais, nin na parte delimitada como tal nos núcleos rurais complexos.
- f. Cantas outras resulten convenientes para a ordenación e mellora do núcleo e salvagarda das canles naturais e das redes de camiños rurais, así como para a conservación e recuperación da morfoloxía dos núcleos histórico-tradicionais e da súa estrutura parcelaria histórica e os seus usos tradicionais.
- g. Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de ordenación dun núcleo rural para facer fronte á complexidade urbanística sobrevida nel.

9.2 CLASIFICACIÓN DO SOLO DO NÚCLEO RURAL

Para identificar e determinar as entidades de poboación existentes no concello de Friol que forman Núcleo Rural, partírase dos criterios establecidos na Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia no artigo 13 no que expón que constituirán solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o plan xeral defina e delimite como tales tendo en conta, polo menos, a súa inclusión como tal ou na da súa área de influencia en plans anteriores, o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía histórico - tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.

Partindo destes criterios obsérvase que a maioría das entidades de poboación do concello posúen as características enumeradas.

Para establecer a delimitación dos ámbitos dos núcleos rurais analizáronse as seguintes variables:

9.2.1 Topónimo:

Tódalas entidades de poboación delimitadas contan con topónimo e diferenciación administrativa. Para elo recolléronse as entidades administrativas do INE, das que houbo que completar ca Toponimia Oficial e Galicia, posto que algúns destes non se incluían expresamente no nomenclátor estatístico. Incorporanse na súa totalidade como barros, asociados á entidade principal.

Existen un total de 304 entidades poboacionais, segundo o Nomenclátor.

A toponimia oficial de Galicia, recolle un número maior, polo que estes topónimos serán referidos como

9.2.2 Planeamento vixente:

O Instrumento urbanístico vixente na actualidade é unha Modificación das NSP, aprobado o 19 de setembro de 1990. Nel establécese unha serie de categorías de chan non urbanizable asignando a cada unha delas a súa definición, ámbito, normas de uso, normas de volume, así como as condicións hixiénicas e estéticas xerais:

A/ SUELO NO URBANIZABLE NUCLEAR (SNU/N)

B/ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR (SNU/I)

B1/ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR NORMAL (SNU/IN)

B2/ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR PROTEGIDO (SNU/IP)

B2.1./ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR DE PROTECCIÓN DE CAUCES (SNU/IPC)

B2.2./ SUELO NO URBANIZABLE INTERNUCLEAR DE PROTECCIÓN DE VIAS (SNU/IPV)

C/ SUELO NO URBANIZABLE ESPECIALMENTE PROTEGIDO (SNU/EP)

É obxectivo do presente avance incorporar a nova lexislación urbanística ao proceso de plan e adecuar á

súa filosofía o tratamento específico e diferencial que ofrece o marco municipal de Friol.

Existen un total de 218 entidades poboacionais delimitadas nas vixentes NNSS.

Non resulta adecuado tomar como único criterio de partida a delimitación correspondente ó planeamento vixente, en todo caso con relativa cautela, posto que moitas son as circunstancias, que xa se expuxeron no apartado relativo ó planeamento vixente, e que de seguido se resumen:

- As delimitacións non recollen certos núcleos con mais de tres vivendas, e por suposto non recoñecen moito do patrimonio xa edificado.
Os obxetivos de calidade acústica determinanse trala zonificación segundo os tipos de solo, para os que se establecen os seguintes valores do índice de ruído, para o caso das áreas urbanizadas existentes. No caso dos sectores a desenvolver, a aplicación de ditos obxetivos corresponderase no momento de acadar o uso correspondente.

TÁBOA A. Anexo II RD 2367/2007.

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		L _d	L _e	L _n
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente do territorio cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial.	65	65	55

d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c).	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso recreativo do territorio de espectáculos	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial	70	70	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, u outros equipamentos públicos que os reclamen. (1)			

(1) Nestes sectores do territorio adoptaranse as medidas axeitadas de prevención da contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles, de acordo co apartado a, do artigo 18.2 da Lei 37/2003, do 17 de novembro.

(2) Os datos se refiren a unha altura de 4 metros.

Sendo os índices de ruído L_e , L_n e L_d os definidos no RD 1513/2005:

- L_d é o nivel sonoro medio a longo prazo ponderado A definido na norma ISO 1996-2: 1987, determinado ao longo de todos os períodos día dun ano.
- L_e é o nivel sonoro medio a longo prazo ponderado A definido na norma ISO 1996-2: 1987, determinado ao longo de todos os períodos tarde dun ano.
- L_n é o nivel sonoro medio a longo prazo ponderado A definido na norma ISO 1996-2: 1987, determinado ao longo de todos os períodos noite dun ano.

14.3.3.2 Obxetivos de calidade acústica aplicable as áreas acústicas.

Os obxetivos a acadar son os seguintes:

- 1) Non sobrepasar os índices de ruído establecidos para cada unha das áreas acústicas.
- 2) De sobrepasarse a Administración local deberá adoptar as medidas necesarias para a mellora acústica progresiva do medio ata alcanzar o obxectivo de calidade fixado, mediante a aplicación de plans zonais específicos
- 3) Para o resto das áreas urbanizadas establécese como obxectivo de calidade acústica para ruído a non superación do valor que lle sexa de aplicación á táboa A do anexo II do RD 1367/2007, diminuído en 5 decibelios.

14.3.3.3 Cumprimento dos obxetivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas acústicas.

Considerarase que se respectan os obxetivos de calidade acústica establecidos no artigo 14, cando, para cada un dos índices de inspiración de ruído, L_d , L_e , ou L_n , os valores avaliados conforme aos procedementos establecidos no anexo IV, cumpren, no período dun ano, que:

- Ningún valor supera os valores fixados na correspondente táboa A, do anexo II do RD 1367/2007.
- 97% de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na correspondente táboa A, do anexo II.

14.4 MEDIDAS PROPOSTAS

14.4.1 Medidas de control

Accións destinadas a verificar o cumprimento da lexislación existente en materia de ruído sobre actividades e vehículos a motor, como principais fontes sonoras do municipio, identificando fontes de rúdos e adoptando as medidas oportunas para mantelas por debaixo dos límites legais.

1. Vixilancia do ruído ambiental.
2. Solicitar avaliacións de impacto ambiental.

14.4.2 Medidas preventivas

1. Dar cumprimento ao Código Técnico da Edificación e á NBE-CA-88 "normativa básica de edificación: condicións acústicas dos edificios".
2. Restrición do outorgamento de licenzas de certas actividades nas zonas de alta sensibilidade acústica determinadas neste estudo.

14.4.3 Medidas correctoras

Accións destinadas a mellorar e a corrixir as situacións acústicas desfavorables que sexan detectadas, identificando fontes de rúdos e adoptando as medidas oportunas para mantelas por debaixo dos límites legais establecidos para cada uso e/ou actividade.

15. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI E REGULAMENTO DE ACCESIBILIDADE

No proxecto de ordenación do PXOM tiveronse en conta, tanto no deseño gráfico da cidade como na normativa reguladora das Ordenanzas, criterios que cumpren co establecido no RD 505/2007, garantindo a accesibilidade á edificios, segundo establece o Capítulo I da citada norma,

As vías públicas, parques e demais servizos públicos planifícanse e prevéase a súa urbanización de xeito que resulte accesible para tódalas persoas e en especial para aquelas con mobilidade reducida segundo o establecido.

A tal efecto inclúese no presente Plan Xeral de Ordenación Municipal as determinacións establecidas para Accesibilidade en Urbanizacións e Aparcadoiros e Espacios Públicos nas Ordenanzas, que deberán ser cumpridas polos Proxectos de Urbanización, nas ordenanzas de aplicación, en concreto, o Capítulo II REDE VIARIA, TÍTULO V NORMAS XERAIS DA URBANIZACIÓN, incorporando o RD 505/2007 como lexislación de obrigado cumprimento

Establécense asómesmo as condicións de accesibilidade en edificacións nas Ordenanzas que deberán ser cumpridas por los Proxectos de Edificación, incluídas no Capítulo II REQUISITOS BÁSICOS RELATIVOS A FUNCIONALIDADE, TÍTULO IV NORMAS XERAIS DAS EDIFICACIÓNS,

O cumprimento das determinacións verificase no momento da petición de licencia no Concello

Ademais a ordenación proposto no presente documento respeta os criterios estalecidos

1. Tódalas edificacións contan con alomenos unha entrada principal accesible á vía pública.
2. As pendentes (a través das cotas da rasante gradfadas nos planos de ordenación do solo urbano), son inferiores ó 4%. no caso de pendentes superiores existen trazados peonís alternativos . No caso dos núcleos rurais, este obxectivo é mais complicado de acadar, posto que as rasantes tradicionais deben de manterse desde o punto de vista conservativo.
3. As aliñacións grafadas nos planos de ordenación garanten os movementos, xiros, continuidade e altura libre garanten a circulación de persoas con mobilidade reducida.
4. A distribución e localización dos equipamentos públicos e dotacionais aseguren un uso non discriminatorio.
5. A memoria xustificativa incorpora unha reserva de prazas de aparcamientos para minusvalidos, no caso dos novos desenvolvementos.

16. XUSTIFICACIÓN DA ADECUACIÓN AS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO

16.1 XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO

O obxecto da presente documento é dar cumprimento a memoria xustificativa e de adecuación o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, en cumprimento do artigo 4 do citado decreto, para os efectos previstos no artigo 48.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia para o PXOM.

16.2 CONDICIÓNS DE VIVENDA EXTERIOR

De acordo co establecido no artigo 4º do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, o presente PXOM establece as condicións de vivenda exterior, sendo as definidas no apartado I.A.1.1.b do Anexo I das NHV-2010, non establecendo regulación adicional para a consideración de vivenda exterior

16.3 CONFIGURACIÓN DO ESPACIO EXTERIOR

O presente PXOM establece, tras a minuciosa análise do territorio e a avaliación das distintas alternativas de ordenación, as condicións dos espazos exteriores en que se ubican as edificacións residenciais. Polo tanto, correspóndelle a este PXOM a ordenación detallada da área que se vai desenvolver, definindo as condicións en que as vivendas deben abrirse aos ditos espazos.

O PXOM determina a nova ordenación detallada de solos nos cales se preve o uso residencial establecendo as medidas necesarias para garantir o axeitado asollamento das vivendas e as condicións dos espazos exteriores de calidade, públicos ou privados:

A configuración e dimensións do espazo garda unha axeitada relación coa altura das edificacións que o conforman.

Se respectan unhas distancias mínimas de luces rectas, en función das alturas das edificacións enfrontadas.

Se garante a continuidade espacial e de deseño dos ditos espazos aínda que o seu desenvolvemento sexa realizado por propietarios diferentes.

As dimensións destes espazos non resultan inferiores ás exixibles segundo o punto I.A.1.1 do anexo I das NHV-2010.

No presente PXOM establécese a ordenación detallada no solo urbano consolidado, e en determinados ámbitos de solo urbanizable.

As ordenanzas empregadas son as seguintes:

ORDENANZA 1. Pechada.

- a. ORDENANZA 1A. Pechada
- b. ORDENANZA 1B. Pechada. Planta baixa.
- c. ORDENANZA 1C. Pechada. Espazos libres

ORDENANZA 2. Unifamiliar.

ORDENANZA 3. Conservación.

A implantación das edificacións realizouse en función das características do territorio sobre o que se proxecta a nova ordenación, tendo en conta as condicións de asollamento que deben ter as edificacións con uso residencial.

Nos ámbitos de ordenación detallada das edificacións que se vaian construír, establécense unhas exixencias que garanten a apertura das estancias das vivendas a espazos exteriores, públicos ou privados, de calidade.

As dimensións dos ditos espazos e a separación entre edificacións son consonte coas alturas e configuración dos edificios que os conforman.

A ordenación detallada permite nos ámbitos do solo urbanizable, así como nas ordenacións abertas en solo urbano consolidado a iluminación e ventilación da vivenda exterior a través das rúas, prazas, e espazos libres públicos.

Nas ordenacións pechadas, onde se permite establécense espacios libres de uso privado que permiten a iluminación e ventilación.

En ordenacións de conservación ou ámbitos de solo consolidado de ordenación pechada e rúas estreitas tense en conta tamén a condición de vivenda exterior a través de patios de cuarteiróns segundo as NHV-2010.

16.4 CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE HABITABILIDADE EN VIVENDAS E EDIFICACIÓNS NHV-2010.

I.A. Vivenda.

I.A.1. Condicións de deseño, calidade e sustentabilidade.

I.A.1.1. Condicións de vivenda exterior.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010 para a condición de vivenda exterior, mantendo a definición contida nas devanditas normas.

A ordenación detallada permite nos ámbitos do solo urbanizable, así como nas ordenacións abertas en solo urbano consolidado a iluminación e ventilación da vivenda exterior a través das rúas, prazas, e espazos libres públicos.

Nas ordenacións pechadas, onde se permite establécense espazos libres de uso privado que permiten a iluminación e ventilación.

En ordenacións de conservación ou ámbitos de solo consolidado de ordenación pechada e rúas estreitas terase en conta tamén a condición de vivenda exterior a través de patios de cuarteiróns segundo as NHV-2010.

I.A.1.2. Iluminación, ventilación natural e relación co exterior.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

Os recuamentos en ordenanzas abertas son sempre superiores a 2 m. garantindo polo a posibilidade de vivendas en planta baixa con alturas de ventás inferiores a 1,80 m. (I.A.1.2.d).

A altura permitida en plantas baixas (de 2,50 ata 4,50 m.) garante o cumprimento do I.A.1.2.d, cando non hai espazo privativo e directamente as ventás dan o espazo público (ordenación pechada aliñada) garantindo a altura mínima de 1,80 m. para ventás, segundo as distintas ordenanzas e compatibilidades de usos de vivenda en planta baixa.

Prohíbese o uso de vivenda en soto e semisoto, e o uso en plantas baixorasante segundo as condicións descritas na normativa do PXOM (diferentes cotas entre rúas e ou terreo e rúa de acceso), garanten o cumprimento do apartado I.A.1.2.c (altura do espazo exterior inferior a 50 cm.)

I..A.2. Condicións especiais.

I.A.2.1. Condicións de acceso e indivisibilidade das vivendas.

As condicións de acceso neste PXOM son as definidas nas NHV-2010, tendo a diferenciación entre vivenda unifamiliar e colectiva segundo o tipo de acceso o exterior, individual ou a través de elementos comúns.

I.A.2.2. Composición e compartimentación.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A. Vivenda.

I.A.2.3. Programa mínimo.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A.2.4. Alturas mínimas.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A.2.4.1. Alturas libres mínimas.

Garántese o cumprimento da altura mínima entre pavimento e teito de 2,50 m. así como a de 2,70 m. entre forxados, establecendo a altura entre cara inferior de forxados en 3,00 m.

I.A.2.4.2. Pezas baixo cuberta.

I.A.3. Condicións dimensionais, funcionais e dotacionais.

I.A.3.1. Estancias.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A.3.1.1. Condicións xerais

I.A.3.1.2. Dimensións superficiais e lineais.

I.A.3.2. Servizos.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A.3.2.1. Condicións xerais.

I.A.3.2.2. Dimensións superficiais e lineais.

I.A.3.2.2.1. Cociñas.

I.A.3.2.2.2. Almacenamento persoal.

I.A.3.2.2.3. Almacenamento xeral.

I.A.3.2.2.4. Cuarto de baño.

I.A.3.2.2.5. Cuarto de aseo.

I.A.3.2.2.6. Lavadoiro.

I.A.3.2.2.7. Tendal.

I.A.3.3. Espazos de comunicación.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A.4. Dotación mínima de instalacións na vivenda.

I.A.4.1. Equipamento e aparellos.

I.A. Vivenda.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.A.5. Salubridade.

Posibilitase en solo rústico o tratamento individual das augas residuais en ausencia de rede de saneamento segundo a lei 9/2002. (I.A.5.c)

Establécese a distancia mínima entre pozos de abastecemento e elementos de depuración en 20 m., cunha distancia mínima a lindeiros de 5 m. (I.A.5.d)

I.B. Edificio.

I.B.1. Condicións do edificio en relación co espazo exterior.

O tratamento de fachadas será igual tanto nos baixos coma medianeiras, con especial atención o tratamento das fachadas visibles dende os espazos públicos e perímetros da cidade.

I.B.1.1. Recuamentos na edificación.

No presente PXOM establececese o recuamento coma a distancia comprendida entre a aliñación da vía e a liña de fachada, as aliñacións das edificacións, medido perpendicularmente á aliñación da vía, en tódolos puntos do mesmo, sen perxuício da posibilidade de corpos voados ou elementos salientes.

Cando falamos no PXOM de recuamento refírese a toda a lonxitude da liña de fachada. En caso de recuamentos parciais de fachada cumpriran o establecido no apartado I.B.1.1 das NHV-2010.

I.B.1.2. Voos e corpos saíntes na edificación

Regulanse na normativa do PXOM os voos permitidos (I.B.1.2.a)

Nos seguintes apartados non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.B.2 Patios interiores.

I.B.2.1. Dimensionamento.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.B.3. Espazos comúns.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.B.3.1. Portal.

I.B.3.1.1. Acceso.

I.B.3.1.2. Ámbito interior.

I.B.3.1.3. Áreas de acceso a ascensores e escaleiras.

I.B.3.2. Escaleiras.

I.B.3.2.1. Dimensionamento.

I.B.3.2.2. Iluminación.

I.B.3.2.3. Ventilación.

I.B.3.3. Espazos de comunicación.

I.B.3.4. Ascensores.

I.B. Edificio.

I.B.3.5. Espazos comunitarios.

I.B.4. Rochos.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.B.4.1. Dimensións.

I.B.4.2. Dotacións de instalacións.

I.B.5. Garaxes colectivos.

Toda edificación de nova planta, destinada a uso residencial contará co número mínimo de prazas de aparcamento establecida na ordenanza correspondente segundo a normativa deste PXOM

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

I.B.5.1. Área de acceso e espera.

I.B.5.1.1. Dimensións.

I.B.5.2. Vías de circulación e distribución.

I.B.5.2.1. Dimensións das ramplas de circulación para vehículos.

I.B.5.2.2. Dimensións das vías de circulación e distribución.

I.B.5.3. Áreas de aparcadoiro.

I.B.5.3.1. Dimensións das prazas de aparcadoiro.

I.B.5.4. Accesos peonís.

I.B.5.5. Dotacións e instalacións dos garaxes.

I.B.6. Dotación de instalacións.

Non se establecen no presente PXOM maiores limitacións as indicadas nas NHV-2010

16.5 NORMAS DE HABITABILIDADE PARA VIVENDAS OBXECTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN OU AMPLIACIÓN EN EDIFICACIÓNS E VIVENDAS EXISTENTES

Os efectos interpretativos axuntase cadro comparado da definición dos tipo de obras de conservación, mellora, rehabilitación, reforma, ampliación, obras de nova planta e obras de demolición, no PXOM, no seu artigo 38.obras de construción, co artigo 8. das NHV-2010 actuacións de rehabilitación ou ampliación en edificacións e vivendas existentes.

PXOM Art. 33 obras construción	NHV-2010 Art 8. Actuacións de rehabilitación
1.a. Obras de conservación
1.b. Obras de restauración
2.a. Obras de consolidación	A.1. Obras de adecuación estrutural
2.b. Obras de rehabilitación ou mellora	A.2. Obras de adecuación funcional de edificio A.3. Obras de adecuación funcional de vivenda
2.c. Obras de restructuración ou reforma	A.4. Obras de remodelación de edificio A.5. Obras de remodelación de vivenda B.1 Obras de ampliación de vivenda
2.d. Obras de ampliación	B.2. Obras de ampliación de edificio
3. Obras de nova planta	Edificacións de nova construción
4. Obras de demolición

17. XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DAS DETERMINACIÓNS DO PLAN COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

18. XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DAS DETERMINACIÓNS DO PLAN COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

18.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. INTRODUCCIÓN.

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) teñen como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As propostas e determinacións das DOT definirán unha senda a seguir e perfilarán un escenario de futuro, que baixo unha perspectiva de sostibilidade, aspira a conseguir a cohesión social e territorial de Galicia, eliminando disparidades territoriais, o cal contribuirá ademais a unha maior eficiencia do sistema produtivo, así como a protección e posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico e a eficiencia ambiental en todos os procesos.

As DOT foron aprobadas definitivamente mediante Decreto 19/2011 do 10 de Febreiro.

O Concello de Friol atópase definido nas DOT como un Concello rural, integrado por parroquias rurais. Considera como núcleo principal aquel no que se atope a capitalidade municipal, o solo urbano de Friol, ademais doutras entidades que acaden unha maior centralidade socioeconómica no seu ámbito, pero non constitúen nodos de equilibrio.

O Concello de Friol atópase incluído no Anexo IV das DOT, onde se incorporan ós Ámbitos de Interese Cultural, dada a existencia de dous importantes monumentos, que fan o Concello merecedor desta distinción:

- Torre de Miraz (Miraz).
- Fortaleza de San Paio de Narla

Os obxectivos, estatexias e criterios de ordenación deberán ser compatibles cas determinacións das DOT, polo que compre realizar o análise de compatibilidade estratéxica, de obrigada inclusión segundo a determinación excluínte 10.1.8. das DOT.

Incorporase ademais a xustificación da integración no PXOM da Análise e consideracións paisaxística en consonancia co apartado 3.3. da Memoira das DOT.

18.2 ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA.

Como forma de garantir a coherencia da planificación en ferverza e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes coas DOT, realizarase para o PXOM unha análise que permita avaliar o grao de compatibilidade entre estes instrumentos e as aliñacións ou concordancias estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

A análise en cuestión, seguirá unha metodoloxía tipo cuestionario baixo o nome de Análise da

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013

compatibilidade estratéxica (ACE), estruturada do seguinte xeito:

- a) Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, explicando como se consideran os efectos do plan sobre os aspectos clave detectados nas DOT.
- b) Proceso de decisión, analizando a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se diseña o planeamento.
- c) Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a relación dos plans cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno realizada nas DOT.

18.2.1 Consideración dos aspectos clave.

Consíderanse como tales segundo as DOT as seguintes variables:

- Calidade do solo
- Vocacionalidade de ámbitos
- Exposición a riscos
- Integración paisaxística
- Conservación do patrimonio natural
- e cultural
- Fragmentación do territorio
- Competitividade económica
- Equilibrio no desenvolvemento
- económico
- Cohesión social
- Calidade de vida
- Gobernanza
- Calidade do aire
- Calidade da auga
- Consumo de recursos hídricos
- Consumo enerxético
- Xeración de residuos
- Emisión de GEI
- Necesidades de mobilidade
- Equilibrio no reparto modal

A continuación, analízanse como se tiveron en conta os efectos do planeamento sobre os aspectos clave detectados polas DOT :

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
<p>Calidade do solo</p>	<p>A posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación.</p>	<p>A caracteriación principalmente rural do Concello leva en consecuencia unha cercanía de tódolas entidades de poboación ó medio rural e natural, incluído o solo urbano de Friol.</p> <p>A concentración de actividades menos compatibles co medio natural no núcleo urbano potencia a calidade, ó igual que a súa contención á hora de delimitar o sistema de asentamento rurais, nos que unha ampla porcentaxe quedaron excluídos do sistema de asentamentos.</p>
<p>Vocacionalidade de ámbitos</p>	<p>O modo en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo.</p>	<p>Segundo o descrito na Memoria, a fase dedeterminación da clasificación do solo levase a cabo a partir das trasposición directa das lexislacións sectoriais, prevalecendo os solos especialmente protexidos de augas e espazos naturais, o abeiro das Lei 1/2001 e 9/2001.</p> <p>Incorporase a esta última categoría de solo as chairas aluviais dos ríos Parga e Narla, segundo o ámbito delimitado pola Confederación Hidrográfica do Norte desenvólvese o Plan de Cauces, integrado na Directiva 'Marco del Auga', no que se delimita as chairas aluviais expostos ós efectos das inundacións durante as avenidas, denominándose Corredores fluviais.</p> <p>Igualmente incorporase outro ámbito, co obxecto de protexer os ecosistemas fluviais e completando así a anterior delimitación dos corredores. Dito espazo denominarase 'Ámbito de Protección específica do Medio Fluvial'.</p> <p>No que respecta as categorías forestal e agropecuario, realízase un estudio pormenorizado dos usos actuais do territorio, polo que a combinación destes ca aptitude do solo en función dos valores acadados no estudio</p>

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
		<p>do medio rural, segundo as condicións edafolóxicas, climatolóxicas e sociais, dan como resultado a categorización.</p> <p>Exclúense destes ámbitos mencionados, aqueles que pola existencia do patrimonio arqueolóxico deban ser protexidos mediante a regulación da protección do patrimonio, entendendo dita protección como máis restrictiva ca anterior e garante a protección dos valores antes mencionados ademais do específico correspondente a dita categoría.</p> <p>No que respecta ós ámbitos suxeitos a desenvolvementos urbanísticos, defínese un solo urbano, que reduce notablemente o contemplado en planeamentos anteriores.</p> <p>O sistema de núcleo rurais limita en grande medida, tanto en extensión (forte redución do solo incluído na clase de solo de núcleo rural), como en cantidade de asentamentos que se definen dentro do sistema de asentamentos definidos no Concello.</p> <p>A delimitación de novos desenvolvementos, entendidos como os sectores de solo urbanizable, quedan incorporados no perímetro de solo urbano, moitas veces rematando tramas urbanas incompletas.</p>
<p>Exposición a riscos</p>	<p>Grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que poidan influír en dita exposición.</p>	<p>A avaliación dos riscos realízase a través da metodoloxía empregada para a elaboración do mapa de riscos naturais, combinada con outras circunstancias como o de usos (actividades económicas de gran incidencia no territorio).</p> <p>Incorpórase a determinación dos riscos naturais os ámbitos asolagables incluídos no o Plan de Cauces, integrado na Directiva 'Marco del Auga'.</p>

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
<p>Integración paisaxística</p>	<p>Atende ao modo en que se considera a paisaxe e a integración das actuacións con ela.</p>	<p>Definida a estratexia e análise da paisaxe no estudo do medio rural e a súa avaliación no ISA, se considera a súa gradación e medición en función de factores de calidade e fragilidade paisaxística, que combinados dotan dunha valoración a paisaxe, entendida como a necesidade de protección de acadar altas calidades e altas fragilidades.</p> <p>No caso de friol, non se contempla esta necesidade, traducida en termos de clasificación do solo en rústicos especialmente protexido da paisaxe.</p> <p>Sen embargo, certos aspectos, com puntos estratéxicos (rede fluvial), ou inmobles arquitectónicos de especial relevancia, quedan protexidos noutras categorías e mediante a aplicación de ordenanzas específicas de protección, que son sen dúbida, aspectos embellecedores da paisaxe.</p>
<p>Conservación do patrimonio natural e cultural</p>	<p>Grao en que se pode afectar aos espazos de interese natural e cultural recoñecidos.</p>	<p>Partindo dunha completa información, tanto do patrimonio natural como cultural, é posible a non afección destes espazos, integrando os xacementos arqueolóxicos na categoría correspondente á protección do patrimonio, os bens arquitectónicos e etnográficos, mediante normativas de protección específicas, tanto para o propio ben, como ó contorno, ó igual que a propiedade no que se atopan, sendo de aplicación ordenanzas que garanten a non afección da parcela, favorecendo a pervivencia dos espazos baleiros e xardíns. Todo elo cabe ó igual ó patrimonio etnográfico, protexendo muíños, canles, caneiros,, etc...elementos illados no medio, ou ben outros máis vencellados co núcleo rural, como horreos e fontes.</p>

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
		<p>Exclúense as veces ámbitos baleiros de edificación situados a carón de igrexas, pazos, rectorais, que se non foron ocupados pola edificación, das delimitación de solo de núcleo rural, preservando ditos espazos.</p>
<p>Fragmentación do territorio</p>	<p>Como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e a formación de barreiras.</p>	<p>O PXOM garante a conectividade mediante a extensión da protección das áreas fluviais, mediante a categoría de protección de augas, prtendendo os corredores fluviais e funcionando como redes de conexión entre ámbitos moi afastados.</p> <p>Todo elo as veces veces necesariamente interrompidos pola sucesión de redes de comunicación de infraestruturas e transporte de enerxía eléctrica, que no caso do concello teñen un baixo fgrado de incidencia, dada a escasa IMD das estradas, funcionando básicamente como viario de comunicación entre asentamentos rurais, o igual que as redes eléctricas, que abastecen de enerxía, fronte o seu transporte e distribución de puntos de creación á transformación.</p>
<p>Competitividade económica</p>	<p>A idoneidade da elección e da localización dos usos produtivos en relación ao grao de competitividade económica.</p>	<p>O PXOM busca unha centralización dos usos terciarios e industriais no centro urbano de Friol, asignando usos menos evolucionados ó sistema de asentamento, todo elo sen limitar as posibilidade de crecemento ou establecemento de negocios no medio rural, pero velando que o crecemento non supoña unha agresión a este.</p> <p>A produtividade vencellado co medio rural non ten dúbida, o agropecuario concentrase case concéntricamente ós núcleos rurais, ubicando os usos forestais algo mais afastados.</p>

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
Equilibrio no desenvolvemento económico	Como se atende ao feito da concentración do desenvolvemento económico nunhas áreas en detrimento doutras.	No caso dun Concello rural como este, non existen moita diversidade de alternativas, polo que é necesario a concentración precisamente no núcleo urbano, con obxecto de non agredir o medio e potenciar unicamente un foco de atracción económica.
Cohesión social	Como se contribúe á promoción da igualdade de oportunidades e de acceso aos servizos públicos.	É un obxectivo primordial do PXOM garantir a igualdade no territorio, equiparando o nivel de dotacións, servizos urbanísticos, etc... O sistema de asentamentos define estes ámbitos e otorga de considerarse necesario a previsión de novos equipamentos e dotacións, xustificando a súa ubicación.
Calidade de vida	Contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados ao contorno.	Dita contribución en expresada fundamentalmente en termos de proxección e emprego. A necesidade de fixar poboación e aumentar o seu nivel de vida ven directamente expresado mediante as posibilidades de crecemento, polo que as estratexias expostas no PXOM responden neste sentido. A adaptación ó contorno constitúe a existente, de feito a poboación non adaptada decide abandonar a súa actividade ou o Concello, polo que faise necesaria a intervención do mantemento das oportunidades como consecuencia do amntemento da poboación.
Gobernanza	A eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións.	A política existente no Concello foi dinámica, moi integradora, e de activa participación con outras Administracións, que promoveron a creación de novas infraestruturas, varios equipamentos como centros sociais, obtiveron novos espazos libres e dotaron de melloras urbanísticas distintas poboacións, entre elas o núcleo urbano de friol, no que se pavimente e realizan beirarrúas, en varios tramos, ademais das

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
		melloras nos servizos urbanísticos tales como abastecemento ou saneamento.
Calidade do aire	En que medida se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do aire que permitan un contorno saudable.	O que podemos considerar como unha variable mais difícil de cuantificar, xa que non se atopa suxeita ás determinación contidas do PXOM, si cabe destacar que o Concello, dado o seu baixo grado de desenvolvemento como elementos intrínseco e o baixo grado de mobilidade existente como factor extrínseco, crean un lugar, cercano ó núcleo urbano de Lugo de moi boas condicións atmosféricas. O computo xeral do Concello pode ser igualmente considerado como un pulmón verde, dadaa a importante concentración de áreas arboradas no seu territorio, cumprindo ca función ecoloxica de reciclaxe do aire.
Calidade da auga	Reflicte como se considera a calidade dos recursos hídricos, tanto no mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas.	Constitue un das variables mais estudadas a nivel ISA, que incorpora medidas preventivas, de control e mantemento da calidade das augas. Igualmente realizase unha avaliación dos procesos hídricos en termos de saneamento e xustificación de verquidos. Esta variable é de elevada importancia, dado o importante carácter ecolóxico das canles fluviais que atravesan o concello, que bioloxicamente suponen un refuxio vexetal e de fauna de especial relevancia.
Consumo de recursos hídricos	Refírese á forma en que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de	Crease un anexo xustificativos, onde se reflexan os datos existentes de captacións recoñecidas e as previsións demandadas polos novos desenvolvementos, sendo considerables os ratios propostos no PXOM.

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
	recursos hídricos.	
Consumo enerxético	Refírese á forma en que se consideran as necesidades enerxéticas, os esforzos na redución do consumo enerxético e potenciación de enerxías renovables.	A Normativa Urbanística recolle criterios de consumo enerxético que favorecen o aforro enerxético, tanto nos ámbitos de uso público como nos privados. Igualmente o ISA integra medidas correctoras que incorporan aspectos específicos no uso que teñen como consecuencia unha maior eficiencia enerxética.
Xeración de residuos	O modo en que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución na xeración.	O Concello xestiona o sistema de recollida, a diario no núcleo urbano e nos principais entidades de poboación. Igualmente o ISA integra medidas correctoras que incorporan aspectos específicos no uso que teñen como consecuencia menor creación de residuos.
Emisión de GEI	O modo en que se xestionan as emisións de gases efecto invernadoiro, os esforzos de cara á súa redución.	Tal e como se contempla no apartado de calidade do aire, o Concello non integra nin industrias nin infraestruturas que den como consecuencia unha alteración atmosférica notable no Concello, polo que considerase un dos aspectos
Necesidades de mobilidade	Como se inflúe nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercado.	A concentración de actividade económica na capitalidade evita a dispersión, favorecendo a mobilidade peonil ou compartida, en detrimento do reparto territorial, contemplado como alternativa estratéxica de ordenación.
Equilibrio no reparto modal	En relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a	Dada a caracterización rural do Concello, e estudadas as posibilidades de transporte colectivo, cun alto grado de dispersión da poboación, tense por garantido que a alternativa pública non supón nin unha

Aspectos clave	Consideración a realizar	Xustificación da súa consideración no PXOM
	través da potenciación doutros modos.	necesidade nin a solución a este aspecto, dada a escasa vitalidade social e económica xuto ca complexidade do territorio.

18.2.2 Proceso de decisión.

Nesta fase analízanse as seguintes cuestións:

- a) Coherencia en fervenza: relación cos obxectivos das DOT. Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos que motivan o planeamento cos obxectivos das directrices e, no seu caso, obxectivos da planificación intermedia.
- b) Coherencia transversal: relación cos obxectivos da planificación sectorial. Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos do planeamento cos obxectivos da planificación sectorial existente.
- c) Demanda social. Avaliar a metodoloxía utilizada para a estimación da demanda que motiva as actuacións do planeamento.
- d) Consideración de alternativas. Xustificación da elección. Avaliar se o planeamento é resultado da selección entre varias alternativas e a xustificación da alternativa seleccionada.
- e) Consultas e coordinación. Avaliar o grao de consenso buscado durante o proceso de planificación, dende a perspectiva de:
 - 1) Participación cidadá. Métodos.
 - 2) Consultas a outras administracións públicas. Métodos.
 - 3) Coordinación con políticas, plans e normas.

18.2.2.1 Coherencia en fervenza do PXOM cos obxectivos das DOT.

A continuación expoñense o grao de compatibilidade dos obxectivos incluídos no PXOM expoñendo de forma resumida a súa integración ou xustificación, de selo caso de aplicación ó planeamento urbanístico, ós obxectivos definidos nas DOT.

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
1. Obxectivos xerais e estrutura básica do modelo territorial				
	1.1. As Directrices proporcionan as referencias territoriais para a formulación das actuacións con incidencia territorial, polo que as distintas administracións deberán axustarse ás súas determinacións.		Integrado no proceso de tramitación do PXOM	ALTA
	1.2. Estas referencias territoriais fórmulanse para acadar os seguintes obxectivos prioritarios:			
	a. Lograr unha maior integración de Galicia aos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.		Integrado nas estratexias de obxectivos xerais do PXOM	MEDIA
	b. Contribuir á consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e da Macrorrexión Galicia-Castela León-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade desenvolvemento no noroeste peninsular.e		Integrado nas estratexias de obxectivos xerais do PXOM	MEDIA
	f. Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación		Definición do sistema de asentamentos no PXOM	ALTA
	g. Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas rurais que máis acusan os efectos da crise demográfica e da despoboación.		Desenvolvemento de áreas empresariais	ALTA
	i. Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.		Evaluación segundo as alternativas seleccionadas no ISA	ALTA
	o. Contribuir a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.		Evaluación segundo as alternativas seleccionadas no ISA	ALTA
	p. Configurar un instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento sostible e promover a conservación do patrimonio natural, recoñecéndoo como activo para o desenvolvemento de Galicia.		Determinación das variables ambientais, grado de afección e proposta de medidas correctoras	ALTA
	q. Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida, e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente ñas áreas de menor dinamismo do país.		Estudio valoración e catalogación da paisaxe	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	r. Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial cunha especial referencia, a valorización do patrimonio rural vinculado ao sistema de asentamentos rurais, nomeadamente no seu inventario, caracterización e valoración e na difusión desta información para a súa consideración por parte dos diferentes axentes económicos e institucións.		Estudio valoración e catalogación da paisaxe, xunto ca determinación da ordenación do solo.	ALTA
	s. Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propon afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordó eos principios recollidos na Estratexia galega fronte ao cambio climático.		Proposta de medidas correctoras de detectarse afección ás variables ambientais referidas.	ALTA
	t. Previr e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.		Determinación e avaliación de riscos, excluindo ditos ámbitos do desenvolvemento urbanístico ou incorporando medidas de minimización de danos ou efectos.	ALTA
	x. Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.		Avaliación do sistema de asentamentos, estrutura e equilibrio no reparto das dotacións e espazos libres, garantindo a calidade de vida na totalidade do territorio.	ALTA
	z. Potenciar infraestruturas de telecomunicación capaces de garantir a toda a cidadanía e ás empresas a súa integración nunha Sociedade da información e coñecemento, co fin de aumentar a calidade de vida, a competitividade dos sectores produtivos e a eficiencia dos servizos públicos.		Posta en marcha de medidas encaminadas ó achegamento das novas tecnoloxías da información e telecomunicacións no ISA.	ALTA
	a'. Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.		Posta en marcha de medidas encaminadas ó achegamento das novas tecnoloxías da información no ISA.	MEDIA
	1.3. Para alcanzar estes obxectivos as DOT establecen un modelo territorial cunha estrutura básica que se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos, articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai que protexer e xestionar.			
	1.3.1. O sistema de asentamentos de Galicia quedará configurado por:			

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	d. Os núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais		Queda incorporado no PXOM mediante a determinación do sistema de asentamentos.	ALTA
	Constitúen a estrutura de base da xerarquía de asentamentos no territorio, conxuntamente coas pequenas entidades de poboación.			
	Constitúen as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos, sociais e económicos, e constitúen condición básica para evitar o abandono e os seus efectos derivados.			
	Promoveranse estratexias e actuacións integradas para o consolidación de polo menos unha entidade de poboación por parroquia, para acadar a sostibilidade do modelo de accesibilidade.			
	1.3.3. Este modelo de asentamentos articularase mediante as redes de infraestruturas de transporte, de telecomunicacións, de abastecemento e saneamento de auga, de transporte e distribución de enerxía, de xestión de residuos, de equipamentos colectivos supramunicipais e de grandes áreas de actividade económica.		O sistema de asentamentos definido no documento queda artellado, segundo se reflicte nos planos e nas memorias de ordenación, polos servizos urbanísticos necesarios.	ALTA
	1.3.4. Os espazos literais, os recursos e patrimonio naturais, a paisaxe, o patrimonio cultural e a calidade ambiental son sinais de identidade que singularizan o territorio de Galicia achegando elementos de dinamización e desenvolvemento social.		Incorporase ó sistema de elementos merecedores dunha especial protección no PXOM, quedando debidamente identificados no documento e asignándoselle unha protección específica.	ALTA
	1.4. Os instrumentos de ordenación territorial, os restantes da planificación sectorial, así como os instrumentos de planeamento urbanístico, deberán xustificar a súa coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos polas Directrices de ordenación do territorio, incorporando unha valoración da correspondencia dos seus contidos con respecto ao disposto ñas DOT.		Xustificase a través do citado documento	ALTA
	1.5. Os instrumentos de ordenación territorial e os instrumentos de planeamento urbanístico serán sometidos ao procedemento de Avaliación ambiental estratéxica ou ao procedemento de Avaliación de impacto ambiental atendendo á normativa de aplicación e ao exercicio do órgano ambiental competente.		Integrado no proceso de tramitación do PXOM	ALTA
	1.6. As administracións públicas que desenvolvan actuacións con incidencia territorial actuarán axustándose aos principios de información mutua, colaboración e coordinación co obxectivo de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos.		Integrado no proceso de tramitación do PXOM	ALTA
2. O sistema de asentamentos.				

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	2.4.1. Constitúen núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais aqueles onde se localice a capitalidade municipal, así como aqueloutros que comparativamente desempeñan unha maior centralidade socioeconómica no seu ámbito.		Establecese a xerarquía mediante a diferenciación entre solo urbano e de núcleo rural.	ALTA
	2.4.2. Procurarase que se concentren nos núcleos principais dos concellos as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local.		Garantese a centralización dos equipamentos xerais fronte os locais nas capitalidade, de maior concentración de poboación e facilidade de comunicación.	ALTA
		2.4.3. O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administracións considerarán os ámbitos parroquiais nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación parroquial, para optimizar a rendibilidade social dos recursos.	Estruturase a información análise e diagnóstico, así como a ordenación na estrutura parroquial como base territorial de distribución do Concello.	ALTA
		2.4.4. Facilitarase a accesibilidade local desde os núcleos rurais dependentes, mediante a mellora das redes viarias de proximidade e impulsando estratexias de transporte público de baixa intensidade.	Realízanse estudos de mobilidade indicado a idoneidade da ubicación das novas propostas de ordenación, co obxecto de garantir acceso á meirande parte da poboación.	ALTA
3,Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades				
	3.1.1. Para aproveitar as potencialidades e vantaxes do sistema de asentamentos definido nestas DOT e corrixir as actuais disfuncións, potenciaranse os nodos ou núcleos de referencia dos diferentes niveis.		Estruturase o modelo territorial no PXOM en base a ditas determinacións.	ALTA
	3.1.2. Só poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa lexislación urbanística e os criterios e determinacións destas DOT, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable.		O solo urbano cumpre co establecido no art.11, mentres que a proposta de novos sectores de solo urbanizable realízase dacordo dunha avariación de alternativas, sendo as seleccionadas ade menor impacto e maior vantaxe económica, social e técnica.	ALTA
	3.1.3. Os instrumentos de ordenación do territorio e os plans xerais de ordenación municipal identificarán aqueles asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación para acadar os obxectivos de calidade de vida, cohesión social e integridade ambiental e paisaxística propostos no modelo territorial destas Directrices. Con dito fin, outorgaráselles a clasificación urbanística que lles corresponda atendendo á lexislación vixente.		Detectanse ditos ámbitos, incorporando ditos mbitos xa desenvolto en ámbitos de núcleo común, segundo a Lei 9/2002.	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	3.1.4. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevean o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, deberá fundamentarse ñas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.		Xustificase na Memoria de ordenación a proposta de novos sectores de solo urbanizable de uso residencial, segundo o estudio das demandas e da capacidade residencial do PXOM.	ALTA
	Ademáis, deberán cuantificar e analizar o parque actual de vivenda e o seu estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso e valorar as medidas que, de ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas, así como de estímulo á rehabilitación.		Realízase un estudio da vivenda na memoria informativa.	ALTA
	3.1.5.Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico:			
	a.Non poderán conter previsións de crecementos residenciais desvencellados dos asentamentos preexistentes salvo que se correspondan con aquelas áreas de recualificación identificadas co obxectivo de reconducir a ocupación do territorio incompatible cun modelo de desenvolvemento sustentable.dinámicas de		Os crecementos propostos teñen como obxetivos colmatar áreas vacantes, delimitadas no solo urbano segundo o planeamento vixente, colindante en todo caso ó solo urbano da proposta de ordenación.	ALTA
	b.Deberán garantir a accesibilidade e mobilidade, prestando especial atención a fórmulas de transporte sostible (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.), en función das necesidades e características de cada un deles en concreto, cal (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.), en función das necesidades e características de cada un deles en concreto, para oderivadas das previsións do planeamento.contemplan as análises necesarias baseadas na consideración das necesidades de desprazamento existentes e para o		Queda xustificada en todos os casos a satisfacción das demandas de auga, saneamento, electrificacións, etc..., así como a conexión ca rede xeral viaria.	ALTA
	d.Priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Asemade, evítanse crecementos ao longo das vías de comunicacións		Os crecementos ó longo das vías tiveron como consecuencia o actual solo urbano, o proxecto de ordenación colmata os rúes, unha cidade que fuxe das vías de comunicación e medra en sentido contrario, como se reflexa no caso dos solos urbanizables de tipo industrial	ALTA
	e.Establecerán medidas tendentes á incorporación de usos deficitarios (distintos do residencial) e á mestura de usos complementarios, evitando ordenacións monofuncionais e segregacións económicas e sociais.		Garantese media o cumprimento dos estándares urbanísticos un reparto de dotacións e espazos libres, de forma prioritaria, fronte ós	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
			usos residenciais.	
	f. Incluirase a perspectiva do metabolismo urbano ñas súas análises de partida na medida do posible, contemplando medidas para a súa mellora atendendo as consideracións contidas na Memoria destas DOT.		A ordenación urbana toma en consecuencia a cidade como ser vivo	ALTA
	g. Deberán conter as análises e a planificación precisa para que o organismo de cunha correspondente poida avahar a garantía da existencia de reservas de auga suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución da auga potable, da recollida da auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sostible, para as necesidades presentes e futuras da poboación e actividades existentes, de maneira que non se permitan novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizo a teito de planeamento.		Realízase unha recollida de información dos sistemas de abastecemento e saneamento, e xustifícase a demanda actual, así como as previsións das demandas futuras, a teito de planeamento.	MEDIA
	h. Incluirán unha parte de análise, caracterización e diagnóstico das principais actividades socioeconómicas do concello, en termos tanto de ocupación do territorio como de ocupación da poboación activa, así como das respectivas estratexias de acción futura, nomeadamente no que atinxe á utilización do solo.		Determinase un estudio socioeconómico, onde se reflexan as actividades existentes, as pasadas e intúese o marco futuro económico do Concello, podendo prever as necesidades que como resultado delas poidan xurdir.	ALTA
	3.1.6. Terán consideración de Solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, que o planeamento municipal defina e delimite. Teranse en conta unha serie de criterios: a súa clasificación en planeamentos anteriores, o número de vivendas, o grao de consolidación, a vinculación e presenza de actividades propias do medio rural e aqueles outros definidos na lexislación urbanística.		O sistema de asentamentos previstos no PXOM cumpre co establecido no art. 13 da Lei 9/2002 e as súas modificacións posteriores.	ALTA
	3.1.7. A definición do Solo de núcleo rural corresponde ao planeamento municipal, para o que se terá en conta a súa estrutura morfolóxica, a funcionalidade e a variación tipolóxica existente no sistema de asentamentos rurais.		O sistema de asentamentos previstos no PXOM cumpre co establecido no art. 13 da Lei 9/2002 e as súas modificacións posteriores.	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	3.1.8. Os instrumentos municipais de planeamento regularán os asentamentos rurais atendendo como mínimo a unha serie de criterios: tamaño medio da parcela edificable, criterios de compactación, tipoloxía construtiva, funcionalidade e dinámica dos núcleos ou a disposición das edificacións e as actividades económicas que se desenvolvan ligadas ao medio rural, nomeadamente as agroalimentarias, gandeiras e forestáis, de cara a garantir a compatibilidade entre a calidade do habitat e a viabilidade demográfica dos asentamentos rurais, a conservación do medio natural e da contorna, e unha actividade agraria competitiva e sostible.		A diferenciación entre solo de núcleo rural histórico tradicional e común, distingue dúas formas de asentamentos, que serán ordenadas e reguladas polas devanditas Ordenanzas de aplicación para cada caso.	ALTA
	3.1.9. Na delimitación dos núcleos rurais dos asentamentos de tipo polinucleares prestarase especial atención á existencia de lazos de cohesión que garantan a súa integración como tales.		Estudíase tanto a distribución da rede viaria, a forma do parcelario a toponimia de Galicia, de maior especificidade que o Nomenclator, co obxecto de garantir sistemas de núcleos de tipo polinuclear que manteñen a súa estrutura e funcións.	ALTA
	3.1.10. Co fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar as novas edificacións.		revisarase os vias internos dos núcleos rurais, non obstante o proxecto de ordenación contempla principalmente un sistema de núcleos de tipo tradicional, cunha alta consolidación pola edificación, polo tanto intentarase recoller a estrutura existente.	ALTA
	3.1.11. Respecto aos núcleos rurais, o planeamento urbanístico deberá estudar as necesidades de crecemento que teñan en conta criterios socioeconómicos, así como a tipoloxía do modelo de asentamento rural que co menor impacto posible sobre o medio se integra na contorna, identificando as dinámicas recentes de transformación e evitando conxuntos indiferenciados.		Realízase o estudo e xustifícase mediante a proposta de ordenación do sistema de asentamentos.	ALTA
	3.1.12. En solo rústico as administracións públicas non poderán executar nin financiar directa ou indirectamente obras de urbanización salvo cando estean previstas nos instrumentos de ordenación do territorio ou no planeamento urbanístico.		Recóllese na Normativa Urbanística	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	3.1.13. As actividades de turismo rural admisibles en solo rústico especialmente protexido desenvolveranse en edificacións preexistentes de interese patrimonial ou etnográfico, sempre que sexa posible ou, en todo caso, rehabilitando as edificacións tradicionais existentes. Deberán potenciarse, entre outros, os seguintes usos: termalismo, gastronomía, enoioxía, oficios tradicionais, labores agrarios, a diversificación e promoción das producións agrarias e o aproveitamento dos recursos endóxenos en xeral, así como aqueles que fomenten o contacto coa natureza, a conservación do medio natural e da biodiversidade e a interpretación da paisaxe.		Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
	3.1.14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos aos que se expon o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización do risco. Para a análise destes riscos naturais e tecnolóxicos partirase das delimitacións e estimacións realizadas polos órganos sectoriais competentes en cada caso, ou se procedese, empregaranse as fontes e metodoloxías de cálculo e estimación que estes establezan.		Determinación e avaliación de riscos, excluíndo ditos ámbitos do desenvolvemento urbanístico ou incorporando medidas de minimización de danos ou efectos.	ALTA
	3.1. Desenvolvemento e ordenación dos asentamentos			
		3.1.15. O diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas terá en conta, entre outras, as seguintes cuestións:	Incorporase estudio de parque de vivendas segundo o establecido nas DOT	ALTA
		a. A evolución recente do parque de vivenda (incluíndo as vivendas baleiras) e as tendencias na demanda.		
		b. As dinámicas demográficas, as variacións estacionais de poboación e a evolución da estrutura familiar.		
		c. As consecuencias derivadas da implantación de actividades produtivas ou de novas infraestruturas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica.		
		d. A posición no territorio, e a función que desempeña cada termo municipal dentro do sistema territorial no que se integra.		
		3.1.16. Os Plans xerais de ordenación municipal e os instrumentos de ordenación do territorio resolverán as necesidades de crecemento de conformidade eos principios de sustentabilidade e atendendo aos seguintes criterios:		
		a. Prestarase especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a súa inserción topográfica, a relación co seu contorno máis próximo, as actividades realizadas nese contorno próximo e o seu encadre parroquial, morfoloxía viaria e parcelaria, tipoloxías arquitectónicas, elementos patrimoniais e a paisaxe que entre eles componen.	Realízase un estudio pormenorizado, dividido en cuncas territoriais no presente caso, ara elaboralo estudio dos asentamentos, entender a súa morfoloxía e tipoloxía arquitectónica, dacordo co Medio rural e poder plantear unha ordenación axeitada	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
			dacordo co sistema de vida actual.	
		d.No caso de que existan zonas con risco de asolagamento estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección das canles, evitando e diminuíndo os xestión de inundacións.ambientáis e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans dedanos	Incorporase o estudio de inundabilidade segundo a demarcación Hidrográfica, sustraendo en todo caso do desenvolvemento urbanístico aquelas con riscos potenciais e mantendo os ámbitos edificados.	ALTA
		e. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade eos tramados urbanos xa existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.urbanístico e. polos seus	A elaboración do proxecto contempla na primeira fase a detección das zonas de especial interese, como paso previo á detección dos solos urbanos ou rurais, excluindo aqueles espazos de valor ou incorporandoos a ditas clases de solo, pero excluindoos do proceso urbanizador.	ALTA
		f. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media ou alta que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.	Dito modelo de ordenación é congruente co existente, polo tanto o proxecto de ordenación preve unha continuidade entre ambos.	ALTA
		g. Considerarase a mobilidade no deseño do modelo territorial de maneira que se reduza a demanda de transporte e se favorezan a intermodalidade e o transporte colectivo.	Os novos desenvolvementos atópanse ubicados en áreas de fácil comunicación, integrados no entorno urbano, en áreas interciais, de forma que garanten a mobilidade ós espazos xa existentes, e non abrindo novas áreas espalladas ou desvinculadas das actuais.	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		h. Nas obras de urbanización, sempre que sexa a opción de maior eficiencia global, e conforme á lexislación sectorial competente, contemplarase no deseño das redes de servizos (abastecemento e saneamento de auga, subministro de enerxía, telecomunicacións) que o seu trazado sexa mediante galerías subterráneas ou gabias compartidas.	Incorporase na Normativa Urbanística.	ALTA
		3.1.17. Nos ámbitos de interese do patrimonio cultural e nos núcleos vinculados ás áreas estratéxicas de conservación consideraranse prioritarias as estratexias de rehabilitación fronte ás operacións de novos crecementos.	Incorporase na Normativa Urbanística.	ALTA
		3.1.18. Nos concellos turísticos e nos territorios de preferente actuación turística fomentarase a promoción e protección dos recursos turísticos e potenciaranse os servizos de aloxamento de calidade como alternativa preferible á segunda residencia.	Incorporase nas Medidas e no Plan de seguemento do ISA.	ALTA
	3.2. Desenvolvemento das áreas empresariais			
		3.2.3. Os parques empresariais localizaranse respectando os valores ambientais (incluíndo os culturais) do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións do termo municipal e considerando os servizos de transporte colectivo preexistentes.	A elaboración do proxecto contempla na primeira fase a detección das zonas de especial interese, como paso previo á detección dos solos urbanizables, excluindo aqueles espazos de valor ou incorporandoos a ditas clases de solo, pero excluindoos do proceso urbanizador.	ALTA
		3.2.4. As Administracións públicas impulsarán medidas para favorecer a relocalización de actividades empresariais incompatibles co medio no que se insiren. Neste senso contemplarase o seu traslado a espazos adecuados as súas características e necesidades, outorgando prioridade de destino aos solos de carácter empresarial-industrial.	Integrado no proceso de tramitación do PXOM	ALTA
		3.2.5. Poderán admitirse instalacións de apoio á explotación e transformación dos recursos primarios, como pode ser a actividade agrogandeira, forestal e mineira, que poidan localizarse en solo rústico mediante os procedementos establecidos na lexislación urbanística e nos plans ou instrumentos de ordenación do territorio das administracións sectoriais implicadas. Poderanse incluír neste tipo edificacións de certa dimensión con limitacións específicas, que deben integrarse na contorna co menor impacto posible e que deberán estar dotadas dos servizos ambientais precisos. Inclúense neste grupo serradoiros, adegas, plantas de clasificación, fábricas de pensos e calquera outra de natureza agroalimentaria.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		3.2.6. Na elección das alternativas da localización das áreas empresariais primará a prevención dos seus posibles efectos sobre o medio fronte á súa corrección, mitigación ou compensación, polo que se considerarán as limitacións derivadas dos condicionantes topográficos, da proximidade a asentamentos de poboación, da posible afección ao ámbito de influencia do patrimonio natural e cultural ou doutras actividades produtivas primarias ou terciarias, da visibilidade ou fraxiidade paisaxística, etc., e deberase xustificar neste senso a idoneidade da localización finalmente seleccionada. En todo caso, estableceranse as medidas correctoras que resulten necesarias a pesar da priorización da prevención, contemplando entre elas as de Integración paisaxística.	Incorporase na fase de elaboración e avariación das alternativas dos proxectos de Ordenación no ISA.	ALTA
		3.2.7. Como elementos de dinamización e xeración dun tecido produtivo moderno e diversificado procurarase reservar e promover espazos destinados á investigación, á innovación e a viveiros de empresas. Asemade, nesta mesma liña priorizaranse aqueles espazos promovidos polos clústeres dos sectores económicos o apoiados nos resultados dos seus estudos.	Incorporase nas Medidas e no Plan de seguemento do ISA.	MEDIA
		3.2.8. Para a xestión dos seus recursos e os servizos urbanísticos asociados, os espazos destinados ás actividades empresariais ou industriais, contemplarán a alternativa dunha xestión autónoma respecto aos servizos municipais. En todo caso, a opción finalmente seleccionada será aquela de maior eficiencia dende un punto de vista Integral (funcional, económico, social e ambiental).	Incorporase nas Medidas e no Plan de seguemento do ISA.	ALTA
	3.3. Desenvolvemento das actividades produtivas no medio rural			
	Agricultura, gandería e aproveitamentos forestais			
	3.3.3. Os plans e programas das Administracións competentes establecerán os destinos prioritarios e secundarios, no seu caso, para os usos agrícola, gandeiro e forestal atendendo á capacidade produtiva identificada no estudo e POMF referido na determinación 3.3.2. Non obstante, os instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo considerarán esta asignación conforme aos principios de escala, lexibilidade e coherencia territorial necesaria.		Integrado no proceso de tramitación do PXOM	ALTA
		3.3.14. A planificación territorial e urbanística que afecte á estrutura agraria ou ao marco formal definitorio dos usos agrarios, como grandes obras de infraestrutura, explotacións mineiras, instalacións de produción enerxética, plans urbanísticos, entre outros, no seu procedemento de avaliación ambiental estratéxica ou de avaliación de impacto ambiental, segundo corresponda, poderán incluír unha análise específica da afección sectorial sobre as actividades agrarias, coas súas respectivas medidas correctoras e compensatorias se procedese, amáis de incluír á Consellería competente en materia de medio rural entre as Administracións públicas interesadas para a fase de participación pública e consultas.	Incorporase nas Medidas e no Plan de seguemento do ISA.	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		3.3.15. Defínese o solo rústico como aqueles terreos que atendendo aos seus elementos singulares de carácter produtivo agrogandeiro-forestal, ecolóxico, paisaxístico, ou como consecuencia da necesidade de previr riscos, preservar o dominio público ou manter espazos abertos, terán como destino preferente os usos que lle son propios, e así, quedar á marxe do proceso urbanizador, co que se poderá incorporar a xestión urbanística do solo preservando os seus valores.	Incorporase na fase de elaboración e avariación das alternativas dos proxectos de Ordenación no ISA.	ALTA
		3.3.16. O planeamento municipal definirá as diferentes tipoloxías de solo rústico de todo o seu termo, atendendo aos criterios establecidos na Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural e modificacións posteriores e considerando, entre outras, as delimitacións e determinacións que acheguen as administracións sectoriais con competencia nos usos inherentes á natureza deste solo rústico. Así mesmo establecerase un réxime de uso no que se salvagarde a funcionalidade de cada unha das clasificacións e o seu uso sostible.	Incorporase na fase de elaboración e avariación das alternativas dos proxectos de Ordenación no ISA e materialízase a través da alternativa escollida segundo os planos de ordenación.	ALTA
	Explotación dos recursos minerais e xeolóxicos			
	3.3.18. Os instrumentos de ordenación e plan urbanístico na elaboración das súas propostas terán en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes instrumentos, entre as súas previsións para a compatibilización dos usos existentes e potenciáis do territorio, deberán motivar calquera disposición restritiva en relación ás actividades incluídas na Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas.		Incorporase toda a Documentación existente no censo mineiro, segundo os datos facilitados pola Administración competente.	ALTA
	3.4. determinacións para os núcleos vinculados ao patrimonio rural			
		3.4.1. Os núcleos interiores vinculados ao patrimonio rural establecidos polas DOTson os que aparecen relacionados no Anexo II deste documento. Dita relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e planeamento urbanístico sempre que se xustifique axeitadamente e en coherencia cos criterios considerados na Memoria destas Directrices para a súa identificación.	Non se detectan ditos núcleos no Concello	
		3.4.2. Estes núcleos intégranse nunha contorna de gran valor rural (natural e cultural) e paisaxístico e deben conservar o seu carácter tradicional para acoller servizos turísticos e de lecer e outros usos con potencialidade de desenvolvemento. Nos concellos destes núcleos promoveranse actuacións e medidas que compatibilicen e resolvan os posibles conflitos entre usos residenciais, turísticos, gandeiros, mineiros ou da pequena industria, por medio da elaboración dos correspondentes instrumentos de planeamento de desenvolvemento.		
		3.4.3. As Administracións fomentarán medidas que favorezan a súa promoción socioeconómica e que permita xerar emprego e fixar a súa poboación.		

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		3.4.4. Os procesos de dinamización destes núcleos apoiarase preferentemente na rehabilitación e reutilización das construcións existentes e na mellora de infraestruturas e equipamentos. Cando se proxecten crecementos edificatorios estes deberán garantir a súa integración coas características naturais, culturais, paisaxísticas e urbanísticas do contorno.		
		3.4.5. Os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia coa súa posición estratéxica en relación ás Áreas estratéxicas de conservación, aos Ámbitos de interese patrimonial e á rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental.		
4. As infraestruturas e os vectores ambientais do modelo territorial				
	4.2. Determinacións relativas ás estradas			
		4.1.4. Con carácter xeral toda actuación sobre a rede de estradas incorporará medidas de mellora da seguridade vial e as necesarias para asegurar a integración ambiental e paisaxística e a protección do patrimonio cultural, prestando especial atención aos niveis de ruído.	Incorporase dita avaliación na Memoria informativa e descritiva do PXOM	MEDIA
		4.1.5. Procederá de forma progresiva á eliminación de travesías e de tráfico de longo percorrido polas zonas urbanas. A execución de variantes de poboación implicará a transferencia aos diferentes municipios daqueles tramos de estrada que foron substituídos pola nova infraestrutura no momento da súa posta en servizo e a posta en marcha de medidas de humanización.	Integrado no proceso de tramitación do PXOM	MEDIA
		4.1.6. Os plans e proxectos das administracións públicas estudarán a implantación de solucións de deseño que outorguen prioridade ao transporte colectivo (carril-bus, apeadeiros, intercambiadores...) e faciliten a mobilidade peonil, fomentando ademais a mellora das redes existentes fronte aos novos trazados.	Integrado no proceso de tramitación do PXOM	ALTA
		4.1.8. O acceso ás parcelas resultantes dos novos desenvolvementos urbanísticos deberá realizarse a través de estradas cando menos de rango local. As conexións coas estradas supramunicipais coordinarase coa administración titular da vía.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
	4.5. Sistemas de transporte e mobilidade alternativa			
	4.7.2. Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento tanto eléctrico como gasista, no seu caso, para o que deberán prever e cuantificar o aumento da demanda de enerxía en todos os sectores.			
	4.7.2. Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento tanto eléctrico como gasista, no seu caso, para o que deberán prever e cuantificar o aumento da demanda de enerxía en todos os sectores.			
	4.7.2. Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento tanto eléctrico como gasista, no seu caso, para o que deberán prever e cuantificar o aumento da demanda de enerxía en todos os sectores.			

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		4.5.5. En relación aos espazos rurais será preciso desenvolver solucións específicas que concilien as necesidades de mobilidade da poboación coa viabilidade dos servizos. Estas solucións precisarán conxugar distintas propostas como o fomento de modos de transporte colectivos adaptados ás necesidades de espazos con baixa densidade de poboación, entre os que compre destacar os servizos á demanda, como os baseados no proxecto europeo RUTO (Rural transport integration in the East of Ourense), xunto coa posta en uso da rede existente de caminos rurais, así como a rede de vías aptas para ciclistas e peóns da planificación da mobilidade alternativa.		ALTA
	4.6. Determinacións relativas ás infraestruturas de telecomunicacións			
	4.6.3. En toda planificación de obras de urbanización preveranse os espazos e sistemas necesarios que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.		Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.6.6. Todas as novas edificacións destinados a usos dotacionais, tanto públicos como privados, deberán construírse co seu respectivo proxecto de telecomunicacións.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.6.7. A implantación ou renovación de infraestruturas de telecomunicación realizarase concillando a súa maior eficiencia no servizo e a redución ou eliminación do seu impacto sobre os elementos de interese paisaxístico, ambiental ou patrimonial. A tal efecto establécense os seguintes criterios:	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		a. Outorgarase prioridade ás infraestruturas e servizos de telecomunicacións, tanto públicos como privados, vinculados aos sistemas de transportes. Así, a planificación en materia de transportes e comunicacións deberán a. incorporar actuacións específicas en relación aos sistemas de telecomunicacións, incluíndo nos proxectos de execución a revisión dos espazos necesarios para a súa posterior implantación.		ALTA
		b. Consideraranse como localizacións preferentes en calquera clase de solo as instalacións preexistentes de telecomunicación, as instalacións destinadas á publicidade, as construcións ou instalacións industriais ou comerciais e outras infraestruturas ou mobiliario urbano, sempre que sexa compatible.		ALTA
		c. As súas dimensións e características serán as que, preservando a funcionalidade da instalación, produzan un menor impacto visual.		ALTA
		d. Evitarase a implantación en lugares protexidos ben pola lexislación reguladora do patrimonio histórico ou pola de protección do medio.		ALTA
	4.7. Determinacións relativas ás infraestruturas de xeración e Abastecemento enerxético			

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	4.7.2. Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento tanto eléctrico como gasista, no seu caso, para o que deberán prever e cuantificar o aumento da demanda de enerxía en todos os sectores. Así mesmo, deberán ter en conta as posibilidades de conexión coas redes de transporte e distribución de enerxía, tanto preexistentes como de nova implantación, prevendo corredores de infraestruturas.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.7.3. Co fin de determinar a viabilidade das actuacións, as compañías subministradoras establecerán, no momento da ordenación municipal, as necesidades e o custo das infraestruturas asociadas aos desenvolvementos urbanísticos.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa, estratexia de actuación e estudo económico.	ALTA
	4.7.4. Nos novos desenvolvementos urbanísticos os tendidos e redes de instalacións enerxéticas serán subterráneos		Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.7.7. Considérase conveniente estender as infraestruturas de abastecemento de gas natural aos tramados urbanos das Áreas urbanas e, progresivamente, aos restantes nodos do sistema de asentamentos.	Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	MEDIA
		4.7.11. Os instrumentos de planificación establecerán medidas, en coordinación coas empresas subministradoras, para a eliminación progresiva dos tendidos aéreos nas zonas de influencia das zonas de interese patrimonial natural e cultural.	Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa e na Normativa Urbanística	MEDIA
		4.7.12. Os instrumentos de planeamento urbanístico contemplarán accións e determinacións que contribúan a executar os seguintes obxectivos do metabolismo urbano enerxético: a. Integrar o concepto de eficiencia enerxética na organización das cidades, no deseño urbanístico, na edificación, nos sistemas de mobilidade e accesibilidade e na xestión urbana, tanto en sectores residenciais de nova construción como en tecidos urbanos preexistentes. b. Establecer no planeamento urbanístico un nivel mínimo de enerxías renovables e un determinado grao de autosuficiencia enerxética que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia. c. Adaptar a morfoloxía urbana, as tipoloxías e o deseño dos espazos exteriores ás condicións bioclimáticas. d. Diseñar, onde resulte posible e de interese, estruturas urbanas compatibles con sistemas centralizados de calefacción.	Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa e na Normativa Urbanística	ALTA
	4.8. Determinacións relativas ao ciclo integral da auga			
	4.8.1. A planificación que conteña os plans e programas sectoriais, os instrumentos de ordenación do territorio e o planeamento urbanístico deben ser acordes coa planificación hidrolóxica, considerando a auga como un sistema complexo que abrangue as augas continentais, tanto superficiais como subterráneas, as augas de transición e as costeiras, independentemente do seu tamaño e características, así como as augas moi modificadas ou augas artificiais.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	<p>4.8.2. Esta planificación orientase polos seguintes principios xerais relacionados coa auga:</p> <p>a. Protección e mellora do estado de todas as augas.</p> <p>b. Prevención da deterioración adicional, protección e mellora do estado dos ecosistemas acuáticos, dos ecosistemas terrestres e zonas húmidas que dependan destes.</p> <p>c. Garantía do subministro suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado, e promover o seu uso sostible, equilibrado e equitativo.</p> <p>d. Promover a xestión sostible da auga baseada na protección a longo prazo dos recursos hídricos</p>		<p>Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.</p>	<p>ALTA</p>
	<p>4.8.3. Para acadar estes obxectivos a planificación territorial establecerá as medidas necesarias no relativo a:</p> <p>a. Establecer medidas concretas para a redución de vertidos, emisións e perdas de substancias prioritarias e a interrupción ou supresión gradual de vertidos, que permitan garantir a redución progresiva da contaminación das augas.</p> <p>b. Respetar as zonas protexidas delimitadas.</p> <p>c. Respetar as limitacións establecidas en zonas inundables de cara a minimizar os efectos das inundacións.</p> <p>d. Garantir o subministro suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado.</p> <p>e. Contribuír a paliar os efectos das inundacións e as secas.</p>		<p>Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.</p>	<p>ALTA</p>
	<p>4.8.4. As infraestruturas hidráulicas de abastecemento e saneamento constitúen o conxunto de elementos construídos ao servizo do ciclo integral da auga, e que engloban:</p> <p>a. A garantía de dispoñibilidade do recurso.</p> <p>b. A posibilidade da súa utilización.</p> <p>c. A captación, tratamento, transporte e distribución de auga potable.</p> <p>d. A recollida da auga residual e a súa condución ás estacións depuradoras.</p> <p>e. A depuración das augas residuais.</p> <p>f. A reutilización ou vertido ao medio receptor nas condicións indicadas polas distintas normativas sectoriais.</p> <p>g. A xestión da auga de escorrentía en redes unitarias e separadoras mediante a aplicación de Técnicas de drenaxe urbana sostible (TDUS), xa sexan en orixe (non estruturais e independentes da tipoloxía da rede) ou augas abaixo das redes (estruturais), que serán diferentes segundo as redes sexan unitarias ou separadoras.</p>		<p>Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.</p>	<p>ALTA</p>
	<p>4.8.5. Esta planificación orientase polos seguintes obxectivos xerais relacionados coas infraestruturas hidráulicas:</p> <p>a. Garantir o subministro suficiente de auga superficial ou subterránea en bo estado, e promover o seu uso sostible, equilibrado e equitativo cerrando o ciclo da auga.</p> <p>b. Reducir de forma significativa a contaminación de todas as masas de auga: continentais (superficiais e subterráneas), de transición e costeiras.</p> <p>c. Acadar os obxectivos dos acordos internacionais que teñen por finalidade previr e erradicar a contaminación do medio mariño.</p>		<p>Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.</p>	<p>ALTA</p>

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	4.8.6. As Administracións e concesionarios velarán por un mantemento técnico das redes de distribución de auga que reduzan o nivel de perdas, e na planificación das súas actuacións de reforma e mellora procurarán un obxectivo de "perda cero".		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.7. As Administracións non poderán executar nin autorizar novas redes de subministro de auga fóra dos núcleos urbanos ou rurais, sen ter en conta os criterios establecidos de planificación territorial, de planificación hidrolóxica e as previsións dos plans de abastecemento. Poderanse autorizar no caso de que se trate de: a. Novos desenvolvementos residenciais ou industriais previstos por instrumentos de ordenación do territorio ou polo planeamento urbanístico. b. Dotacións, infraestruturas ou instalacións previstas por instrumentos de ordenación do territorio. c. Os sistemas de abastecemento para o rego ou abastecemento de explotacións agrarias. d. Redes principais de transporte de auga.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.8. As actividades que se desenvolvan en solo rústico abasteceranse por medios propios, sempre que se obteña a autorización administrativa para a extracción da auga en condicións de sostibilidade. Alí onde xa existen redes de abastecemento de auga, poderanse servir delas, tras autorización, cando non comprometan o abastecemento ás vivendas actuais.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.9. Non se poderán executar novos desenvolvementos residenciais, industriais ou comerciais, dotacións, ou explotacións agroforestais ou mineiras se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais (TDUS) conforme a criterios de sostibilidade e á planificación hidrolóxica.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.10. En calquera caso, no estudo de alternativas, priorizaranse as localizacións nas que se poidan aproveitar redes existentes fronte ás que implican a construción de novas redes, aínda que estea garantido o seu financiamento.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.11. Calquera novo desenvolvemento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais. Inclúranse as TDUS (técnicas de drenaxe urbana sostible) precisas para garantir dun xeito cualitativo e cuantitativo a volta da auga pluvial ao medio receptor.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.12. As redes de evacuación de augas residuais para os novos desenvolvementos urbanísticos conducirán a elementos ou instalacións de depuración que garantan que os efluentes cumpran os límites ambientais establecidos legalmente.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	4.8.13. Co fin de determinar a viabilidade das actuacións, as compañías titulares das infraestruturas establecerán, no momento da ordenación municipal, as necesidades e o custo das infraestruturas hidráulicas asociadas aos desenvolvementos urbanísticos.		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	<p>4.8.14. No contexto dos núcleos rurais, os sistemas de abastecemento e saneamento poderán contemplar solucións específicas adaptadas ás particularidades do medio rural no que se atopan, como poden ser as tecnoloxías de baixo custo ou outras de tipo autónomo.</p> <p>Respecto aos sistemas de tratamento de augas residuais poderase analizar o uso de sistemas alternativos aos convencionais como poden ser as gabias filtrantes, filtros verdes, zonas húmidas artificiais, lagoas ou sistemas combinados naqueles asentamentos onde debido á súa localización ou tamaño, os custos da construción e mantemento dunha EDAR ou o transporte das augas residuais ata unhas instalacións deste tipo, sexan maiores que o da implantación dalgún dos sistemas alternativos propostos, rexéndose na determinación por criterios de eficiencia e sostibilidade e sempre e cando sexan compatibles cos criterios sinalados polo organismo de conca en materia de vertidos, en función das características do medio receptor.</p>		Incorporase a xustificación na Memoria descritiva e xustificativa.	ALTA
	<p>4.8.15. O contorno dos ríos, regueiros e encoros de Galicia terán a consideración de Solo rústico de protección das augas, e quedará excluído do proceso urbanizador e sometido ao réxime de uso que para esta clase de solo establece a lexislación urbanística, e limitándose especialmente os usos en zona de fluxo preferente.</p> <p>A delimitación deste solo rústico de especial protección de augas polo planeamento urbanístico nunha área inferior á zona de policía de augas deberá xustificarse empregando estudos e análises de asolagamento, determinados polo organismo de cunca correspondente.</p>		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
	<p>4.8.16. Elaborarase por parte da Administración autonómica ou polos organismos de conca cartografía de zonas inundables de Galicia e estableceranse as medidas necesarias para previr os danos por inundacións sobre persoas e bens. Con carácter xeral estes terreos non poderán ser obxecto de transformación urbanística e, en todo caso, limitaranse os usos permitidos.</p>		Plan de Cauces, integrado na Directiva 'Marco del Auga'	ALTA
		4.8.17. As Administracións fomentarán a transferencia paulatina á titularidade pública das redes veciñais de abastecemento de auga.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		4.8.18. Nas explotacións agroforestais, zonas industriais e comerciais, parques públicos e zonas residenciais de vivendas con xardíns privados, así como, en xeral, en novas zonas de desenvolvemento urbanístico, preveranse Técnicas de drenaxe urbana sostibles (TDUS) en orixe (detención, retención ou filtración da auga pluvial) que poden ser útiles como sistemas de almacenamento de augas pluviais para o rego, o proceso industrial ou a limpeza do espazo público.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.8.19. As Administracións desenvolverán accións para a paulatina substitución de redes unitarias por redes separadoras sempre que sexa posible, garantindo a calidade da auga pluvial no vertido ao medio receptor ou na súa reutilización mediante TDUS en orixe ou estruturais como estanques de retención, de detención, etc. Cando sexa inviable a separación das redes aplicaranse TDUS en orixe para minimizar a entrada da auga pluvial nos sistemas de saneamento (pavimentos porosos, gabias de infiltración, etc.) e aplicaranse TDUS estruturais (na rede) como tanques de detención, tanto para garantir a calidade da	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		auga en exceso que alivie cara ao medio receptor como para permitir a xestión do volume de auga resultante na rede e nas estacións depuradoras.		
		4.8.20. As novas urbanizacións reducirán ao mínimo posible o selado do solo, mediante a utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes ou sen pavimentar.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.8.21. As Administracións desenvolverán as actuacións precisas para a mellora e adaptación das redes de saneamento.	Recollese na Normativa Urbanística e no proxecto de ordenación.	ALTA
		4.8.22. Na planificación das redes de estacións depuradoras, as Administracións estudarán a viabilidade de execución de sistemas para a reutilización das augas logo de depuradas para o rego, o proceso industrial ou a limpeza do espazo público polo que a súa localización debe estar acorde con este obxectivo.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.8.23. Con carácter xeral, evítanse as canalizacións cubertas dos cursos de auga.	Recollese na Normativa Urbanística	ALTA
		4.8.24. Para as canalizacións e rectificacións do leito propónse a adopción de solucións brandas (noiros verdes, diques revexetables, dobres leitos, etc.) que compatibilicen a prevención de inundacións coa conservación da vexetación da ribeira para favorecer a vitalidade ecolóxica dos ríos.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		4.8.25. Nos casos en que, conforme á lexislación urbanística, as correntes de auga de escasa entidade queden integradas nos sistemas de espazos libres públicos en solo urbanizable, manterase o seu curso e as súas características naturais procurando conservar a vexetación de ribeira.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		4.8.26. Como criterio xeral, para as zonas inundables en solo urbano e nos núcleos rurais as administracións competentes desenvolverán as medidas de xestión ou estruturais precisas para minimizar os efectos das inundacións, sempre dentro dun marco de planificación e restrición de usos que minimicen os danos.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		4.8.27. Como criterio xeral, as administracións competentes dos distintos usos e actividades consumidores de auga impulsarán o aforro e a eficiencia no seu uso. No ámbito específico da edificación, contemplarase un nivel mínimo de autosuficiencia, como podería ser a través da recollida das augas pluviais nos edificios ou o emprego de sistemas de aproveitamento de augas grises, así como a instalación de solucións tecnolóxicas de aforro e maior eficiencia.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
5. equipamentos supramunicipais				

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	5.1. Os equipamentos colectivos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos, administrativos e recreativos planificaranse de acordo co sistema xerarquizado de asentamentos que define o modelo territorial destas directrices, co fin de acadar un axeitado grao de cobertura para a poboación e a optimización de recursos, tendo en conta as diferentes esferas de influencia dos equipamentos segundo o tipo, a función e o destino concreto.		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
	5.4. Este sistema de equipamentos supramunicipais complementase cos equipamentos de nivel de influencia local, que se sitúan nos principais núcleos municipais e parroquiais, para garantir a súa axeitada dotación ata a escala máis próxima a toda poboación.		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
7. O Patrimonio Natural				
	7.1. Determinacións de carácter xeral			
		7.1.1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		7.1.2. As actuacións territoriais e sectoriais considerarán como prioritarios os seguintes obxectivos e criterios de protección do patrimonio e dos recursos naturais: a. Favorecer o mantemento da integridade funcional dos sistemas naturais. Neste senso os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico pularán por: a.1. Fortalecer as funcións de conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas (espazos protexidos pola normativa ou convenios de conservación da natureza internacional, comunitaria, nacional ou galega), establecendo medidas que contribúan a garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario e das especies de flora e fauna protexidas. a.2. Promover a protección e valorización doutros posibles elementos, formacións ou espazos con valores de calquera tipo físico-natural (xeolóxico, morfolóxico, paleontolóxico, biolóxico, etc.), identificados nalgún outro catálogo ou normativa ou mesmo que poidan ser identificados a través dos devanditos instrumentos e presenten un interese supramunicipal ou local, de maneira complementaria ás áreas protexidas. b. Facilitar a conectividade ecolóxica entre as distintas áreas protexidas, así como dentro destas, e entre os restantes posibles espazos de interese, favorecendo a funcionalidade dunha rede de corredores ecolóxicos e adaptando con este fin as infraestruturas e estruturas que supoñen un efecto barreira, tales como tendidos eléctricos, infraestruturas de comunicación, infraestruturas hidráulicas, etc. c. A restauración dos espazos deteriorados e a prevención de impactos ambientais, incorporando criterios de integración ambiental ás actividades con incidencia no medio. d. Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		<p>sostible do territorio, mediante:</p> <p>d.1 A incorporación dos plans e estratexias de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade ás iniciativas de protección do patrimonio cultural e de desenvolvemento socioeconómico, como factor esencial para garantir a súa conservación e incentivar a súa mellora e como factor de desenvolvemento endógeno das zonas rurais.</p> <p>d.2 O deseño de estratexias territoriais para a revalorización das oportunidades do medio rural e para evitar situacións de presión sobre espazos e recursos fráxiles.</p> <p>d.3 A incorporación e promoción de reservas da biosfera á política territorial da Comunidade.</p> <p>d.4 A xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolven no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial. Débense producir cambios estruturais que garantan a viabilidade das actividades agropecuarias sostibles. Cando esta opción non sexa viable haberá que introducir usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio. Entre estas considéranse prioritarias as accións de reforestación naqueles ámbitos nos que se poida dar lugar tanto con criterios de uso múltiple, como á recuperación de hábitats de interese comunitario que se atopen alterados ou degradados por causas antrópicas. En todo caso, pularase polo fomento de especies autóctonas, establecendo medidas para minimizar a presenza de especies invasoras. Igualmente promoverase a protección e valorización da actividade agraria como factor de mantemento da paisaxe e da naturalidade.</p> <p>e. A redución dos procesos erosivos como factor necesario para o desenvolvemento dos ecosistemas e o aproveitamento dos usos potenciais dos terreos, desenvolvendo accións de conservación de solos e regulando aquelas actividades susceptibles de incrementar os procesos de erosión.</p>		
		<p>7.1.3. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos, así como os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos segundo a lexislación de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural, deberán tomar medidas de prevención, corrección, mitigación e adaptación ás consecuencias de alta probabilidade do cambio climático, considerando así mesmo as de media certeza, atendendo ás previsións e estudos realizados polos organismos e institucións con competencia na materia, sen menosprezo das directrices e orientacións que se establezan no Plan marco galego de acción fronte ao cambio climático..</p>	<p>Incorporase no proxecto de Ordenación</p>	<p>ALTA</p>
		<p>7.1.4. Na elaboración e redacción dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos teranse presentes os catálogos de especies ameazadas, os correspondentes plans de conservación e documentación concorrente.</p>	<p>Incorporase no proxecto de Ordenación</p>	<p>ALTA</p>
	<p>7.2. Determinacións para a ordenación das Áreas estratéxicas de con-</p>			

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	servación e corredores ecolóxicos			
	<p>7.2.1. As Áreas estratéxicas de conservación, como ámbitos de especial valor natural e ecolóxico, corresponderanse con algún dos dous grandes grupos de áreas que se expoñen a continuación e quedarán sometidas ás seguintes determinacións:</p> <p>A. Ás áreas protexidas establecidas pola lexislación estatal (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio natural e da biodiversidade, BOE n.º 299, 14/12/2007) e autonómica (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da natureza, DOG n.º 171, 04/09/2001), en materia de espazos naturais e conservación da natureza, que serán ordenadas mediante os seus correspondentes plans e instrumentos específicos (Plan de ordenación dos recursos naturais, Plan reitor de uso e xestión, Plan de acción). As futuras declaracións de novos espazos protexidos, como a prevista ampliación da Rede Natura, suporán a automática cualificación deses espazos como áreas estratéxicas de conservación.</p> <p>B. Outras posibles áreas ou formacións que poidan presentar valores de calquera tipo físico ou natural cun interese local ou supramunicipal, e que complementen a funcionalidade das xa protexidas, revalorizando todo o territorio. Para este tipo de áreas complementarias, o planeamento territorial e urbanístico deberá realizar unha análise que permita a súa identificación e consideración. A tal efecto, os elementos ou formacións incluídos nos inventarios ou catálogos que figuran no Anexo III constituirán o punto de partida subsidiario como áreas complementarias, ata que os devanditos instrumentos os poidan concretar coa precisión adecuada á súa correspondente escala de aproximación ao territorio.</p>		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
	7.2.2. Os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico deberán prever mecanismos de conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos, cando menos entre as Áreas estratéxicas de conservación. Para a identificación destes corredores ecolóxicos consideraranse os cursos fluviais, as áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que sos ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formacións de interese ecolóxico.		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
	7.2.3. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico incorporarán unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biotopos, integrando valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico.		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		7.2.5. Corresponderalles aos instrumentos de ordenación territorial e do planeamento urbanístico establecer a regulación pormenorizada dos usos e da cualificación dos solos dos ámbitos das áreas identificadas como complementarias referidas no punto 7.2.1.b, en función do nivel de alcance das súas determinacións e considerando os obxectivos e criterios xerais establecidos na epígrafe 7.1. Determinacións de carácter xeral.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		7.2.7. Os servizos e instalacións asociados ao uso e xestión das Áreas estratéxicas de conservación e ás diferentes actividades que desenvolver nelas localizaranse preferentemente nos núcleos de poboación e nas edificacións tradicionais existentes no seu interior ou no seu contorno inmediato.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
	7.3. Determinacións relativas á rede de Áreas de interpretación da			

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	natureza e de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental			
		7.3.1. Desenvolverase unha rede de Áreas de interpretación da natureza formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico e natural natural, a ser un recurso de educación ambiental que promova a comprensión e coñecemento dos valores dos sistemas naturais, e para o cumprimento dos obxectivos relacionados na parte correspondente da Memoria.		ALTA
		7.3.2. A rede de Áreas de interpretación da natureza estará integrada polos ámbitos compatibles con usos de ocio e de educación ambiental considerando as restantes propostas do modelo territorial relativas á recualificación do litoral, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais, sempre nos termos que estableza a normativa específica de cada caso. Porén, figurarán incluídos nesta rede os espazos acondicionados polas diferentes administracións para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre, así como aqueles espazos ou áreas con recursos de educación ambiental.		ALTA
		7.3.3. A intensidade de uso das Áreas de interpretación da natureza deberá sempre formularse por debaixo da súa capacidade de carga, evitando deterioracións sobre os recursos naturais e creando os sistemas de xestión que permitan garantir un uso sostible destes espazos.		ALTA
		7.3.4. O viario interior deseñarse en función do grao de accesibilidade que se considere axeitado para as distintas zonas de cada ámbito, e serán prioritarios os destinados a usos ciclistas, peonís e ecuestres. As zonas de acceso dotaranse de áreas de aparcadoiros axeitadamente integradas e dimensionadas.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		7.3.5. Desenvolverase un sistema de itinerarios que constituirán a rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental, formando un conxunto de elementos lineais, que conecte entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural, e as áreas de interpretación da natureza, e permita completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio e conseguir valorizar estes recursos, favorecendo, ademais, o mantemento dos fluxos ecolóxicos básicos, polo que nalgúns casos poderían formar parte da rede de corredores ecolóxicos. Entre os elementos de interese paisaxístico e cultural prestarase especial atención ás paisaxes agrarias tradicionais para a súa inclusión no sistema de itinerarios.		ALTA
		7.3.6. A rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental deberá planificarse maioritariamente a través de elementos existentes e executarse evitando calquera efecto negativo sobre os espazos naturais protexidos e sobre os compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, especialmente sobre os hábitats prioritarios de interese comunitario, recuperando antigos camiños, corredoiras e sendas, con métodos respectuosos co ámbito e que non supoñan unha mingua na súa calidade paisaxística. Neste senso, esta rede poderá incluír os itinerarios de uso público establecidos nas áreas protexidas, os paseos marítimos e fluviais, os parques periurbanos, etc.		ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		7.3.7. A circulación ao longo dos Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental limitarase, en función da súa capacidade de carga, ao tránsito peonil, bicicletas ou cabalerías, salvo nos tramos de viario abertos ao tráfico de vehículos a motor que se integren nesta rede e que se acondicionarán con criterios de percorridos paisaxísticos. Nos itinerarios que discorran por áreas protexidas, o réxime de uso estará suxeito ás determinacións dos seus correspondentes instrumentos de planificación e ás necesidades de cumprir cos obxectivos de conservación de cada espazo.		ALTA
		7.3.8. Os posibles equipamentos e instalacións de apoio a estes itinerarios deberán desenvolverse sobre edificacións existentes na medida do posible. Asemade, a posible utilización de mobiliario urbano-rural deberá ser respectuosa e acorde cos elementos naturais do territorio, evitando a artificialización e unha excesiva humanización.		ALTA
8. A Paisaxe				
	8.1. As Administracións públicas integrarán, conforme aos criterios da Lei 7/2008 de 7 de xuño de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre ela.			ALTA
	8.3. Calquera actuación sobre o territorio incluírá, no marco do proceso de avaliación ambiental, un estudo de impacto e integración paisaxística.			ALTA
	8.4. Os Catálogos e directrices de paisaxe, considerados no seu conxunto, concíbense como un instrumento normativo complementario aos instrumentos de ordenación do territorio, por canto achegan uns obxectivos e disposicións baseados nas relacións funcionais de todos os elementos estratéxicos do territorio e contribúe a unha gobernanza máis participativa.			ALTA
	8.5. En ausencia dos Catálogos e Directrices de paisaxe, os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico considerarán a perspectiva global e integral da paisaxe e seguirán as definicións e criterios xerais recollidos na parte correspondente da Memoria destas Directrices.		Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		8.6. O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestado especial atención ás tipoloxías edificatorias, ás medianeiras vistas e aos peches, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumeadado público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiro de vehículos.	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
		8.8. Os instrumentos de ordenación territorial identificarán as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas á mellora da imaxe do territorio prestando especial atención ás posibilidades existentes para restaurar ámbitos deteriorados	Incorporase no proxecto de Ordenación	ALTA
8. O Patrimonio cultural				

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	9.2. As Administracións fomentarán a preservación do patrimonio cultural mediante medidas de protección e de accións positivas para a súa restauración, rehabilitación e conservación.			ALTA
	9.3. Calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación. Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.		Incorporase no proxecto de Ordenación e na Normativa Urbanística.	ALTA
	9.4. As intervencións nos bens do patrimonio cultural deberán estar encamiñadas á súa conservación e mellora, debendo garantir a súa protección, revalorización e difusión, integrándoas de xeito harmónico no territorio e na paisaxe. En todo caso, deberán respectar as súas características esenciais sen prexuízo de que poida autorizarse o uso de elementos, técnicas ou materiais actuais para a mellor adaptación do ben ao seu uso.		Incorporase no proxecto de Ordenación e na Normativa Urbanística.	ALTA
	9.5. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos Ámbitos de interese do patrimonio cultural relacionados no Anexo IV, así como aqueloutros ámbitos susceptibles de presentar valores patrimoniais de calquera das súas manifestacións. Particularmente deberase garantir a compatibilidade do desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas cos anteditos Ámbitos de interese do patrimonio cultural e os seus Plans especiais previstos na Lei 8/1995, do patrimonio cultural, cando corresponda		Incorporase no proxecto de Ordenación e na Normativa Urbanística.	ALTA
	9.6. O planeamento urbanístico promoverá a revitalización urbana das zonas históricas considerándoas como espazos emblemáticos esenciais na imaxe da cidade e como ámbitos residenciais e de actividade que deben potenciarse, dotándoas das condicións urbanísticas e de relación co resto da cidade necesarias para reforzar a súa vitalidade e atractivo, así como a rehabilitación dos núcleos rurais de interese patrimonial. Asemade, o planeamento urbanístico contemplará a arquitectura e as paisaxes vinculadas ao sector agrario e ao medio rural e promoverá a súa rehabilitación, dotándoas de condicións que reforcen o seu interese patrimonial e cultural.		Incorporase no proxecto de Ordenación e na Normativa Urbanística	ALTA
		9.9. As Administracións priorizarán as estratexias de rehabilitación sobre os Ámbitos de interese do patrimonio cultural contemplados no Anexo IV.		ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
		9.10. As Administracións fomentarán a reutilización de edificios do patrimonio cultural en desuso para destinalos a novos fins, outorgando preferencia a aqueles usos que sexan máis compatibles cos orixinais da edificación, para o que se deberán ter en conta, en todo caso, as limitacións que poidan establecerse nos instrumentos que fixen a protección concreta do elemento patrimonial do que se trate.		ALTA
		9.12. O planeamento urbanístico municipal, na delimitación dos ámbitos de interese patrimonial en solo rústico, especificará as áreas ás que asignar a categoría de protección patrimonial ou histórica.	Incorporase no proxecto de Ordenación e na Normativa Urbanística	ALTA
10. Aplicación, desenvolvemento e revisión das directrices de ordenación do territorio				
	10.1. Determinacións para o desenvolvemento das Directrices			
	10.1.18. Co fin de acadar unha adecuada coordinación territorial, os instrumentos de ordenación territorial, e de urbanismo en ausencia destes, axustaranse ás determinacións das DOT, concretando aquelas que se desenvolvan de xeito particular no seu ámbito de actuación, evitando redundancias e incoherencias. Asemade, incluirán unha Análise de compatibilidade estratéxica (ACE) nos termos nos que se recolle no Informe de sustentabilidade ambiental destas Directrices, para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puideran xerar. Tanto a xustificación da integración das determinacións das presentes determinacións como a ACE deberán formar parte da documentación de ditos instrumentos.		Incorporase no proxecto de Ordenación e na Normativa Urbanística	ALTA
	10.2. Determinacións para a aplicación, modificación e revisión das Directrices			
	10.2.1. Corresponde á Consellería competente en materia de ordenación do territorio: a. A interpretación das Directrices de ordenación do territorio. b. Formular e tramitar os Plans territoriais integrados, podendo definir en cada caso os mecanismos máis axeitados de cara unha maior coordinación e colaboración interadministrativa. c. Marcar criterios de referencia e informar, con carácter previo á súa aprobación, os instrumentos de ordenación do territorio tramitados por outras Consellerías. d. Informar sobre o nivel de correspondencia co modelo territorial definido polas DOT dos Plans e Programas promovidos pola Administración do Estado e polos organismos e as entidades desta dependentes que incidan sobre o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.			ALTA
	10.2.5. As determinacións das DOT serán de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento urbanístico, agás aqueles aprobados provisionalmente ou definitivamente á entrada en vigor das DOT.			ALTA

Epígrafe	Determinación excluíntes	Determinacións orientativas	Coherencia do PXOM cas DOT	Grao de compatibilidade
	10.2.9. A función das imaxes e gráficos incluídos na Memoria das DOT é a de apoio gráfico e visual, sen que deles deriven delimitacións normativas, posto que estas son ou serán establecidas polos instrumentos de ordenación e de urbanismo que as desenvolvan.			ALTA

18.2.3.1 Coherencia transversal.

Procede de seguido o análise dos Plans e programas de incidencia supramunicipal e a súa integridade transversal co PXOM.

PLAN DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL	OBXETIVO DO PLAN	INTEGRACIÓN E COHERENCIA NO PXOM
Plan de Xestión de Residuos Industriais e solos contaminados.	<p>O Plan de Xestión dos Residuos Industriais e Solos Contaminados de Galicia xorde como consecuencia da necesidade de planificar, informar, debater e consensuar co apoio de tódolos axentes, a axeitada xestión dos Residuos Industriais e Solos Contaminados xerados en Galicia. Os principios estratéxicos do Plan emanan da normativa europea e estatal de xestión de residuos, no marco da sostibilidade que persegue o Quinto Programa de Acción da Unión Europea.</p> <p>Nel expóñense os principios e as opcións estratéxicas da xestión avanzada de residuos, así como as condicións de contorno nas que se desenvolve e se vai desenvolver no futuro a xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados de Galicia. Coa presentación deste Plan, non soamente se trata de maneira integrada a problemática que xeran os residuos en Galicia, senón que a súa elaboración supón un intento por lles dar resposta, nesta materia, ós obxectivos básicos que se recollen na Estratexia Galega de Residuos. Este Plan pretende facerse eco da realidade existente en Galicia en canto á xeración de Residuos Industriais. Para chegar a coñecer en profundidade esta realidade, realizouse un exhaustivo Inventario de Residuos Industriais que deu como resultado o coñecemento da cantidade de residuos xerados e das vías de xestión empregadas polas empresas galegas para eliminar estes.</p>	<p>Non existen actividades que supoñan risco de contaminación dos solos. Os residuos derivados das actividades industriais teñen garantizado o seu tratamento mediante recollida por xestor autorizado.</p> <p>Non existen vertedoiros ubicados no Concello, polo que non se describen procesos contaminantes ó solo.</p>
Plan de Xestión de residuos solidos urbanos de Galicia	O plan de xestión desenvolto pola Xunta para a comunidade	O PXOM incorpora as determinacións estratéxicas

	<p>autónoma, establece as bases para impulsar e mellorar a xestión dos residuos urbanos en Galicia, mediante a aplicación de medidas de aplicación, principalmente de tipo preventivo, segundo liñas de acción estratéxicas.</p>	<p>incluídas no PXRUG, principalmente no tocante ós novos desenvolvementos e as actividades que se pretendan realizar no polígono industrial de Friol.</p> <p>O ISA establece medidas correctoras en base as estratexias do Plan.</p>
<p>Plan Director de Conservación da rede Natura 2000</p>	<p>O PDCRNG ten como obxectivo o establecemento, dun conxunto de medidas de planificación e xestión para os lugares que integran a Rede Natura 2000 na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e dos hábitats das especies silvestres de flora e fauna establecidas nos Anexos II, IV, V da DC 92/43/CEE e no Anexo I da DC 79/409/CEE. Medidas orientadas a evitar que nos devanditos lugares, e as futuras zonas especiais de conservación (ZEC), se produzan alteracións ou deterioracións significativas no que respecta aos obxectivos de conservación contemplados en ambas as dúas directivas europeas.</p>	<p>Quedan ó disposto neste plan os dous ámbitos LIC qu conforman a rede Natura 2000 no ámbito de Friol.</p> <p>A zonificación establecida en función da compatibilidade de usos nestes espazos será de aplicación no ámbito do PXOM, garantindo a total compatibilidade entre ambas normativas.</p>
<p>Plan de Saneamento de Galicia 2008-2015</p>	<p>Dito Plan contén a planificación das actuacións relativas ó saneamento para o conxunto da Comunidade Autónoma.</p>	<p>Incorporanse tanto a información como as determinacións contidas no Plan con respecto ó Concello de Friol.</p> <p>O PXOM detecta ademais as posibles deficiencias na rede de saneamento, establecendo as medidas en termos de actuación, así como as preventivas.</p>
<p>Plan de Abastecemento de Galicia</p>	<p>Dito Plan contén a planificación das actuacións relativas ó abastecemento para o conxunto da Comunidade Autónoma.</p>	<p>Incorporanse tanto a información como as determinacións contidas no Plan con respecto ó Concello de Friol.</p> <p>Incorporanse tanto na estratexia de actuación como no estudo económico as previsións establecidas para o Concello para tratar de melloralos servizos de distribución de auga, así como as de manter a calidade desta</p>

<p>Proxectos sectoriais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto Sectorial d Parque Eólico de Peña Armada • Proxecto Sectorial do Parque Eólico da Cova da Serpe • Proxecto Sectorial da Ampliación do Parque Eólico da Cova da Serpe 		<p>para consumo humano.</p> <p>Os proxectos sectoriais existentes no Concello teñen como obxectivo o desenvolvemento de parques eólicos.</p> <p>Incorporase o proxecto de ordenación a súa área de afición urbanístico territorial, en función da poligonal establecida no propio proxecto ou a área que o propio proxecto así o determinase.</p>
--	--	---

18.2.3.2 Demanda social.

A traducción dunha demanda social nos termos de planeamento urbanístico ven determinado polas actividades construtivas e non construtivas que permite o PXOM.

Primeiramente a demanda de solo edificable, tanto para vivenda como para outro tipo de uso, materializarase a través do proceso de exposición pública na fase de aprobación inicial do PXOM.

No tocante ós usos non construtivos, as actividades permitidas, autorizables e prohibidas virán dadas pola articulación pertencente á Normativa do PXOM.

A demanda igualmente poderá ser manifestada a través do uso público, en función da distribución de equipamentos e dotacións distribuídos no Concello, así como outras determinacións directamente impostos polo PXOM (mobilidade, etc...) que poden ter repercusión no desenvolvemento das actividades no Concello.

18.2.3.3 Consideración de alternativas.

As alternativas de planeamento que se describen no presente ISA valóranse en base á integración dos criterios e obxectivos de sustentabilidade establecidos no Documento de Referencia remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

A avaliación cualitativa das alternativas realízase a partir do grao achegado, valorado de 1 a 10, representando 10 a maior consecución dos obxectivos de sustentabilidade. Valóranse tanto as accións como os efectos que permiten conseguir un plan máis sustentable.

Análizanse varias alternativas, que se describen a continuación:

1. A **ALTERNATIVA 0**: É aquela que se basea no mantemento da situación actual do territorio, sen modificación do planeamento nin do modelo territorial, que se analiza na diagnose realizada sobre o territorio municipal na súa situación actual na que se detectaban unha serie de deficiencias estruturais que o presente PXOM pretende resolver.
2. A **ALTERNATIVA 1**: Se corresponde cunha alternativa real de ordenación, adaptada á lexislación vixente. Nela se estudian diversas alternativas.

A ALTERNATIVA 0.

Non desenvolver o novo PXOM de Friol, levaría a tomar en consideración o vixente planeamento:

- N.S.P.
- M.P. NSP VARIAS, REVISION E ADAPTACION
- M.P. NSP NA INTERSECCION AVDA A CORUÑA, RUA DA CHOUSA
- M.P. NSP PARA NOVA LOCALIZACION DO PARQUE EMPRESARIAL. MONTE DA GANDARA BAIUCA

No que atinxe ó planeamento de desenvolvemento, realízase posteriormente á modificación puntual un Plan Parcial, así como un estudo de detalle

Planeamento de desenvolvemento

- P.P. SUB-P-I. PARQUE EMPRESARIAL
- E.D. ALIÑACION E RASANTES NA RUA CRUZ DA VEIGA

A consecuencia directa é un planeamento non adaptado á lexislación vixente, cunha inseguridade xurídica e unha oferta e planificación do solo que na actualidade non se corresponde ca necesidade real.

ALTERNATIVAS DE ORDENACIÓN

Solo urbano

No planeamento a redactar tratarase de corrixilas deficiencias do anterior:

- Evitala expansión ata áreas menos apropiadas para continuo crecemento edificatorio.
- Compactación da malla urbana e asignación de usos e tipoloxías acordes cas existentes.
- Ordenación de volumes e solución de medianeiras

No presente plan xeral de ordenación municipal se establecen os seguintes distritos en solo urbano, que se corresponde cos grafitados nos planos de ordenación do solo urbano.

Nome	Distrito	Superficie
FRIOL	DU-1	765.744 m ²

18.2.3.4 Alternativa escollida e a súa integración cos criterios de sustentabilidade.

Baixa densidade edificatoria

A tipoloxía mais extensa recollida nas Ordeanzas pertence ó residencial de baixa densidade, o que se corresponde con vivendas unifamiliar e vivenda colectiva de baixo+1.

Coherencia na edificabilidade

Establecese unha edificabilidade axeitada á realidade de Bóveda.

Espazos libres e zonas verdes

Mantense a estrutura xeral de espazos libres existentes

Dotacións e Equipamentos

Mantense a estrutura actual de equipamentos

Sistema viario e servizos

Establécense as aliñacións e regulamentos do espazo viario

Adaptación o entorno

Prohíbense expresamente nas tipoloxías de baixa intensidade a prolongación de baixos.

Limítanse os aproveitamentos baixo cuberta.

Ordenación do solo urbanizable

No planeamento a redactar tratarase de incluír solo urbanizable a partir das seguintes demandas:

- Delimitar solo urbanizable para garantir o desenvolvemento daqueles sectores que se precisen baseándose na diagnose a realizar, en particular o sector industrial.
- Delimitar solo urbanizable en Friol, anteriormente clasificado como solo urbano, que completaría a malla.

Para dar cabida a estas premisas delimitáanse os seguintes solos:

Sector SURB-R1

O sector de solo SURB-R1 úbicase a carón da estrada LU-934 e LU-232, na mesma entrada do núcleo urbano (en sentido de marcha desde Lugo), na zona próxima onde se ubican a meirande parte das dotacións (Colexio, concello, etc...),

No plan vixente contemplábase como solo urbano, e sempre existiu unha querencia dos veciños por desenvolver este ámbito de solo, que non se levou a cabo aínda.

Trátase dunha zona de agras, a maior parte delas abandonadas do seu uso agrario ou de hortas, que comezan a ser poboadas pouco a pouco por vexetación de tipo forestal, ben do tipo coníferas, como pequenas especies de colonizadoras, como salgueiros, etc... e outras de tipo arbustivo.

Na parte este, colíndate co regato se detectan especies arboras de tipo ripícola, que contan cun especial interese ecolóxico. Para garantir a súa protección, incorporáanse ó sistema de espazos libres, segundo se adxunta nos planos de ordenación detallada.

Dito ámbito presenta unha pendente baixa, inferior ó 5%. A súa posición, ubicado nunha pequena e suave altoplanicie situado entre o val do río Narla e . En ningún caso o ámbito afecta a espazos naturais ou inundables.

Ubicada na traseira das estradas autonómicas LU-934 e 232 (na mesma recta, no desvío a estrada de Palas, prodúcese o final da LU-232 e comezo da LU-934), ten unha excepcional comunicación. A conexión cos sistemas xerais realizaríase mediante dúas rúas de nova creación, unha ca estrada LU-232 e outra ca estrada LU-934.




Sector SURB-R2

Colindante ó ámbito anterior, e de iguais características, cunha superficie moito menor (da metade aproximadamente) ten como misión fundamental a colmatación do solo urbano na beira de solana do río Narla.

Ocupada por agras, ocupa un ámbito colindante a un solo urbano de tipoloxía tradicional.

A conexión realizaríase a través da rúa perimetral que rodea o SURB-R1 pola beira oeste, polo que o seu desenvolvemento quedaría suxeito a este sector.





Sector SURB-I1

Como solución e alternativa ó parque empresarial existente, defínese unha área, de superficie moito mais reducida que a anterior, situada na beira este, que incorpora as conexións ós sistemas xerais a partir do polígono, e tería como resultado a posibilidade de ampliación, rematando trama, segundo os viais que na actualidade non teñen saída, pechado ditos viais.

O sector atópase ocupado por terreos abandonados, adicados ó sector forestal como resultado. Existe unha importante parte arborada con matogueira, dadas as limitacións edáficas do terreo (rochas), e parcialmente poboada con pes de coníferas xovenes. Non se describen ningunha área ocupada por especies caducifolias autóctonas.

A pendente, aínda que variable, dada a ondulación do terreo, é baixa.

Na parte norte atópase unha instalación avícola, que quedaría integrada no sector.



Solo de núcleo rural

As necesidades as que debe responder o presente Plan son:

- Delimitación do seu perímetro e estudo do compoñente parroquial actual.

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013

- Espazo reservado para dotacións e equipamentos, sinalando o seu carácter público ou privado.
- Trazado da rede viaria pública.
- Regulamentación do uso pormenorizado dos terreos e construcións, así como das características estéticas da edificación.
- Regulamentación das condicións ambientais e estéticas para a conservación e recuperación da morfoloxía do núcleo e a protección dos elementos patrimoniais e culturais do mesmo.
- Fixación dos indicadores que deban dar lugar á necesidade de redactar un plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural para lle facer fronte á complexidade urbanística sobrevida.

Integración da alternativa escollida cos criterios de sustentabilidade.

Pretendese ca identificación dos núcleos cara a recuperación das tipoloxías tradicionais, que pouco a pouco vanse rehabilitando.

Incorpóranse ó sistema de núcleos a práctica totalidade dos núcleos rurais do Concello, a excepción daqueles formados por unha ou dúas vivendas.

Únicamente se incorporan ó sistema de núcleos, aqueles que por proximidade a outros núcleos rurais tradicionais existentes ou a novos desenvolvementos, se atopena a unha distancia inferior a cen metros entre vivendas tradicionais.

Pola contra, aqueles núcleos rurais, de tres ou mais vivendas, as cales se atopen diseminadas en pequenos ámbitos afastados mais de cen metros entre vivendas tradicionais, exclúense do sistema de asentamentos polo mesmo criterio.

A modo de resumo, recollese na táboa seguinte a relación de entidades poboacionais incorporadas ós núcleos rurais, e a súa relación co planeamento vixente:

A superficie clasificada como Núcleo Rural e é a seguinte:

CLASE DE SOLO	CUALIFICACIÓN		SUPERFICIE (M2)	PORCENTAXE
Solo de Núcleo rural	Histórico Tradicional	SNHT	3.788.415,00	1,28%
	Común	SNC	2.485.358,00	0,84%

ORDENACIÓN DO SOLO RÚSTICO

O presente plan xeral de ordenación municipal establece as seguintes categorías no solo rústico segundo o artigo 32 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia:

- a. Solo rústico de protección agropecuaria
- b. Solo rústico de protección forestal
- c. Solo rústico de protección de infraestruturas
- d. Solo rústico de protección de augas
- e. Solo rústico de protección de interese patrimonial

Clasificación resultante do solo rustico

Na seguinte táboa resúmese a superficie das distintas categorías de solo, así coma a súa porcentaxe.

CLASE DE SOLO	CUALIFICACIÓN		SUPERFICIE (M2)	PORCENTAXE
Solo Rústico de especial protección	Agropecuaria	SRPAG	123.397.617,48	41,83%
	Forestal	SRPF	146.107.501,75	49,53%
	Aguas	SRPA	10.810.707,63	3,66%
	Espacio natural	SRPEN	6.093.909,00	2,07%
	Patrimonio	SRPPT	40.429,30	0,01%
	Infraestructuras	SRPI	1.350.097,84	0,46%

Solo rústico de protección ordinaria.

O réxime dos solos rústicos de protección ordinaria teñen por finalidade principal preservar os terreos que o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inadecuados para o seu desenvolvemento urbanístico, por razón de:

- das súas características xeotécnicas ou morfolóxicas,
- polo alto impacto territorial que implicaría a súa urbanización
- polos riscos naturais ou tecnolóxicos
- en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible.

Non se detectan esta clase de solo no Concello.

Solo rústico de protección agropecuaria

O réxime dos solos rústicos de protección agropecuaria ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible, constituído polos terreos de :

- Alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que

a avalen ou polas características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclaven.

- Terreos obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da Lei 9/2002, con resolución firme producida nos dez anos anteriores a esta data, (a partir de 1 de xaneiro de 1993), agás que deban ser incluídos na categoría de solo rústico de protección forestal.

O plan xeral poderá excluír xustificadamente desta categoría os ámbitos lindeiros sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais que resulten necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, que serán clasificados como solo urbanizable ou incluídos na delimitación dos núcleos rurais, respectivamente.

De acordo co estudo do medio rural é moi ampla a superficie adicada ó sector agropecuario debido a existencia dunha maior especialización do traballo en prol de actividades primarias relacionadas co agro. A merma desta categoría de solo produce unha ampliación da categoría forestal.

Solo rústico de especial protección forestal

O réxime dos solos rústicos de protección forestal ten por finalidade principal preservar os terreos de alta produtividade e garantir a utilización racional dos recursos naturais e o desenvolvemento urbanístico sostible, constituído polos terreos de:

- Explotacións forestais
- Masas arbóreas con funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo
- Terreos de monte sen masa arbórea que cumpra as funcións anteriores
- Áreas arbóreas formadas por especies autóctonas
- Áreas que sufrisen os efectos dun incendio a partir da entrada en vigor desta lei nos cinco anos anteriores a ela. (1 de xaneiro de 1998)
- Áreas de especial produtividade forestal que declare a administración competente.
- Os montes públicos de utilidade pública.

O plan xeral poderá excluír desta categoría as áreas sen masas arboradas merecedoras de protección, lindeiras sen solución de continuidade co solo urbano ou cos núcleos rurais, que resulten necesarias para o desenvolvemento urbanístico racional. (entendemos coma urbanizables e delimitación de núcleos rurais).

A ocupación desta categoría de solo ten unha superficie equiparable á agropecuaria. A lixeira decadencia do agro, está a retomarse por parte da superficie forestal que medra en fución do abandono das labores agrícolas.

Solo rústico de especial protección de infraestruturas

O réxime do solo rústico de protección de infraestruturas, sen prexuízo do establecido na súa específica lexislación reguladora, ten por obxecto preservar as infraestruturas existentes ou de nova creación, constituído polos terreos rústicos destinados

- Terreos rústicos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación, conforme as previsións dos instrumentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio, as de comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración da auga, as de xestión de residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio,

En particular a Dirección Xeral de Estradas establece que o solo de protección de infraestruturas abarcará unha franxa, a ambos lados das estradas, polo menos ata a liña de edificación que fixa o artigo 35 da lei 4/1994, que será:

- Estradas autonómicas primarias: Doce metros.
- Estradas autonómicas de segunda orde: Nove metros e medio.
- Estradas provinciais e municipais e ámbito supramunicipal: Sete metros

Nos planos tamén se grafitan estas zonas excluídas pola liña de edificación en base a lexislación sectorial das estradas e liñas de alta tensión.

- Liñas de alta tensión de primeira e segunda categoría: Vintecinco metros desde o eixe
- Liñas de alta tensión de terceira categoría: Oito metros desde o eixe.

Solo rústico de protección das augas

O réxime xeral dos solos rústicos de protección das augas, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar o dominio público hidráulico e o seu contorno, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano,

- Definidos na lexislación reguladora das augas continentais, canles naturais, ribeiras e marxes das correntes de auga, leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados, zonas húmidas e as súas zonas de servidume.
- Igualmente terán a dita consideración os terreos con risco de inundación, (fora do núcleo urbano e núcleos rurais)
- Aqueles baixo os cales existan augas subterráneas que deban ser protexidas.

As correntes de auga de escasa entidade que discorran dentro do ámbito dun sector de solo urbanizable quedarán debidamente integradas no sistema de espazos libres públicos, con suxeición ao réxime do solo urbanizable.

As zonas de protección que para tal efecto delimita o presente plan xeral esténdese, como mínimo zona de policía definida pola lexislación de augas, agás aquelas zonas onde non existen riscos de inundación ou pola escasa entidade do curso, xustificándose suficientemente a redución.

- Zona de servidume: de 5 metros de anchura para uso público.

- Zona de policía: de 100 metros de anchura na que se condiciona o uso do solo e as actividades que se desenvolven.

Solo rústico de protección de espazos naturais

O réxime xeral dos solos rústicos de protección de espazos naturais, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os seus valores naturais, paisaxísticos e tradicionais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección polos seus valores naturais, ambientais, científicos ou recreativos.

- Por aplicación da Lei 9/2001, de conservación da natureza,
- A lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.
- Terreos protexidos polos instrumentos de ordenación do territorio,
- Terreos protexidos polas normas provinciais de planeamento
- Terreos protexidos polo planeamento urbanístico

No concello defínense os seguintes espazos naturais, pertencentes á categoría LIC:

- Río Ladra-Parga-Támoga:
- Serra do Careón

Ademais incorporanse a esta categoría de solo as chairas aluviais dos ríos Parga e Narla, segundo o ámbito delimitado pola Confederación Hidrográfica do Norte desenvólvese o Plan de Cauces, integrado na Directiva 'Marco del Auga', no que se delimita as chairas aluviais expostos ós efectos das inundacións durante as avenidas, denominándose Corredores fluviais.

Igualmente incorporase a dita categoría outro ámbito, co obxecto de protexer os ecosistemas fluviais e completando así a anterior delimitación dos corredores. Dito espazo denominarase 'Ámbito de Protección específica do Medio Fluvial'.

Solo rústico de interese paisaxístico

O réxime xeral dos solos rústicos de protección de interese paisaxístico, sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora, ten por obxecto preservar os espazos de interese paisaxístico, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano.


- Preservar as vistas panorámicas do territorio, do curso dos ríos ou dos vales, e dos monumentos ou edificacións de singular valor.

Co fin de localizar aquelas áreas máis fráxiles, nas que deberíase dotar ó territorio dunha clasificación de maior protección, realízase o *estudio da paisaxe* no que se identifican aqueles ámbitos do territorio susceptibles de sufrir impactos ambientais ou agresións derivadas das determinacións urbanísticas. Os pasos a seguir son os seguintes:

- Identificación e inventario das zonas que presenten fragilidade ambiental.

- Delimitación de concas de interese paisaxístico ou calidade ambiental, determinados no estudo da paisaxe rural.

Estes dous puntos básicos desenvólvense nas seguintes fases a seguir.




Descrición das concas de paisaxe e fitos de interese paisaxístico

Un dos temas mais repetidos o longo do traballo é a complicada fisiografía, que divide a o Concello de Friol en dúas áreas paisaxísticas, o que imposibilita a percepción de concas visuais en sí e obriga a falar de múltiples concas visuais, cambiantes o longo de cada un dos puntos de percepción da paisaxe.

A realidade de Friol é que os vales son retortos e as montañas non forman cadeas lineais entre sí, senon que varían en función do punto de visión.

Pódense distinguir no obstante unha serie de concas visuais:



Polo tanto teremos que definir concas visuais en relación as concas hidrográficas e dúas unidades de paisaxe en función da posición:

- Unidade da paisaxe I: Agras. Propias das zonas de val do río Narla, propias do interior da comarca, con prados extensos, miturados con masas forestais e pequenas hortas. As sebes conformas a división da propiedade, e a amplitude escénica chega a varios kilómetros
- Unidade da paisaxe II: Agras en transición á montaña. A gran diferenza en comparación co anterior se basa mais nas condicións morfoloxicas da topografía que dificulta a percepción pola propia configuración dos vales e montañas.
- Realizarase unha avaliación das tres alternativas propostas e xa definidas no apartado anterior, tomando como base da avaliación a integración dos criterios de sustentabilidade establecido no

Documento de referencia para o presente PXOM.

- O resultado se representará mediante un valor numérico, definido do 1 (menor integración dos criterios de sustentabilidade) a 5 (maior integración).

	Variable	Obxetivos e criterios	Grado de integración dos criterios de sustentabilidade	
			A0	A1
1	Paisaxe	Favorecer a integridade paisaxística	5	5
2	Natureza	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais	4	5
		Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais	5	5
3	Patrimonio	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	2	5
4	Sociedade	Considerar a estrutura demográfica do ámbito e da área de influencia	2	4
		Prever un equilibrio entre a poboación e os recursos	3	4
		Contribuír a un entorno saudable	3	4
		Garantir a non exclusión	0	3
		Favorecer a cohesión social	0	3
		Fomentar a participación cidadá na toma de decisións do Concello	0	5
5	Economía	Considerar a estrutura socioeconómica do ámbito e da área de influencia	0	3
6	Medio urbano	Mellorar a calidade de vida e habitabilidade	0	3
		Promover solucións integrais que minimicen os custes ambientais.	0	4
7	Medio rural	Mellorar a calidade de vida e habitabilidade	0	4
		Promover solucións integrais que minimicen os custes ambientais	0	3
8	Medio industrial	Contribuír a creación dun entorno de traballo de calidade	0	3
		Optimizar a eficiencia das actividades económicas	0	1
9	Mobilidade	Reducir as necesidades de mobilidade	0	3
		Facilitar unha conectividade eficiente cara os principais destinos	0	4
10	Energía	Promover o aforro no consumo enerxético	0	3
		Pular polo uso de recursos enerxéticos renovables	0	5
11	Atmosfera	Controlar as emisións contaminantes	5	5
12	Ciclo hídrico	Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos	2	4
		Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento.	0	5
		Promover o aforro dos recursos hídricos	0	5
13	Ciclos de materiais	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos	0	5
14	Usos	Axustar os usos ao entorno e aos obxetivos propios deste planeamento	2	5
		Fomentaras estruturas densas compactas e complexas	0	4
		Considerar a mobilidade como variable fundamental na formulación de alternativas	2	3
		Pular por un desenvolvemento do Concello ordenado e eficiente.	0	5

	Variable	Obxetivos e criterios	Grado de integración dos criterios de sustentabilidade	
			A0	A1
15	Edificacións	Axustar o parque potencial de edificacións a teito do planeamento á dinámica do Concello	0	5
		Minimizar as posibles afeccións das edificacións sobre o entorno.	0	5
		TOTAL	1,1	4,1

18.2.3.5 Consultas e coordinación.

A tramitación do PXOM resumese no seguinte xeito:

Documento de inicio

Iniciase en Xuño de 2.009 (26 de Xuño de 2.009) a tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica (código 0653/2008) ca remisión do Documento de Inicio, correspondente ó Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dito documento publícase o 8 de Agosto de 2.008 na páxina web polo espazo dun mes, período durante o cal están abertas suxerencias ou comentarios ó documento. Non se recollen ningunha ó respecto.

Anteproxecto de ordenación

Con data do 13 de Xullo de 2.010 recíbese comunicación por parte de dita Dirección Xeral, aludindo que trala aprobación Lei 2/2010, os plans e programas que non estiveran aprobados inicialmente antes da entrada en vigor da Lei, o 21 de Abril de 2.010, deberán, segundo a disposición transitoria da LOUGA, adaptarse plenamente a ela.

Considerase que o documento de inicio non se axusta ós requerimentos establecidos no art. 84.4 da LOUGA, polo que solicítase un novo documento, o anteproxecto de planeamento.

Remítase dita documentación á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental., e con data do 8 de outubro recíbese escrito co obxeto de enmendar erros detectados no Anteproxecto de planeamento, polo que realízase a subsanación e corrección no presente documento.

Documento de referencia


Emítase con data do 13 de Xaneiro do 2.011 Resolución da secretaría xeral de calidade e avaliación ambiental pola que se aproba o documento de referencia para a avaliación ambiental Estratéxica do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Friol.

Plan xeral de ordenación municipal na fase de aprobación inicial previo informe

Polo tanto elaborase este documento para solicitar Informe por parte da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

- **Participación cidadá. Métodos.**


Fase de participación cidadá fundamentase principalmente no período de exposición pública, que aínda non foi acadado polo PXOM de Friol, e que seguira as pautas que se determinan de seguido:



- **Consultas a outras administracións públicas. Métodos.**

Tamén tratado de forma fundamental durante a fase de aprobación inicial, o equipo redactor ten como obxeto establecer as relacións entre a Administración local e as distintas Administracións implicadas no proceso de elaboración dos Informes sectoriais.

Estruturase do seguinte xeito:



Non obstante, trala aprobación definitiva do PXOM, facilitarase á Administración local a posta en marcha do PXOM:

INFORMACIÓN OS ÓRGANOS DE XESTIÓN LOCAL

Realizarase charlas informativas para facilitar a posta en marcha do PXOM

Charlas informativas:

- SOLO URBANO : Ordenanzas. Xestión do solo urbano.
- NUCLEOS RURAIS. Ordenanzas
- SOLO RUSTICO.

Charlas divulgativas:

- Aplicación dos Sistemas de Información geográfica ó PXOM.
- Sesións divulgativas para aprendizaxe de novas ferramentas informáticas no manexo do PXOM:
 - a. Obtención de Información
 - b. Xestión Urbanística

- **Coordinación con políticas, plans e normas.**

Sera de obrigado cumprimento as sucesivas modificacións que con obxecto dos cambios legislativos, estratexias e aplicación de novos planes supramunicipais, deban de ser incorporados.

18.2.4 Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

Nesta área trátase de avaliar a relación do planeamento cos elementos territoriais estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno das directrices. Estes son:

- *Paisaxe, patrimonio natural e cultural.* O patrimonio natural e cultural ten unha gran responsabilidade na configuración da paisaxe constituíndo dous dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia.
 - *A paisaxe atópase definida tanto informativamente como cualitativamente no ISA, no que se valora entre as distintas alternativas de ordenación aquelas áreas de maior importancia paisaxística.*
 - *A Normativa Urbanística busca solucións arquitectónicas integradoras e favorecedoras do paisaxe rural, ademais da protección que se lles asigna os tipos tradicionais.*
 - *O patrimonio natural recollese dentro dunha categoría de protección dos espazos naturais os espazos de maior relevancia natural.*
 - *O patrimonio cultural incorporase no extenso catálogo de bens protexidos, establecendo en función da súa relevancia, unha normativa específica de protección.*
- **Producción de alimentos.** A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Para aproveitalos é preciso favorecer os procesos de transformación e de comercialización de produtos do agro e do mar e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galega.
 - *En función das potencialidades do solo, tanto desde o punto de vista agrícola como forestal, mediante a superposición das informacións edafolóxicas, climatolóxicas e bioclimáticas, combinadas cos demandas reais da poboación, estableceuse as distintas categorías de solo rústico especialmente protexido, tanto agropecuario como forestal.*
- **Solo empresarial.** É preciso conxugar eficacia e eficiencia na procura da maior rendibilidade dos investimentos en parques empresariais que favorezan a súa función vertebradora da política territorial, ao seren deseñados en relación coas súas características funcionais e de localización.
 - *A previsión de solo industrial responde á estratexia das DOT, xa que o PXOM incorpora unha pequena área, para unha posible ampliación do existente, que albergue a industria local, así como actividades comerciais.*
- **Turismo.** É preciso delimitar a especialidade e a eficiencia na creación de ofertas nos destinos turísticos e que xeren combinación de produtos axeitados para cada espazo, singularidades locais, actitudes da poboación, e que ao mesmo tempo, permitan unha certa flexibilidade na

ordenación en función dos movementos e motivacións da demanda.

- o *Non se considera o turismo como un dos principais atractivos do Concello, pero sí que dado a súa posición estratéxica, na contorna de Lugo, pode ser considerado como un foco de atracción de visitantes durante períodos cortos (días, xornadas...), servendo o seu patrimonio cultural e natural como motivo de visita. Polo tanto é sumamente importante a conservación e posta en valor destes elementos a través do PXOM.*
- Equipamentos e servizos. Os equipamentos e servizos básicos determinan, en gran medida o benestar e a cohesión social. A accesibilidade da cidadanía a eles supón un factor de competitividade territorial que os converte en elementos de dinamización da actividade socioeconómica.
 - o *Tratase no PXOM de integrar na medida do posible a rede de equipamentos á totalidade da poboación, que dado o alto grado de dispersión é difícil de levar a cabo nunha forma economicamente sustentable.*
 - o *A concentración dunha parte importante da poboación no núcleo urbano de Friol conleva a concentración da meirande parte destes servizos e dos mais importantes.*
 - o *A ubicación equidistante do núcleo urbano, situado no centro de gravidade do Concello, fan unha opción o mais axeitada a concentración, en parte, destes equipamentos.*

18.3 ANÁLISE DA PAISAXE SEGUNDO AS DOT.

Integrase no ISA a caracterización e valoración do paisaxe, en función da súa fragilidade e calidade, co obxecto de determinar nun principio o grado de importancia del, e a posibilidade de clasificación do solo rústico de especial protección paisaxística.

O análise segue as directrices establecidas nas DOT, en tanto no se elaboren os catalogos da paisaxe e as Directrices derivadas do desenvolvemento e posta en practica das DOT.

19. XUSTIFICACIÓN DE ADAPTACIÓN ÁS DETERMINACIÓNS DO PLAN DA XUNTA EN MATERIA DE RESIDUOS.

19.1 PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS DE GALICIA 2010-2020

O plan de xestión desenvolto pola Xunta para a comunidade autónoma, establece as bases para impulsar e mellorar a xestión dos residuos urbanos en Galicia, mediante a plicación de medidas de aplicación, principalmente de tipo preventivo, segundo liñas de acción estratéxicas.

19.1.1 Cumprimento das liñas de actuación estratéxicas do Plan

Estas estratexias de actuación son de aplicación no Concello e no presente Plan Xeral.

Para elo resúmese no seguinte cadro as liñas e obxetivos propostos no Plan de residuos e as medidas adoptadas no PXOM que acreditan a súa intefgración no presente documento.

LIÑA ESTRATÉXICA 1	PLAN DE COMUNICACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
[1.1]	Desenvolvemento de campañas institucionais de alcance autonómico.	Presentación do Plan. Bolsa amarela	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[1.2]	Deseño e edición de campañas tipo para apoio aos municipios.	Realización de campañas.	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[1.3]	Apoio económico mediante liñas de subvención anuais para a realización de campañas locais de comunicación.	Liñas de subvención	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[1.4]	Por en marcha mecanismos para incrementar o coñecemento sobre os niveis de sensibilización da poboación, actitudes e hábitos e como incidir neles.	Estudio e revisión das actuacións.	Non aplicable	
[1.5]	Incrementar a oferta de recursos educativos para centros escolares e institucións de educación para o tempo libre.	Recursos educativos	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[1.6]	Fomento das instalacións de tratamento como centros de educación ambiental abertos á cidadanía.	Recursos educativos	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	-
[1.7]	Realización de xornadas de formación temáticas e periódicas.	Divulgación sobre novas formas de recollida	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA

LIÑA ESTRATÉXICA 2	PLAN DE PREVENCIÓN DE RESIDUOS	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
[2.1]	Liña de apoio técnico e axudas económicas para a realización de proxectos de prevención de residuos urbanos dirixidas a concellos, entidades sen ánimo de lucro e actividades económicas.	Axudas	Posibilidade de adhesión de Concello/Empredores ó Plan	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[2.2]	Fomento da oferta e demanda de produtos e servizos para favorecer o consumo responsable, inmaterial e reutilizable.	Fomento de medidas ó consumidor e produtor	Non aplicable	
[2.3]	Apoio á planificación estratéxica local en materia de prevención.	Apoio económico, guías e xornadas divulgativas para a creación dos Plans locais de prevención de residuos municipais.	Posibilidade de adhesión de Concello/Empredores ó Plan	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[2.4]	Estudo de estratexias para a estandarización e reutilización das botellas de vidro coas denominacións de orixe.	Convenio para acadar nova loxística para a reutilización do vidro	Non aplicable	
[2.5]	Fomento de acordos voluntarios para a redución das bolsas de plástico dun só uso.	Acordo cas cadenas de hipermercados e supermercados	Non aplicable	
[2.6]	Fomento da autocompostaxe.	Promoción da compostaxe con liñas	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	
[2.7]	Estudo de instrumentos para a redución de papel, especialmente o xerado por publicidade e prensa gratuita.	Promoción da redución de papel	Non aplicable	
[2.8]	Potenciación da investigación.	Innovación e investigación	Non aplicable	
[2.9]	Fomento da reparación e a reutilización.	Fomento de actividades de intercambio, reparación e reutilización	Non aplicable	
LIÑA ESTRATÉXICA 3	FOMENTO DA RECOLLIDA SELECTIVA DE FRACCIÓN ORGÁNICA	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM

[3.1]	Plan de mellora das recollidas selectivas de fracción orgánica actuáis.		Non aplicable	
[3.2]	Asesoramento técnico e plan de axudas para a implantación de novas recollidas selectivas.	Asesoramento técnico e liñas de axuda para as novas instalacións	Non aplicable	
[3-3]	Fomento da recollida selectiva a grandes produtores.	Formación a polífticos e técnicos municipais	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[3.4]	Avaliación periódica da calidade da recollida selectiva de fracción orgánica. Plan de caracterizacións.	Plan de caracterización	Non aplicable	
[3.5]	Estudo de xeración e provisión para as plantas de compostaxe de fracción vexetal.	Xestión de plantas	Non aplicable	
[3.6]	Seguimento das infraestruturas de compostaxe.	Información e xestión	Non aplicable	

LIÑA ESTRATÉXICA 4	PLAN DE FOMENTO DA RECOLLIDA SELECTIVA DE FRACCIÓN ENVASES	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
--------------------	--	------------	---------	------------------------------

[4.1]	Plan de mellora das recollidas selectivas de fracción envases actuáis..	Información	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[4.2]	Potenciar as recollidas comerciáis segregadas de vidro, cartón comercial e envases lixeiros, especialmente en grandes produtores.	Ordenanza municipal. Acordos administración-sectores específicos. Xestión dos polígonos industriais	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[4.3]	Potenciar a recollida selectiva en zonas turísticas.		Non aplicable	
[4.4]	Implantación de instrumentos de avaliación estatística da cantidade de residuos de envases recollidos en Galicia e a súa valorización.	Información de plantas de tratamento	Non aplicable	

LIÑA ESTRATÉXICA 5	FOMENTO DA PREVENCIÓN E A RECOLLIDA SELECTIVA DA FRACCIÓN "OUTROS"	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
--------------------	--	------------	---------	------------------------------

[5.1]	Desenvolvemento das actuacións e liñas de traballo recollidas nos convenios eos SIX de RAEE e pilas	Campaña de revención no uso de pilas. Repración e reutilización RAEE	Non aplicable	
[5-2]	Fomento da recollida de textil e voluminosos para a súa reutilización e reciclaxe. Impulso a acordos con entidades sociais.	Promoción	Non aplicable	
[5.3]	Impulso ao despregue de recollidas específicas para estas fraccións de forma complementaria aos servizos municipais de recollida habituais.	Varias estratexias	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[5-4]	Fomento de acordos co sector hostaleiro para a recollida de aceites vexetais usados.	Acordos co sector	Non aplicable	
[5.5]	Fomento de acordos eos pequenos comercios para a recollida selectiva dalgunhas fraccións minoritarias.	Rede de comercios colaboradores	Non aplicable	

LIÑA ESTRATÉXICA 6	PLAN DE AMPLIACIÓN E MELLORA DE PUNTOS LIMPOS	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
---------------------------	--	-------------------	----------------	-------------------------------------

[6.1]	Ampliación da rede de puntos limpos de xestión municipal ou mancomunada	Creación de minipunto, punto mobil limpo ou punto limpo fixo	Non aplicable	
[6.2]	Implantación de puntos limpos nos polígonos comerciais a partir de certo tamaño.	Xestión de plantas	Non aplicable	
[6.3]	Fomento da mellora da xestión interna dos puntos limpos	Xestión do punto limpo	Non aplicable	
[6.4]	Fomento da organización en rede dos puntos limpos	Organización	Non aplicable	
[6-5]	Introdución da prestación de novos servizos nos puntos limpos	Mellora dos puntos limpos	Non aplicable	
[6-6]	Continuidade á liña de axudas para a correcta explotación/mantemento dos puntos limpos	Explotación do punto limpo	Non aplicable	

LIÑA ESTRATÉXICA 7	AMBIENTALIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN			
---------------------------	---	--	--	--

[7.1]	Impulso á Compra Verde Pública	Establecemento de estratexias de fomento para que a Administración sexa referente	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
-------	--------------------------------	---	--	--

- | | | | | |
|-------|--|-------------|--|--|
| [7.2] | Fomento de programas de prevención e recollida selectiva nas administracións públicas. | Divulgación | Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso | Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA |
| [7.3] | Impulso á ambientalización de actos festivos públicos. | Divulgación | Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso | Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA |

LIÑA ESTRATÉXICA 8	INCREMENTO DA PLANIFICACIÓN TERRITORIAL E IMPULSO DE NOVOS INSTRUMENTOS PARA A XESTIÓN SOSTIBLE DE RESIDUOS	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
[8.1]	Fomento da organización territorial en materia de xestión de residuos	Xestión mancomunada	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[8.2]	Impulso á redacción de plans territoriais de xestión de residuos que inclúan prevención, recollida selectiva e desenvolvemento de infraestruturas segundo o caso.	Plan Territorial de xestión	Segundo o dictamine o Plan	
[8.3]	Fomento da cooperación entre sistemas de xestión.	Divulgación	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[8.4]	Fomento de medidas económicas que favorezan a prevención e unha recollida selectiva de calidade.	Creación dunha nova fiscalidade	Non aplicable	
[8.5]	Desenvolvemento de instrumentos para incrementar o coñecemento de sistemas de recollida e tratamento de residuos máis sostibles e adaptados á realidade de cada municipio.	Divulgación	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[8.6]	Implantación dun Sistema de información e estatística de Residuos Urbanos.	Información	Non aplicable	

LIÑA ESTRATÉXICA 9	PLANIFICACIÓN DA REDE DE PLANTAS DE TRATAMENTO	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
[9.1]	Ampliación da rede de Plantas de Transferencia	Para Concellos con superficies superiores a 37 Km2	Proposta de creación dunha nova planta de transferencia no Concello	Proxecto de ordenación. Ubicación no SURB-I

[9.2]	Mellora das plantas de tratamento existentes.		Non aplicable	
[9.3]	Novas Plantas de compostaxe de FORSU.	Implantación de plantas locais de capacidade 2,000 T/a ou pequenas instalacións de compostaxe de 500T/a	Posibilidade de implantación no Concello, de existir iniciativa local para o seu desenvolvemento	Proxecto de ordenación. Ubicación no SURB-I
[9.4]	Novas Plantas de Selección de Envases Lixeiros		Non previsto inicialmente	
[9.5]	Novas plantas de Tratamento de Resto		Non aplicable	
[9.6]	Estratexia de Xestión de rexeitamentos. Necesidade de vertido final		Non aplicable	
[9.7]	Selado de vertedoiros e limpeza de puntos de vertido incontrolado.		Non aplicable	

LIÑA ESTRATÉXICA 10	POTENCIACIÓN DO MERCADO DE RECICLAXE E DO COMPOST	ACTIVIDADE	XESTIÓN	MEDIDAS INCORPORADAS NO PXOM
[10.1]	Promoción e apoio económico ao uso do compost proveniente de recollida selectiva de residuos	Xestión	Posibilidade de adhesión do Concello no seu caso	Medidas correctoras incorporadas no ISA. Plan de seguemento do ISA
[10.2]	Promoción do mercado de produtos reciclados.	Divulgación e promoción	Non aplicable	
[10.3]	Fomento de programas de I+D para produtos reciclables e reciclados.	Divulgación e promoción	Non aplicable	

19.2 CUMPRIMENTO DO MODELO DE XESTIÓN PROPOSTO NO PXRUG

Segundo se indica no apartado correspondente á xestión do lixo, cumprese cos modelos de xestión proposto segundo o anexo 4 do PXRUG segundo a carterización do Concello, do tipo rural, e o modelo de asentamentos e actividades maisrelevantes no territorio.

20. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 13/2010, DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA.

A actividade comercial no Plan Xeral, ven definido no artigo das Normas urbanísticas, onde se refire ó uso comercial. Dito uso categorízase en seis subclases:

1. Categoría 1ª. Local
2. Categoría 2ª. Comercial compatible residencial
3. Categoría 3ª. Comercial mixta
4. Categoría 4ª. Comercial

5. Categoría 5ª. Comercial de carácter especial

6. Categoría 6ª. Comercial desmontables

Dase cumprimento do art. 27, da Lei 13/2010 segundo os seguintes requerimentos:

- **Protección dos contornos urbanos que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial suficiente**

Solo urbano consolidado.

Para o caso do solo urbano, resumense no seguinte cadro as ordenanzas de aplicación e os pertinentes usos comerciais permitidos para cada un deles.

Ordenanza	Usos comerciais permitidos
ORDENANZA 1. Pechada	Todos agás a categoría 5ª
ORDENANZA 2. Unifamiliar	categoría 1ª Local
ORDENANZA 3. Conservación	categorías 1º, 2º e 6º
ORDENANZA 4. Industrial-comercial	Todos agás a categoría 5ª
ORDENANZA 5. Dotacional	
ORDENANZA 6. Espazos libres	categoría 1ª Local

Solo de núcleo rural

Para o caso do solo de núcleo rural, os usos comerciais permitidos, tanto no núcleo rural de tipo común como no de tipo histórico tradicional, son os pertencentes as categorías 1º, 2º e 6º.

Solo urbanizable

A accesibilidade queda garantida, desde o momento que o 25% da poboación reside no entorno urbano, e o restante nos núcleos rurais.

A oferta comercial poderá satisfacerse ca regulación de usos establecida nas ordenanzas, que permite albergar no entorno urbano, principalmente, unha ampla amalgama de usos comerciais.

- **Protección do medio ambiente**

A posible ubicación desta actividade comercial ten cabida en ámbitos xa desenvolto, urbanos consolidados e de núcleo rural, polo que non é necesario o desenvolvementos de novos sectores de solo urbanizable e polígonos de urbano, afectará a ámbitos naturais nin se consumirá novo solo.

- **Xustificación da reserva mínima de edificabilidade para uso comercial en sectores de solo urbanizable e polígonos de solo urbano non consolidado.**

Dacordo ca normativa urbanística ditos ámbitos cumpren cos estándares, indicadores, criterios ou límites establecidos pola lexislación urbanística e sectorial vixente, tal e como se reflexa no epígrafe correspondente, na presente memoria de Ordenación.

21. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN SECTORIAL QUE AFECTE A ORDENACIÓN URBANÍSTICA

Na redacción do presente Plan Xeral de Ordenación Municipal cúmprese a lexislación sectorial que afecta a ordenación urbanística, segundo o indicado no apartado 1.2 da presente memoria.

22. COMPOSICIÓN DO EQUIPO REDACTOR


O equipo redactor OTEA planes y proyectos, ten un carácter multidisciplinar de acordo co disposto no artigo 84.1 e 84.2 da Lei 9/2002, cumprido as especificacións do prego de cláusulas económicas e administrativas que serviu de base para a adxudicación do contrato, contando coma DIRECTOR DO PLAN o ARQUITECTO MANUELEDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, e estando formado polos seguintes membros:

- MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ, Arquitecto
- BELINDA YEPES JIMÉNEZ, Enxeñeira de Montes
- JOSÉ ANTONIO MAIRA MÉNDEZ, Enxeñeiro Agrónomo
- MANUEL ANGEL LOPEZ REAL, Arquitecto Técnico

Lugo, Marzo de 2.013


MANUEL EDUARDO LÓPEZ VÁZQUEZ,

Arquitecto




BELINDA YEPES JIMÉNEZ,

Enxeñeira de Montes



MANUEL ANGEL LOPEZ REAL,

Arquitecto Técnico



JOSÉ ANTONIO MAIRA MÉNDEZ,

Enxeñeiro Agrónomo

23. ANEXO I: INFORME DA SECRETARIA XERAL DE ORDENACION DO TERRITORIO E URBANISMO



INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL (LUGO).

O concello de Friol remite documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado pola consultora OTEA Planes y Proyectos, identificado coa data de Xullo de 2012, solicitando a emisión de informe previo á súa aprobación inicial conforme ao previsto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

1. ANTECEDENTES.

O Concello de Friol conta cunhas Normas Subsidiarias aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 19/09/1990, coas modificacións puntuais de 14/09/1994, 24/06/1997 e 28/01/2004.

No seu desenvolvemento aprobouse o Plan Parcial do parque empresarial do Monte da Gándara (aprob. 09/12/2004).

Consta a aprobación dos proxectos sectoriais de parques eólicos de Pena Armada, da Cova da Serpe e da súa ampliación (Consello da Xunta do 07/09/2001, 07/02/2008 e 21/10/2010).

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental emitiu o 13/01/2011 o documento de referencia para a Avaliación ambiental estratéxica.

2. ASPECTOS XERAIS.

A evolución demográfica recente do Concello de Friol é lixeiramente decrecente, cun mínimo crecemento do parque de vivendas, que non xustifican os crecementsos residenciais propostos. Nos cálculos da capacidade residencial, cómpre xustificar os coeficiente correctores e ter en conta toda a edificabilidade residencial proposta, incluíndo a derivada do núcleo tradicional.

O PXOM contempla horizontes temporais contraditorios: 10/20 anos na estratexia de actuación, 28 anos no aptdo. 13.1.2 MDX, 35 anos no aptdo. 2.13.6 MI e 2 da MDX.

Para os sistemas xerais previstos, o PXOM debe determinar os criterios de deseño e sistemas de obtención, así como programar a súa creación e avaliar o seu custo (arts. 53.1.e), 52.1, 60.2 e 60.3 LOUG, e 25 RPU).

Nos listados de dotacións do PXOM cómpre diferenzar a titularidade das dotacións (art. 53.1.i LOUG). Inclúíranse todas as dotacións existentes: colexios en Friol (sistema xeral), igrexa de Friol (sistema xeral), lavadouro/fonte próxima á igrexa anterior (dotación local), zona de equipamento do parque empresarial (dotación local)... excluindo os de titularidade privada dos que non se acredita a súa adquisición polo Concello ("ZV-11" e "DOT-2").

Obsérvanse erros nos datos de superficie das dotacións ("ZV-11", cuxa superficie computable – parte non afectada pola liña de edificación da estrada CP-2106- é duns 118.600 m²) ou non se cuantifican de acordo coa súa superficie actual (campo de fútbol de Friol; cumpriría cualificar como sistema xeral toda a superficie afectada por estas instalacións deportivas) ou coa superficie delimitada no plano de ordenación (a superficie da "DOT-1" cuantifícase no aptdo. 12.2 da MDX en "9.942 m²" en tanto que a delimitada sobre o plano O.3.1 é duns 6.740 m²).

Considéranse como sistemas xerais dotacións existentes de carácter local (espazos libres de dominio e uso público "ZV-13" e "ZV-14" -concibidas para o servizo do parque empresarial).

Inclúense indebidamente como parte do sistema de equipamento comunitario zonas correspondentes a outros sistemas, como as destinadas a centros ou elementos do sistema de servizos urbanos (códos. 1101, 1111, 1112, 1117, 1129, 1131, 1133, 1142, 1143, 1144, 1171 e 1180 no aptdo. 12.2 MDX) -arts. 47, 53.1.e), 54, 56.2.b) LOUG.



Cómpre emendar as contradicións na caracterización xeral ou local da "ZV-15" e "DOT-1" (aptdos. 5.3, 5.4, 12.1, 12.2, 12.3 e 12.4 MDX, anexos II e III NU; aptdo. 4 EA e aptdos. 2.2 e 3.2 EE).

Deberase xustificar o cumprimento dos ratios legalmente esixidos en función da capacidade residencial derivada do PXOM. (art. 47.1, a) e b), LOUG.

Débese aclarar o carácter do vial previsto entre as estradas CP-2101 e CP2106 ao sur do campo de fútbol, que semella parte da estrutura xeral e orgánica do territorio, incluíndo as determinacións preceptivas (forma de obtención, criterios de deseño, programación, custo).

No art. 206.2 NU méncionanse as estradas municipais como parte do sistema xeral de estradas, mais no anexo I non se indica ningunha estrada municipal.

2.3. CLASIFICACIÓN DO SOLO.

2.3.2. SOLO URBANO.

Aos efectos de xustificar a clasificación do solo urbano, deberanse completar os planos de servizos urbanísticos, definindo a totalidade das redes e as súas características (non aparecen as características do abastecemento na estrada LU-232 ao leste da LU-231, no tramo G da estrada CP-1611, na rúa Doutor López Suárez e na rúa que enlaza a Avda. de Santiago e a CP-1611; nin as das redes de sumidoiros dese vial, do parque empresarial nin da CP-5101).

Non se xustifica a clasificación como urbana do río Narla e terreos lindeiros parque fluvial, na súa meirande parte clasificados coma solo non urbanizable de especial protección polas NSP.

O parque empresarial non se atopa plenamente urbanizado, polo que se deba clasificar como solo urbanizable delimitado en proceso de execución.

2.3.3. SOLO URBANIZABLE.

A clasificación de dous sectores de solo urbanizable residencial non se sustenta en necesidades de crecemento do parque residencial (determinación 3.1.4 das Directrices de Ordenación do Territorio) existindo unhas 400 vivendas baleiras e resultando da ordenación prevista no solo urbano e dos núcleos rurais unha capacidade para máis de 6.500 vivendas (tres veces o parque actual do concello).

No sector SURB-I1 inciden unha liña de alta tensión (art. 32.2.c LOUG, obriga de soterramento e/ou desvío da mesma) e bens patrimoniais (mámoas) que esixirán do pronunciamento da Consellería de Cultura en relación coa compatibilidade da clasificación proposta.

2.3.4. SOLO DE NÚCLEO RURAL.

a) Identificación dos núcleos.

- Cómpre revisar a clasificación dos ámbitos delimitados polo PXOM cuxas parcelas presentan características –uso edificatorio, tamaño, etc.- propias do solo rústico (1304C1, 1306C1, 1705C1, 2604C1, 3236C1,...), así como, en todo caso, dos ámbitos illados cunha soa vivenda (0505T1, 0619C1, 1201C2, 1304C1, 1305C1, 1401C1, 1607T2, 1716C2, 1716C3, 2009T3, 3009T2, 3101C2, 3213C2, 3214C1, 3233C1, 3236C1...). Tampouco se xustifica a inclusión no ámbito 0404C1 da explotación existente no seu extremo sur.

- Cómpre xustificar a exclusión dos terreos edificados ao nordés do ámbito 2803T1.

- A parte sur do ámbito 1811C2 débese vincular ao núcleo de A Mámoa e non ao de Quintá.

- Completarase o MAP, incluíndo información sobre os 2 ámbitos de núcleo rural común delimitados ao sur da vila de Friol (Casas da Noite -0901C2- e Castelos –inidentificado no aptdo. 9.3 MDX-), así como dos identificados coas claves 0207C1, 0624C2, 0803C1 e 2009T3.



b) Delimitacións.

Evitaranse as delimitacións forzadas para englobar construcións alleas ao núcleo; así como delimitacións ao longo das estradas ou que provoquen unións non desexables entre núcleos:

Núcleos 0203C1, 0303C2, 0404C1, 0505C1, 0616C5, 0701C2, 0704C2, 0705C1, 0805C1, 0803C1, 0808C3, 0807C1, 1308C1, 1301C1, 1402C1, 1504C1, 1610C1, 1614C2, 1801C1, 1804C1, 1811C2, 2002C1, 2301C1, 2309C1, 2402C1, 2504C1, 2506C1, 2602C1, 2604C1, 2803C1, 3101C1, 3103C1, 3105C1, 3107C1, 3109C1, 3108C1 e 3221C1.

c) Consolidación.

Cómpre representar o parcelario dos núcleos rurais, aos efectos de xustificar a súa delimitación e permitir comprobar o requisito legal de consolidación edificatoria mínima.

Deberanse revisar as delimitacións dos ámbitos nucleares que non alcanzan o grao mínimo de consolidación edificatoria esixido pola LOUG (art. 13.3).

A tal efecto, corríxanse previamente as deficiencias apreciadas nos valores superficiais do aptdo. 9.3 MDX así como no número de parcelas edificadas (o PXOM considera un nº de parcelas edificadas maior que o computable -aptdo.2º da Instr. 4/2011 da CMATI).

d) Distancia no núcleo histórico-tradicional.

Os núcleos 0806T1, 1307T1, 1308T1, 1402T1, 1403T1, 1610T1, 1610T2, 1614T1, 1703T1, 1718T1, 1813T3, 1908T1, 2006T2, 2205T2, 2306T1, 2310T1, 2401T1, 2403T1, 3005T1 e 3201T1, exceden a distancia máxima legalmente establecida de 50 metros.

e) Previsións de crecemento.

Os ámbitos de núcleo rural común débense delimitar en base a previsións de crecemento debidamente xustificadas (art. 13.3.b) LOUG). Carece de fundamento a inclusión de parcelas vacantes de edificación, nas periferias dos núcleos: 0105C1, 0405C1, 0404C1, 0603C1, 0505C1, 0616C5, 0621C1, 0624C1, 0701C1, 0801C1, 0805C1, 0808C2, 0806C1, 1002C1, 1103C1, 1104C1, 1201C2, 1201C3, 1614C1, 1709C1, 1713C3, 1813C1, 1907C1, 2103C1, 3112C1, 3114C2.

Non se xustifica a inclusión nos ámbitos nucleares de terreos ineditados próximos aos leitos de certa entidade, como é o caso dos núcleos (0704T2 e 2006T2).

f) Categorización dos núcleos.

De acordo coas características das edificacións existentes, non semella xustificable a consideración como solo de núcleo rural común dos ámbitos 0303C2, 1704C1 e 3114C1, así como na meirande parte dos terreos do 0405C1 e a parte este do ámbito 1103C1, os cales parece que se deberan incluír en ámbitos de núcleo rural histórico tradicional.

2.3.5. SOLO RÚSTICO.

- Sen prexuízo doutras posibles clasificacións concorrentes, a ZEPVN da Serra do Careón incluída débese clasificar como solo rústico de protección de espazos naturais.

- De acordo co aptdo. 10.4.7 da MDX, os terreos rústicos integrados nos "Corredores fluviais" ("Corredores ecolóxicos" no plano nº O.1) e no "Ámbito de Protección específica do Medio Fluvial") forman parte do solo rústico de protección de espazos naturais, debéndose grafar como tales no plano O.1, uniformizando o actual criterio de representación.

Parte da rede fluvial (leitos e correspondentes marxes) queda excluída da categoría de solo rústico de protección de augas, o que é contrario ao art. 32.2.d) e 32.3 da LOUG. Se aprecian descontinuidades na identificación de distintos tramos da rede fluvial (rego de Portolamas, rego do parque empresarial, rego de Portoscarros,...) e erros (ao oeste do núcleo de Corteporcós, entre o río das Xuntas e un regato que ao leste, ao norte de A Escarabella e Tralacorda,...).



O PXOM xerarquiza a rede fluvial en dous tipos de canles con bandas de protección de 50 e 25 m. a cada lado, o que implica unha excepción xeneralizada da regra establecida no art. 32.2.d) LOUG (protección da zona de policía de 100 metros) o que esixiría de xustificación con estudos de asolagamento (determinación 4.8.15 en relación coa 3.1.14 das DOT).

- Os terreos rústicos incluídos nas zonas de protección do contorno do Camiño de Santiago (Camiño Norte e Camiño Primitivo) débense categorizar como de protección do patrimonio.
- Existen áreas de bosque autóctono (soutos e carballeiras) de grande valor ecolóxico e ambiental, a cuxa protección se refire o Documento de Referencia e que cómpre ter en conta.
- Cómpre clasificar como solo rústico de protección agropecuaria as zonas de concentración parcelaria de Burgo de Negral, Marcela e Silvela, con acordo de firmeza posterior ao 01.01.1993 –art. 32.2.a) LOUG (Deberanse corrixir as delimitacións grafadas no plano informativo nº I.09 do PXOM, as cales non se corresponden coas facilitadas por esta Consellería).
- Sen prexuízo doutras clasificacións que puideran concorrer, cómpre clasificar como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos afectados por aeroxeneradores, subestacións eléctricas, centro de radiocomunicacións en Pena Redonda, Instalacións militares do Campelo,... e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación.
- Cómpre revisar a delimitación do solo rústico afectado polas liñas eléctricas de alta tensión e xustificar os distintos anchos da franxa de protección.

2.4. DETERMINACIÓNS NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO.

2.4.1. SOLO URBANO CONSOLIDADO.

- Cómpre establecer a cualificación na parte posterior da parcela catastral 8450403NH9685S lindeira co río Narla, indeterminada no plano O.3.5.

- Cómpre revisar o tratamento da fachada traseira ao río Narla.

- Cómpre resolver as actuais deficiencias da rede viaria urbana con tramos sen continuidade.

Débense definir as rasantes nos tramos viarios urbanos de nova apertura ou configuración, así como fixar o anchos en todos os tramos.

- Enténdese que non reúne as condicións para considerarse como urbano consolidado o ámbito clasificado actualmente como solo urbanizable, no interior da mazá delimitada polas rúas do Carballal, Avda da Coruña, Avda de Santiago e paralela á Avda da Coruña.

Ordenanza O-1

- débense prohibir voos –cando menos os pechados- en rúas de ancho menor a 8 metros.

- carece de sentido no art. 229.6.b) o establecemento de parámetros relativos á modalidade de "Posición recuada" (definida no art. 127 NU), ao non se propor en ningunha zona da ordenanza volumes edificatorios recuados frontalmente respecto das aliñacións propostas.

Ordenanza O-2

- cómpre eliminar as referencias do art. 230.6, letras b e c, NU aos "Volumes grafitados nos planos de ordenación", inapreciables nestes.

- débese aclarar o ámbito de aplicación das opcións "posición aillada" e "posición agrupada".

Ordenanza O-3

- cómpre concretar os ámbitos territoriais de aplicación de cada unha das modalidades de ordenanza. Nas zonas de edificación aliñada deberanse determinar os fondos máximos de edificación; a aplicación do coeficiente de edificabilidade -2,00 m²/m²- limitarase ás zonas de edificación recuada, para as que se deberá determinar complementariamente o grao máximo de ocupación de parcela (indeterminado incompreensiblemente no art. 231.6.c NU).



Ordenanzas O-4 e O-5

- a regulación da ocupación das parcelas (arts. 232.6.c) e 233.6.c) NU) baseada no fondo máximo edificable, é incoherente coa ordenación proposta que non fixa dito parámetro. Tamén resulta incongruente a regulación dual da superficie edificable -"Coeficiente de edificabilidade" e "Edificabilidade máxima"- (arts. 232.6.c) e 233.6.c) NU).

2.4.2. SOLO URBANIZABLE.

Reitérase que semella fallar demanda residencial e industrial que xustifique a clasificación de novos sectores de solo urbanizable.

Porén, no seu caso, e de xustificarse, procedería:

- Eliminar as determinacións propias da ordenación detallada nos sectores en que o PXOM non a estableza.
- Xustificar o cálculo do aproveitamento tipo das áreas de reparto que se delimiten.
- De acordo co art. 57.1.d) LOUG, o PXOM deberá incorporar un estudo xustificativo das distintas redes xerais –viaria e de servizos- das que se pretenden servir os sectores, establecendo as características, dimensións e capacidade mínima das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento e determinar con precisión os terreos necesarios para as conexións cos sistemas xerais exteriores, incluídos ou adscritos aos desenvolvementos respectivos.
- Concretar os prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos.
- Para o SURB-R1 con ordenación detallada no PXOM, cómpre xustificar o carácter preferente da súa transformación, garantindo a súa execución mediante a súa programación e, no caso de actuacións de iniciativa privada, mediante a formalización dun concerto entre o Concello e os particulares propietarios (arts. 57.2 LOUG, art. 234.e e art. 235 LOUG). Harmonizaranse os distintos valores de aproveitamento lucrativo atribuídos (50.462 m2 edif. no aptdo. 13.2.3 MDX; 63.077 m2 edif. no aptdo. 8.4.1 MDX, art. 245.2 e Anexo VI NU, e aptdos. 4.1 e 4.2.2 EE) e corríxirase a previsión de ordenación mediante un proxecto sectorial (aptdo. 5.2.1.3 MDX).

2.4.3. NÚCLEOS RURAIS.

- Non resultan xustificadas as referencias a tipoloxías de edificación en rueiro pechado e aliñadas no solo de núcleo rural común (art. 255.1.e) NU, sendo característica destas zonas o sistema de ordenación recuado illado definido no art. 131 NU.

-Na ordenanza reguladora do núcleo rural común (art. 255 NU) cómpre regular a configuración formal das cubertas, prohibindo expresamente as cubertas amansardadas. De ser o caso, regularase a forma das bufordas, que só serán admisibles nos ámbitos en que predominen.

Na ordenanza reguladora do solo de núcleo rural histórico tradicional (art. 254 NU) cómpre establecer unha pendente mínima de cuberta.

- Cómpre definir o viario público existente en todos os núcleos rurais, xa que non se identifica en: 0103T1, 0104T1, 0106T1, 0207T1, 0303C1, 0402T1, 0405C1, 0406T1, 0415C1, 0614T1, 0616C5, 0701T1, 0704T2, 0706T1, 0804T1, 1004T2, 1103T1, 1502T1, 1504T1, 1509T1, 1611T1, 1704C1, 1804T1/C1, 1804C2, 1901T2, 1904T2, 2305T1, 2306T1 e 3008T1, así como definir os novos tramos necesarios para a axeitada accesibilidade ás parcelas edificables, nomeadamente nas marxes das estradas que non contén con accesos alternativos.

2.4.4. SOLO RÚSTICO.

- Os réximes do solo rústico de protección forestal e de infraestruturas axustaranse ao legalmente establecido no art. 37 da LOUG.

- Non é conforme co art. 39.2 LOUG a consideración como uso autorizable no solo rústico de protección de espazos naturais das "Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e disfrute do patrimonio cultural" e as "Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e disfrute do dominio público" ás que fai referencia o art. 264 NU.



2.5. NORMATIVA.

- Cómpre completar a regulación xeral das alturas das edificacións, de xeito que, no solo urbano, o número máximo de plantas sobre o terreo (fachadas que non dean fronte a viais) só poida exceder en unha ao número máximo fixado para as fachadas con fronte a vial), – incluíndo as chamadas “plantas baixo rasante” (art. 106 da normativa)-, obrigando ao escalonamento transversal da edificación –na dirección perpendicular á vía- (arts. 229.6.d, 230.6.d, 231.6.d, 232.6.d) e 233.6.d NU).
- Cómpre harmonizar as “alturas sobre o terreo” (9 e 10 metros) establecidas no art. 230.6.d NU, e aclarar as alturas mínimas de pisos en 3 metros (arts. 229.6.d, 230.6.d), 231.6.d) NU).
- Cómpre corrixir o art. 33.4.b) NU, tendo en conta que non todas as parcelacións en solo urbano e de núcleo rural requiren dun proxecto de equidistribución; e o art. 121 NU, considerando o cómputo das edificacións auxiliares na edificabilidade e ocupación.

2.6. DOCUMENTACIÓN.

- Cómpre completar e corrixir a información parcial de zonas inundables recollida no plano I.18.
- No catálogo do plan débense incluír os espazos e elementos de valor natural (art. 53 LOUG).
- O plano informativo e foto aérea do núcleo rural de Suouteiro (nº 274) atópase repetido (“folla 32-15” e “folla 32-16”).

2.7. OUTRAS OBSERVACIÓNS.

- Cómpre xustificar a alteración da ordenación vixente do plan parcial do parque empresarial e no seu caso analizar a súa incidencia nos estándares.
- Nos planos O2 e O3 detéctanse terreos sen clasificación urbanística: ao norte do ámbito 3107C1, e ao suroeste do 3114C2.
- Nos planos informativos do núcleo de Agruña (“Folla 07-01”, “1 de 2” e “2 de 2”) conteñen unha representación non axustada á realidade.
- Falla a representación das edificacións existentes nos planos de ordenación O2-05 -folla 06-, O2-06 -folla 05-, e 03.39 (neste último ao leste do núcleo de Maceda).
- Omítese a clasificación SRPI en parte das franxas lindeiras co Camiño Norte ao oeste de As Laxes, así como nas marxes da estrada CP-2106 ao norte do núcleo de O Vilar, e das estradas CP-2105 e CP-2108 ao norte dos núcleos de A Castronela e O Outeiro. Pola contra, ao noroeste do núcleo de Malpica e ao sur do de Os Carrelos quedan aparentemente clasificados como SRPI terreos que non estarían afectados pola ningunha infraestrutura.
- Nos planos O.3.1 e O.3.5 utilízase unha trama laranxa (omitida na lenda) nas parcelas catastrais 8352801NH9685S e 8352804NH9685S, inmediatas ao Campo da Feira.
- Na documentación gráfica do PXOM constátanse erros na representación do tipo nuclear – histórico tradicional ou común ao que corresponden: 0616C6 (plano O2-06-folla 08), 1404T1 (planos O2-14-folla 02- e O.3.34); núcleo de A Luz -3234T1 en plano O2-32-folla11- (planos O.3.38 e O.3.39).
- No plano O2-06-folla11- non se representa a trama do núcleo rural común na parte central do núcleo de S. Martiño de Condes. O núcleo de Xui carece de trama nos planos O.1.44 e O.1.45.
- De acordo co art. 189.1 da lei estatal 33/2003, a tramitación do instrumentos de planeamento urbanístico que afecte a bens de titularidade pública deberase notificar ás Administracións titulares dos mesmos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO
E INFRAESTRUTURAS
Servizo de Urbanismo

Avda. Ramón Ferreiro, 28-1º
27002 - LUGO
Teléfono 982 294399
Fax 982 294422

O presente informe emítase ao abeiro do previsto no artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2013.

SECRETARÍA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO



M^a Encarnación Rivas Díaz

INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRIOL (LUGO).

2. ASPECTOS XERAIS.

A evolución demográfica recente do Concello de Friol é lixeiramente decrecente, cun mínimo crecemento do parque de vivendas, que non xustifican os crecementos residenciais propostos. Nos cálculos da capacidade residencial, compre xustificar os coeficiente correctores e ter en conta toda a edificabilidade residencial proposta, incluíndo a derivada do núcleo tradicional.

- Xustifícanse os crecementos residenciais, eliminando unha das bolsas de solo urbanizable de tipo residencial, revisando a edificabilidade proposta en solo urbano e incluso redelimitando os núcleo rurais. A capacidade residencial será polo tanto inferior.

O PXOM contempla horizontes temporais contraditorios: 10/20 anos na estratexia de actuación, 28 anos no aptdo. 13.1.2 MDX, 35 anos no aptdo. 2.13.6 MI e 2 da MDX.

Para os sistemas xerais previstos, o PXOM debe determinar os criterios de deseño e sistemas de obtención, así como programar a súa creación e avaliar o seu custo (arts. 53.1.e), 52.1, 60.2 e 60.3 LOUG, e25RPU).

- Incorporase na estratexia de actuación e programa do PXOM .

Nos listados de dotacións do PXOM compre diferenzar a titularidade das dotacións (art. 53.1.i LOUG). Inclúranse todas as dotacións existentes: colexios en Friol (sistema xeral), igrexa de Friol (sistema xeral), lavadoiro/fonte próxima á igrexa anterior (dotación local), zona de equipamento do parque empresarial (dotación local)... excluindo os de titularidade privada dos que non se acredita a súa adquisición polo Concello ("ZV-11" e "DOT-2").

- Incorporase ós listados a titularidade das dotacións, indicando o tipo (xeral ou local) e clarexando as circunstancias dos equipamentos previstos ZV-11 e DOT-2 (Previsto).

Obsérvanse erros nos datos de superficie das dotacións ("ZV-11", cuxa superficie computable -parte non afectada pola liña de edificación da estrada CP-2106- é duns 118.600 m²)

- A superficie destinada a EL pode atoparse no ámbito de solo rústico de especial protección de infraestruturas, de feito dito ámbito ven incorporado como resultado dunha Modificación Puntual, informado favorablemente pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, titular da estrada CP-2106 e pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Non se cuantifican de acordó coa súa superficie actual (campo de fútbol de Friol; cumpriría cualificar como sistema xeral toda a superficie afectada por estas instalacións deportivas) ou coa superficie delimitada no plano de ordenación (a superficie da "DOT-1" cuantifícase no aptdo. 12.2 da MDX en "9.942 m²" en tanto que a delimitada sobre o plano O.3.! é duns 6.740 m²).

- Corrixese, sendo a mensura correcta de 7220 m², correspondente ó propio Campo e as instalacións vecelladas a ela (vestiarios, etc...).

Considéranse como sistemas xerais dotacións existentes de carácter local (espazos libres de dominio e uso público "ZV-13" e "ZV-14" -concibidas para o servizo do parque empresarial).

- Corrixese.

Inclúense indebidamente como parte do sistema de equipamento comunitario zonas correspondentes a outros sistemas, como as destinadas a centros ou elementos do sistema de servizos urbanos (códos. 1101, 1111, 1112, 1117, 1129, 1131, 1133, 1142, 1143, 1144, 1171 e 1180 no aptdo. 12.2 MDX) -arts. 47, 53.1 .e), 54, 56.2.b) LOUG.

- Corrixese.

Cómpre emendar as contradicións na caracterización -xeral ou local da "ZV-15" e "DOT-I" (aptdos. 5.3, 5.4, 12.1, 12.2, 12.3 e 12.4 MDX, anexos II e III NU; aptdo. 4 EA e aptdos. 2.2 e 3.2 EE).

Deberase xustificar o cumprimento dos ratios legalmente esixidos en función da capacidade residencial derivada do PXOM. (art. 47.1, a) e b), LOUG.

- Corrixese .

Débese aclarar o carácter do vial previsto entre as estradas CP-2101 e CP2106 ao sur do campo de fútbol, que semella parte da estrutura xeral e orgánica do territorio, incluíndo as determinacións preceptivas (forma de obtención, criterios de deseño, programación, custo).

- Trátase dun vial existente, oplo que actualizae a cartografía .

No art. 206.2 NU menciónanse as estradas municipais como parte do sistema xeral de estradas, mais no anexo I non se indica ningunha estrada municipal.

- Corrixese.

2.3. CLASIFICACIÓN DO SOLO.

2.3.2. SOLO URBANO.

Aos efectos de xustificar a clasificación do solo urbano, deberanse completar os planos de servizos urbanísticos, definindo a totalidade das redes e as súas características (non aparecen as características do abastecemento na estrada LU-232 ao leste da LU-231, no tramo G da estrada CP-1611, na rúa Doutor López Suárez e na rúa que enlaza a Avda. de Santiago e a CP-1611; nin as das redes de sumidoiros dese vial, do parque empresarial nin da CP-5101).

- Quedan incorporadas as redes de servizos urbanísticos, que por erro de grafado ou falla na actualización dos datos gráficos, non foron grafados.

Non se xustifica a clasificación como urbana do río Narla e terreos lindeiros parque fluvial, na súa meirande parte clasificados coma solo non urbanizable de especial protección polas NSP.

- Exclúense ditos terreos do solo urbano, que comprenden o Espazo libre EL 1214 ZV, incorporandoos ó solo rústico de especial protección de espazos naturais.

O parque empresarial non se atopa plenamente urbanizado, polo que se deberá clasificar como solo urbanizable delimitado en proceso de execución.

- Trátase dun parque empresarial xa executado.

2.3.3. SOLO URBANIZABLE.

A clasificación de dous sectores de solo urbanizable residencial non se sustenta en necesidades de crecemento do parque residencial (determinación 3.1.4 das Directrices de Ordenación do Territorio) existindo unhas 400 vivendas baleiras e resultando da ordenación prevista no solo urbano e dos núcleos rurais unha capacidade para máis de 6.500 vivendas (tres veces o parque actual do concello).

- Modifícase, eliminando un dos sectores residenciais, en concreto o denominado SURB-R2, sen ordenación pormenorizada no PXOM. .

No sector SURB-II inciden unha liña de alta tensión (art. 32.2.C LOUG, obriga de soterramento e/ou desvío da mesma) e bens patrimoniais (mámoas) que esixirán do pronunciamento da Consellería de Cultura en relación coa compatibilidade da clasificación proposta.

- Incorporase na correspondente ficha do solo urbanizable.

2.3.4. SOLO DE NÚCLEO RURAL,

a) Identificación dos núcleos.

1. Compre revisar a clasificación dos ámbitos delimitados polo PXOM cuxas parcelas presentan características -uso edificatorio, tamaño, etc.- propias do solo rústico (1304C1, 1306C1, 1705C1, 2604C1, 3236C1,...),

- O uso e tipoloxías das edificacións existentes o constitúe un caso especial de núcleo tradicional en Friol, tal e como se expón no MAP, polo que non se xustifica a súa modificación.

2. Ámbitos illados cunha soa vivenda (0505T1, 0619C1, 1201C2, 1304C1, 1305C1, 1401C1, 1607T2, 1716C2, 1716C3, 2009T3, 3009T2, 3101C2, 3213C2, 3214C1, 3233C1, 3236C1...). Tampouco se xustifica a inclusión no ámbito 0404C1 da explotación existente no seu extremo sur.

- Non se xustifica a exclusión dos seguintes ámbitos, por existir máis dunha vivenda que por erro no foi grafado, ou atoparse en construción:

- o 3101C2 (Bedús)

- Sobre os ámbitos illados cunha soa vivenda, xustifícase a súa delimitación dada a preexistencia de núcleo rural segundo o planeamento vixente, de acordo co art.13:

- o 1201C2, (Lamas)

- o 1401C1 (Córneas)

- o 3009T2 (Vilafiz)

e non sendo de aplicación nos ámbitos que de seguido se relacionan, polo que eliminaranse da

delimitación de solo de núcleo rural, incorporándose a solo rústico.:

- o 0619C1 (Racamonde)
- o 1607T2 (Montecelos)
- o 1716C2 e 1716C3 (Samede)
- o 2009T3 (Prado de Arriba)
- o 3213C2 (A Eirexe)
- o 3214C1 (O Enxeito)
- o 3236C1 (O Vilar)

En particular xustificanse o mantemento en solo de núcleo rural os seguintes casos, incluídos nesta casuística, cas seguintes peculiaridades:

- o Ámbito 0505T1: por erro non se grafía ningunha das edificacións que conforman o núcleo, polo que non se corresponde a casuística plantexada ó ámbito.
- o Ámbito 1304C1 e 1305C1, Casas dos Galiñeiros e A Gándara, por presentar unha morfoloxía claramente definida no anterior paragrafo.
- A explotación a que faise referencia correspóndese cun almacén de uso comercial, polo que xustifícase a súa inclusión en núcleo rural (0404C1), mantendo polo tanto a delimitación inicial.

3. Outras cuestións:

- Compre xustificar a exclusión dos terreos edificadas ao nordés do ámbito 2803T1.
- A exclusión xustifícase pola tipoloxía de alpendre de tipo tradicional.
- A parte sur do ámbito 1811C2 débese vincular ao núcleo de A Mámoa e non ao de Quinta.
- Modifícase
- Completárase o MAP, incluíndo información sobre os 2 ámbitos de núcleo rural común delimitados ao sur da vila de Friol (Casas da Noite -0901C2- e Castelos -inidentificado no aptdo. 9.3 MDX-), así como dos identificados coas claves 0207C1, 0624C2, 0803C1 e 2009T3.
- Corríxese

b) Delimitacións.

Evítáronse as delimitacións forzadas para englobar construcións alleas ao núcleo; así como delimitacións ao longo das estradas ou que provoquen unións non desexables entre núcleos: Núcleos 0203C1, 0303C2, 0404C1, 0505C1, 0616C5, 0701C2, 0704C2, 0705C1, 0805C1, 0803C1, 0808C3, 0807C1, 1308C1, 1301C1, 1402C1, 1504C1, 1614C2, 1801C1, 1804C1, 1811C2, 2002C1, 2301 CI, 2309C1, 2402C1, 2504C1, 2506C1, 2602C1, 2604C1, 2803C1, 3101 CI, 3103C1, 3105C1, 3107C1, 3109C1 e 3108C1.

- .Manteranse as delimitacións nos núcleos:, 0303C2, 0404C1, 0505C1, 0616C5, 0701C2, 0704C2, 0705C1, 0805C1,, 0807C1, 1308C1, 1301C1, 1402C1, 1504C1, , 1614C2, 1801C1, , 1811C2, 2002C1, 2301 CI, 2309C1, 2402C1, , 2506C1, , 2604C1, 2803C1, 3101 CI, 3103C1, 3105C1, 3107C1, 3109C1, 3108C1 e3221CI, por

Memoria xustificativa

Aprobación inicial - Marzo 2013

existir licenzas e novas edificacións existentes que por erro non foron grafadas, ou ben constituir zonas estratéxicas que deben ser incorporadas ó solo de núcleo rural. Os ámbitos 0203C1 e 0808C3 non existen.

- Modifícanse as seguintes delimitacións, eliminando unións forzadas e circunstancias de diverso tipo, segundo o referido no informe: 0803C1 (Casas de Covas), 1610C1, A Portela, 1804C1 (As Lamelas), 2504C1 (Recarei), 2602C1 (Mundín), 3221C1 (Torre da Luz).

c) Consolidación.

Compre representar o parcelario dos núcleos rurais, aos efectos de xustificar a súa delimitación e permitir comprobar o requisito legal de consolidación edificatoria mínima.

- Revisarase

Deberanse revisar as delimitacións dos ámbitos nucleares que non alcanzan o grao mínimo de consolidación edificatoria esixido pola LOUG (art. 13.3).

- Revisarase

A tal efecto, corríxanse previamente as deficiencias apreciadas nos valores superficiais do aptdo. 9.3 MDX así como no número de parcelas edificadas (o PXOM considera un nº de parcelas edificadas maior que o computable -aptdo.2º da Instr. 4/2011 da CMATI).

- Revisarase

d) Distancia no núcleo histórico-tradicional.

Os núcleos 0806T1, 1307T1, 1308T1, 1402T1, 1403T1, 1610T1, 1610T2, 1614T1, 1703T1, 1718T1, 1813T3, 1908T1, 2006T2, 2205T2, 2306T1, 2310T1, 2401 TI, 2403T1, 3005T1 e 3201 TI, exceden a distancia máxima legalmente establecida de 50 metros.

- Modifícase os ámbitos correspondentes: 0806T1, 1307T1, 1308T1, 1402T1, 1403T1, 1610T1, 1610T2, 1614T1, 1703T1, 1718T1, 1908T1, 2006T2, 2205T2, 2306T1, 2310T1, 2401 TI, 2403T1, 3005T1 por exceder a distancia máxima legalmente establecida de 50 metros. Non se modifican os ámbitos 1813T3, por non existir 320 TI (por non exceder).

e) Previsións de crecemento.

Os ámbitos de núcleo rural común débense delimitar en base a previsións de crecemento debidamente xustificadas (art. 13.3.b) LOUG). Carece de fundamento a inclusión de parcelas vacantes de edificación, nas periferias dos núcleos: 0105C1, 0405C1, 0404C1, 0603C1, 0505C1, 0616C5, 0621C1, 0624C1, 0701C1, 0801C1, 0805C1, 0808C2, 0806C1, 1002C1, 1103C1, 1104C1, 1201C2, 1201C3, 1614C1, 1709C1, 1713C3, 1813C1, 1907C1, 2103C1, 3112C1, 3114C2.

- Parroquia de Anafreita: 0105C1, Elimínase a zona vacante.
- Parroquia de Carballo:.

0405C1, Elimínase a zona vacante.

0404C1: Quedaba xa xustificada a súa inclusión, pola tipoloxía, non correspondéndose cunha previsión de crecemento.

- Parroquia de Carlín: 0505C1, Non se modifica, por existir un erro de grafado, onde se quedaron sen representar as edificacións, polo que non están vacantes.
- Parroquia de Condes:
0603C1, Arriba, Elimínase a zona vacante.
0616C5 As Pardellas, non procedepor constituir un dos principais núcleos de poboación.
0621C1 San Martiño, Elimínase a zona vacante.
0624C1 Ximondriz, Elimínase a zona vacante.
- Parroquia de Cotá: 0701C1, Agruñá, Elimínase a zona vacante.
- Parroquia de Devesa:
0801C1, A Vixía, manterase o ámbito, que recolle e compacta as edificacións existentes.
0805C1, Sisto,
0806C1, Pedrouzos, non se modifica, por existir un erro de grafado, onde se quedaron sen representar as edificacións, polo que non están vacantes.
0808C2, este ambito non existe, se fai referencia a O Sisto, 0806C2manterase a delimitación, posto que compacta a realidade existentes.
- Parroquia de Guimarei: 1002C1, Campo da feira, eliminase a zona vacante.
- Parroquia de Guldriz:
1103C1, Guldriz de abaixo, manterase o ámbito, que recolle e compacta as edificacións existentes.
1104C1, Guldriz de arriba, eliminase a zona vacante.
- Parroquia de Lamas:
1201C2, Lamas, eliminase a zona vacante.
1201C3, Lamas, eliminase a zona vacante.
- Parroquia de Narla: 1614C1, O Vilar, eliminase a zona vacante.
- Parroquia de Nodar:
1709C1 As Fontes, eliminase a zona vacante.
1713C3, Nodar, eliminase a zona de alpendres.
- Parroquia de Ousá: 1813C1, O Vilar, eliminase a zona vacante de edificación.
- Parroquia de Pacios: 1907C1, Vilacarpide, eliminase a zona vacante.
- Parroquia de Ramelle: 2103C1, As Pedreiras, eliminase a zona vacante.
- Parroquia de Vilalvite:
3112C1, A Retorta, eliminase a zona vacante.
3114C2. Sobrado, xustificarse a necesidade da delimitación no núcleo de Sobrado, dada a demanda que existe na zona Este do Concello, e especialmente nesta parroquia.

Non se xustifica a inclusión nos ámbitos nucleares de terreos ineditados próximos aos leitos de certa entidade, como é o caso dos núcleos (0704T2 e 2006T2).

- Modifícase

f) Categorización dos núcleos.

Dacordo coas características das edificacións existentes, non semella xustificable a consideración como solo de núcleo rural común dos ámbitos 0303C2, 1704C1 e 3114C1, así como na meirande parte dos terreos do 0405C1 e a parte este do ámbito 1103C1, os cales parece aue se deberán incluír en ámbitos de núcleo rural histórico tradicional.

- 0303C2, O Campos, parroquia de Bra, Constituído por un ámbito composto por dúas vivendas de tipo recenté e unha tradicional, manterase no solo de núcleo rural de tipo común, revisándose a enquisa do modelo de asentamento poboacional..

- 1704C1, A Cabana, parroquia de Nodar, correspóndese cun caso particular de transformación de núcleo rural, onde a fonda actividade agrícola e gandeira modifica a estrutura viaria e parcelaria do núcleo, ó igual que as propiedades, actualizando as vivendas de tipo tradicional, modificandoas e polo tanto desaparecendo a súa tipoloxía orixinal, conformándose un núcleo formado por vivendas con pequenas naves gandeiras e alpendres de tipo auxiliar.

Polo grado de ocupación e consolidación, ó igual que a tipoloxía recenté das vivendas, non poden acadar os requisitos de núcleo rural histórico tradicional , excedendo da distancia de 50 metros, polo que reconsiderase a súa incorporación ó solo de núcleo rural de tipo común.

O caso do ámbito 3114C1, é propio dunha zona de alta demanda, a maior parte de tipoloxía tradicional do núcleo non xustifica por sí soa a clasificación deste como tradicional, xa que a conformación do núcleo, a cada vez maior presenza de novas edificacións destinadas a vivenda, fan necesario a súa incorporación o tipo común.

- 0405C1, A Cortella, parroquia de Carballo, reconsiderase a súa diferenciación en dous ámbitos, un do tipo tradicional e outro común.

- 1103C1, Guldriz de abaixo, parroquia de Guldriz, incorpora as vivendas de tipo tradicional ó ámbito histórico, mantendo as edificacións de tipo recente no tipo común.

2.3.5. SOLO RÚSTICO.

- Sen prexuízo doutras posibles clasificacións concorrentes, a ZEPVN da Serra do Carean incluída débese clasificar como solo rústico de protección de espazos naturais.

- Modifícase

- Dacordo co aptdo. 10.4.7 da MDX, os terreos rústicos integrados nos "Corredores fluviais" ("Corredores ecolóxicos" no plano nº O.I) e no "Ámbito de Protección específica do Medio Fluvial") forman parte do solo

rústico de protección de espazos naturais, debéndose gratar como tales no plano O.I., uniformizando o actual criterio de representación.

- Modifícase o criterio de representación, de modo que a superposición das afeccións sectoriais permita distinguir que ditos terreos pertencen á clase de solo rústico de especial protección dos espazos naturais.

Parte da rede fluvial (leitos e correspondentes marxes) queda excluída da categoría de solo rústico de protección de augas, o que é contrario ao art. 32.2.d) e 32.3 da LOUG. Se aprecian discontinuidades na identificación de distintos tramos da rede fluvial (regó de Portolamas, regó do parque empresarial, regó de Portoscarros,...) e erros (ao oeste do núcleo de Corteporcós, entre o río das Xuntas e un regato que ao leste, ao norte de A Escarabella e Tralacorda,...).

- Modifícase a clasificación do solo rústico de especial protección de augas, co obxecto de evitar discontinuidades. Non obstante detectanse as seguintes circunstancias que non foron obxecto de corrección:

o O rego do Parque empresarial, entendendo como o curso fluvial que recorre de Sur a norte o solo urbano xa se atopa incorporado ó solo rústico de protección de augas no ámbito do rústico.

o O río Xuntas non existe no Concello de Friol, polo que non puido ser corrixido.

- Ademais, ó revisar os cursos fluviais, detectanse os seguintes erros que seguen a mesma casuística mencionada:

o Rego da Pontiga.

o Río do Porto.

o Ámbito ó noreste do núcleo de Nodar.

O PXOM xerarquiza a rede fluvial en dous tipos de canles con bandas de protección de 50 e 25 m. a cada lado, o que implica unha excepción xeneralizada da regra establecida no art. 32.2.d) LOUG (protección da zona de policía de 100 metros) o que esixiría de xustificación con estudos de asolagamento (determinación 4.8.15 en relación coa 3.1.14 das DOT).

o Xustifícase no Estudo do Medio rural

- Os terreos rústicos incluídos nas zonas de protección do contorno do Camino de Santiago (Camiño Norte e Camiño Primitivo) débense categorizar como de protección do patrimonio.

o Aplicarase a superposición da zona de protección do contorno e o territorio histórico ó solo rústico especialmente protexido, entre outras clases de solo, todo elo sen menoscabo do que a Consellería competente en materia de patrimonio Cultural defina ó respecto.

- Existen áreas de bosque autóctono (soutos e carballeiras) de grande valor ecolóxico e ambiental, a cuxa protección se retire o Documento de Referencia e que compre ter en conta.

o Estas áreas atópanse incorporadas ós existentes espazos naturais, como solo rústico de especial protección dos espazos naturais ou ben como fincas singulares (ordenanza de protección do patrimonio cultural), todo elo sen menoscabo do que a Consellería competente en protección do patrimonio natural e

medio ambiente natural defina. Polo tanto a clasificación é coherente cos contidos do criterio descrito no Documento de referencia ' Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais'.

- Compre clasificar como solo rústico de protección agropecuaria as zonas de concentración parcelaria de Burgo de Negral, Marcela e Silvela, con acordó de firmeza posterior ao 01.01.1993 -art. 32.2.a) LOUG (Deberanse corrixir as delimitacións gratadas no plano informativo nº 1.09 do PXOM, as cales non se corresponden coas facilitadas por esta Consellería).

- o Incorporáranse ó solo rústico de especial protección agropecuaria.

- Sen prexuízo doutras clasificacións que puideran concorrer, compre clasificar como solo rústico de protección de infraestruturas os terreos afectados por aeroxeneradores, subestacións eléctricas, centro de radiocomunicacións en Pena Redonda, Instalacións militares do Compelo,... e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación.

- o Modifícase, incorporando as delimitacións dos proxectos sectoriais relativos ós parque eólicos (Peña Armada, Cova da Serpe e a súa Ampliación), dos que se remite ó respectivo Proxecto a aplicación da afección urbanístico-territorial. Para o caso dos centros de radio e telecomunicacións, a respectiva protección queda incorporada á Normativa Urbanística. No caso da Instalación militar do Campelo, clasificada como unha Instalación de comunicación de tipo militar, hoxe en día sen uso, incorpórase o ámbito de protección definido para a zona próxima.

- Compre revisar a delimitación do solo rústico afectado polas liñas eléctricas de alta tensión e xustificar os distintos anchos da franxa de protección.

- o Revisarase, non obstante xerarquizase a rede de transporte de enerxía, aplicándose dúas franxas de protección, segundo o referido na Memoria de Ordenación

2.4. DETERMINACIÓNS NAS DISTINTAS CLASES DE SOLO.

2.4.1. SOLO URBANO CONSOLIDADO.

- Compre establecer a cualificación na parte posterior da parcela catastral 8450403NH9685S lindeira co río Narla, indeterminada no plano O.3.5.

- o Rectifícase o erro, incorporandoo á Ordenanza O1C

- Compre revisar o tratamento da fachada traseira ao río Narla.

- Incorporase requisitos específicos.

- Compre resolver as actuais deficiencias da rede viaria urbana con tramos sen continuidade.

- o Os tramos ós que se fai referencia se corresponden a pequenas vías de acceso á parcelas, de curto recorrido, que pola propia configuración non poden ser incorporados ó solo urbano non consolidado para dar continuidade ós viais iniciados, pola propia infecacia da súa xestión.

- Débense definir as rasantes nos tramos viarios urbanos de nova apertura ou configuración, así como fixar o anchos en todos os tramos.

- o Incorporase

- Enténdese que non reúne as condicións para considerarse como urbano consolidado o ámbito clasificado actualmente como solo urbanizable, no interior da maza delimitada polas rúas do Carballal, Avda da Coruña, Avda de Santiago e paralela á Avda da Coruña.

o Proporase unha solución alternativa, limitando as condicións edificatorias, dada a dificultade que suporía na súa xestión outra alternativa.

Ordenanza O-1. Pechada

- débense prohibir voos -cando menos os pechados- en rúas de ancho menor a 8 metros.

o Corrixese

- carece de sentido no art. 229.6.b) o establecemento de parámetros relativos á modalidade de "Posición recuada" (definida no art. 127 NU), ao non se propor en ningunha zona da ordenanza volumes edificatorios recuados frontalmente respecto das aliñacións propostas.

o Corrixese

Ordenanza O-2. Unifamiliar.

- compre eliminar as referencias do art. 230.6, letras b e c, NU aos "Volumes grafitados nos planos de ordenación", inapreciables nestes.

- débese aclarar o ámbito de aplicación das opcións "posición aillada" e "posición agrupada".

o Corrixese

Ordenanza O-3. Conservativa.

- compre concretar os ámbitos territoriais de aplicación de cada unha das modalidades de ordenanza. Nas zonas de edificación aliñada deberanse determinar os fondos máximos de edificación; a aplicación do coeficiente de edificabilidade -2,00 m²/m²- limitarase ás zonas de edificación recuada, para as que se deberá determinar complementariamente o grao máximo de ocupación de parcela (indeterminado incomprensiblemente no art. 231.6.c NU).

o Corrixese.

Ordenanzas O-4 e O-5

- a regulación da ocupación das parcelas (arts. 232.6.c) e 233.6.c) NU) baseada no fondo máximo edificable, é incoherente coa ordenación proposta que non fixa dito parámetro. Tamén resulta incongruente a regulación dual da superficie edificable -"Coeficiente de edificabilidade" e "Edificabilidade máxima"- (arts. 232.6.C) e 233.6.c) NU).

o Corrixese

2.4.2. SOLO URBANIZABLE.

Reitérase que semella fallar demanda residencial e industrial que xustifique a clasificación de novos sectores de solo urbanizable.

• Xustificárase os industriais. Limitárase os crecementos residenciais.

Porén, no seu caso, e de xustificarse, procedería:

- Eliminar as determinacións propias da ordenación detallada nos sectores en que o PXOM non a estableceza.

- o Corrixese

- Xustificar o cálculo do aproveitamento tipo das áreas de reparto que se delimiten.

- o Xustifícase

- De acordo co art. 57.1.d) LOUG, o PXOM deberá incorporar un estudo xustificativo das distintas redes xerais -varia e de servizos- das que se pretenden servir os sectores, establecendo as características, dimensións e capacidade mínima das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento e determinar con precisión os terreos necesarios para as conexións e os sistemas xerais exteriores, incluídos ou adscritos aos desenvolvementos respectivos.

- o Corrixese

- Concretar os prazos para o cumprimento dos deberes urbanísticos.

- o • Corríxese

- Para o SURB-R1 con ordenación detallada no PXOM, compre xustificar o carácter preferente da súa transformación, garantindo a súa execución mediante a súa programación e, no caso de actuacións de iniciativa privada, mediante a formalización dun concerto entre o Concello e os particulares propietarios (arts. 57.2 LOUG, art. 234.e e art. 235 LOUG).

- Concretarase.

- Harmonizáronse os distintos valores de aproveitamento lucrativo atribuídos (50.462 m² edific. no aptdo. 13.2.3 MDX; 63.077 m² edific. no aptdo. 8.4.1 MDX, art. 245.2 e Anexo VI NU, e aptdos. 4.1 e 4.2.2 EE) e corríxese a previsión de ordenación mediante un proxecto sectorial (aptdo. 5.2.1.3 MDX).

- Corríxese

2.4.3. NÚCLEOS RURAIS.

- Non resultan xustificadas as referencias a tipoloxías de edificación en rúeiro pechado e aliñadas no solo de núcleo rural común (art. 255.l.e) NU, sendo característica destas zonas o sistema de ordenación recuado jillado definido no art. 131 NU.

- Corríxese

-Na ordenanza reguladora do núcleo rural común (art. 255 NU) compre regular a configuración formal das cuberías, prohibindo expresamente as cubertas amansardadas. De ser o caso, regularase a forma das bufardas, que só serán admisibles nos ámbitos en que predominen.

- Corríxese

Na ordenanza reguladora do solo de núcleo rural histórico tradicional (art. 254 NU) compre establecer unha pendente mínima de cuberta.

- Corríxese
- Compre definir o viario público existente en todos os núcleos rurais, xa que non se identifica en: 0103T1, 0104T1, 0106T1, 0207T1, 0303C1, 0402T1, 0405C1, 0406T1, 0415C1, 0614T1, 0616C5, 0701T1, 0704T2, 0706T1, 0804T1, 1004T2, 1103T1, 1502T1, 1504T1, 1509T1, 1611T1, 1704C1, 1804T1/C1, 1804C2, 1901T2, 1904T2, 2305T1, 2306T1 e 3008T1, así como definir os novos tramos necesarios para a axeitada accesibilidade ás parcelas edificables, nomeadamente ñas marxes das estradas que non contén con accesos alternativos.
- Corríxese, incorporandoo os seguintes ámbitos: 0103T1, 0104T1, 0106T1, 0207T1, 0402T1, 0415C1, 0614T1, 0616C5, 0701T1, 0704T2, 0706T1, 1004T2, 1103T1, 1502T1, 1504T1, 1509T1, 1611T1, 1804T1/C1, 1804C2, 1901T2, 1904T2, 2305T1, 2306T1 e 3008T. Pola contra os ámbitos , 0303C1, 0405C1, 0406T1, 0804T1, 1704C1. Asegurase a accesibilidade ás parcelas incluídas no solo de núcleo rural.

2.4.4. SOLO RÚSTICO.

- Os réximes do solo rústico de protección forestal e de infraestruturas axustaranse ao legalmente establecido no art. 37 da LOUG.
- Corríxese, segundo o establecido en anteriores puntos do presente informe.
- Non é conforme co art. 39.2 LOUG a consideración como uso autorizable no solo rústico de protección de espazos naturais das "Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e disfrute do patrimonio cultural" e as "Actividades vinculadas directamente coa conservación, utilización e disfrute do dominio público" ás que fai referencia o art. 264 NU.

- Corríxese

2.5. NORMATIVA.

- Compre completar a regulación xeral das alturas das edificacións, de xeito que, no solo urbano, o número máximo de plantas sobre o terreo (fachadas que non deán fronte a viais) só poida exceder en unha ao número máximo fixado para as fachadas con fronte a vial), -incluíndo as chamadas "plantas baixo rasante" (art. 106 da normativa)-, obrigando ao escalonamento transversal da edificación -na dirección perpendicular á vía- (arts. 229.6.d, 230.6.d, 231.6.d, 232.6.d) e 233.6.d NU).
- Revisarase
- Compre harmonizar as "alturas sobre o terreo" (9 e 10 metros) establecidas no art. 230.6.d NU, e aclarar as alturas mínimas de pisos en 3 metros (arts. 229.6.d, 230.6.d), 231.6.d) NU).
- Corríxese
- Compre corrixir o art. 33.4.b) NU, tendo en conta que non todas as parcelacións en solo urbano e de núcleo rural requiren dun proxecto de equidistribución; e o art. 121 NU, considerando o cómputo das edificacións auxiliares na edificabilidade e ocupación.
- Revisarase

2.6. DOCUMENTACIÓN.

- Compre completar e corrixir a información parcial de zonas inundables recollida no plano 1.18.
 - o Revisarase.
- No catálogo do plan débense incluír os espazos e elementos de valor natural (art. 53 LOUG).
 - o Incorporáranse ó catálogo os seguintes elementos, os que se lles aplica a Ordenanza de 'Finca Singular':
 - CARBALLOS EN ESPAZO PÚBLICO DE O VILAR
 - CAMPO DA FEIRA
 - ESPAZO PÚBLICO CON CARBALLOS
 - PENA RODEADA DE CARBALLOS
 - CAMPO DA FESTA EN SANTA MARTA
 - ANTIGO CAMPO DA FEIRA
- O plano informativo e foto aérea do núcleo rural de Suouteiro (nº 274) atópase repetido ("folla 32-15" e "folla 32-16").
 - o Corríxese

2.7. OUTRAS OBSERVACIÓNS.

- Compre xustificar a alteración da ordenación vixente do plan parcial do parque empresarial e no seu caso analizar a súa incidencia nos estándares.
- Corríxese, remitindo ó Plan Parcial aprobado definitivamente.
- Nos planos 02 e 03 detéctanse ferreos sen clasificación urbanística: ao norte do ámbito 3107C1, e ao suroeste do 3114C2.
 - o Corríxese
- Nos planos informativos do núcleo de Agruña ("Folla 07-01", "1 de 2" e "2 de 2") conteñen unha representación non axustada á realidade.
 - o Corríxese
- Falla a representación das edificacións existentes nos planos de ordenación 02-05 -folla 06-, 02-06 -folla 05-, e 03.39 (neste último ao leste do núcleo de Maceda).
 - Corríxese
- Omítese a clasificación SRPI en parte das franxas lindeiras co Camino Norte ao oeste de As Laxes, así como ñas marxes da estrada CP-2106 ao norte do núcleo de O Vilar, e das estradas CP-2105 e CP-2108 ao norte dos núcleos de A Castronela e O Outeiro. Pola contra, ao noroeste do núcleo de Malpica e ao sur do

de Os Córrelos quedan aparentemente clasificados como SRPI ferreos que non estarían afectados pola ningunha infraestrutura.

- Corríxese
- Nos planos 0.3.1 e 0.3.5 utilízase unha trama laranxa (omitida na lenda) ñas parcelas catastrais 8352801NH9685S e 8352804NH9685S, inmediatas ao Campo da Feira.
- Corríxese o erro de grafismo, que se corresponde cunha protección do Patrimonio.
- Na documentación gráfica do PXOM constátanse erros na representación do tipo nuclear -histórico tradicional ou común ao que corresponden: 0616C6 (plano O2-06-folla 08), 1404T1 (planos 02-14-folla 02- e 0.3.34); núcleo de A Luz -3234T1 en plano 02-32-follal 1- (planos 0.3.38 e 0.3.39).
- Corríxese
- No plano 02-06-follal 1- non se representa a trama do núcleo rural común na parte central do núcleo de S. Martiño de Condes. O núcleo de Xul carece de trama nos planos O.I .44 e O.I .45.
- Corríxese
- De acordó co art. 189.1 da leí estatal 33/2003, a tramitación do instrumentos de planeamento urbanístico que afecte a bens de titularidade pública deberase notificar ás Administracións titulares dos mesmos.